



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE A CORUÑA

Acta da sesión ORDINARIA celebrada pola Excma. CORPORACIÓN
PROVINCIAL o 29 de xullo de 2022

ÍNDICE DOS ASUNTOS TRATADOS

ASUNTOS

Información e actas

1. Aprobación da acta da sesión anterior, número 7/2022, do 23 de xuño. 8
2. Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 18 de xuño de 2022 ata o 21 de xullo de 2022. 8

Comisión de Cultura, Políticas de Igualdade de Xénero e Normalización Lingüística

3. Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación PuntoGal para financiar o proxecto Estudo do impacto PuntoGal e aprobación do correspondente convenio de colaboración 8
4. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega para cofinanciar a Programación do ano 2022 e do correspondente convenio de colaboración. 17
5. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio para a Promoción da Música da Coruña para cofinanciar o programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2022 e do correspondente convenio de colaboración. 26
6. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Auditorio de Galicia para cofinanciar o Programa de Actividades do ano 2022 e do correspondente convenio de colaboración. 35
7. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para cofinanciar a Programación do ano 2022: Ciclo "Martes das artes" e do correspondente convenio de colaboración. 45
8. Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Amigos da Ópera da Coruña para cofinanciar a realización da ópera "A forza do destino", do curso de interpretación vocal de Mariella Devia e do recital de Luis Cansino dentro da Programación Lírica da Coruña 2022 e do correspondente convenio de colaboración..... 53

Comisión de Benestar Social e Educación

9. Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Culleredo para cofinanciar o Mantemento xeral e reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2022 e do correspondente convenio..... 61

Comisión de Promoción Económica e Asistencia a Municipios

10. Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Oleiros para financiar a "Feira de Olería Tradicional-Alfaroleiros 2022" 69

11. Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar "XXXVIII Mostra da Olería de Buño 2022" 77

Comisión de Infraestructuras Viarias, Vías e Obras Provinciais

12. Aprobación técnica do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, sexta fase integrado polo proxecto DP 4701 de Castro á estrada N-634 ensanche e mellora da seguridade viaria pq 0+923 ao 5+478 (Mesía) 85

13. Aprobación do Plan de Sendas Provinciais 2022, primeira fase; integrada polo proxecto DP 3205 Présaras a Carregosa; mellora da seguridade viaria, senda peonil; pq +991 ao pq 1+690 (Vilasantar) 86

14. Aprobación da actualización de prezos da obra DP 3104 variante aeroporto de Alvedro: acondicionamento e mellora da seguridade vial en Liñares (Culleredo); incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2021, quinta fase 87

15. Aprobación do Plan de Inversións en Vías Provinciais 2017, primeira fase; integrado polos proxectos TERMINACION DP 0510 ensanche, mellora do trazado, afirmado e senda: tramo Confurco pq 0+000 a Orro pq 2+940 (CULLEREDO) e TERMINACION DP 1102 de Cespón a Vidres. Ampliación e mellora da seguridade vial, pq 0+000 ao 1+700 (BOIRO) 88

Comisión de Contratación, Patrimonio Provincial e Equipamento

16. Aprobación do texto e a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de Culleredo para executar as obras Rede de saneamento da DP-0510 89

17. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de ARZÚA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora do parque da Feira. 95

18. Corrección do Acordo 9 da sesión plenaria celebrada o 23 de xuño de 2022 e conseguinte aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de BOQUEIXÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora do viario da Moa a Pena..... 105

19. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CAMARIÑAS polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Reurbanización das Rúas Ramón Noguera e Irmáns Fernández e ordenación do encontro coa Avenida da Coruña. 115

20. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CARBALLO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras do proxecto "Carballo para a infancia" 125
21. Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de FENE polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a adquisición dun local para o concello. 134
22. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de FRADES polo que se instrumenta una subvención nominativa para cofinanciar a "Adquisición dun tractor equipado con medios auxiliares" 142
23. Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de ORDES polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Humanización da rúa Coruña 151
24. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de RIBEIRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "Instalación, remate e urbanización exterior do Centro Social multiusos de Carreira" 161
25. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de SAN SADURNIÑO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Rehabilitación da escola de Igrexa feita para espazo sociocomunitario 170
26. Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de VILASANTAR para cofinanciar a adquisición dunha parcela para a construción dunha nave para destinala a servizos básicos municipais..... 180
27. Estimación do recurso formulado contra o acordo do Pleno de 31/07/2020 polo que se aprobou a tramitación dun expediente de expropiación forzosa en relación cos bens e dereitos ocupados no predio 15031A025001350000OJ lindeira co Monte Costa. 188

Comisión de Cooperación, Plans Provinciais Xerais, Turismo e Patrimonio Histórico e Cultural

28. Desestimación das alegacións do grupo político do Concello de Oroso "Oroso Renovable" respecto da aprobación da obra do citado concello denominada "Mellora da rede viaria nos lugares de A Baiuca (Senra)-Requeixo (Cardama) e Castro-Burgao-Piñeiro (Trasmonte)," incluída no POS+ 2022 co código 2022.2000.0217.0, levantamento da condición á que quedou sometida e aprobación definitiva desta e do Plan POS+ 2022 189
29. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Reforma de vestiarios campo de fútbol Bertamiráns (Ames)", do Concello de Ames, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0004.0 193

30. Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Reforzo do firme de calzada con MBC dun tramo do camiño desde a N-634 a Mandeo (Santaia)" do Concello de Curtis, incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2019, por maior achega provincial, co código 2019.2001.0672.0..... 196

31. Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado pista Carnes a Seselle, nucleo Avieira, pista de Avieira a Porto do Home e pista no lugar de Lois", do Concello de Oza - Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0257.0 199

32. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o concello de Cambre para o cofinanciamento da "V Romaría galaico romana Galaicoi"..... 201

33. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o concello de Laxe para o cofinanciamento do "Proxecto de revitalización dos recursos e servizos turísticos do concello de Laxe para o ano 2022" 210

34. Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Moeche para o cofinanciamento do suministro correspondente a "Potenciación do Castelo de Moeche como recurso turístico comarcal e provincial"..... 219

Comisión de Economía, Facenda, Especial de Contas, Persoal e Réxime Interior

35. Aprobación da toma de coñecemento da información do período medio de pago a provedores (PMP) e da relación detallada das facturas pagadas pola Deputación provincial, polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, correspondente a xuño de 2022..... 229

36. Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a xuño de 2022 e proxección a 31/12/2022. 230

37. Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao segundo trimestre de 2022. 234

38. Dación de conta da tramitación pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) das contas anuais do exercicio 2021. 235

39. Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2021. 235

40. Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2021. 235

41. Aprobación da proposta da Presidencia ao Pleno de 29 de xullo de 2022 sobre cambio de data da sesión ordinaria do oitavo mes de 2022. 235

ACTUACIÓN DE CONTROL:
MOCIÓNS

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa dos bens inmobles do Pazo de Meirás. 236

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa da CRTVG 242

3.Moción do Grupo Provincial Popular sobre a modernización ferroviaria e dotación de trens Abril 254

4.Moción dos Grupos provinciais do PsdeG-PSOE e BNG para manifestar o noso rechazo á recién aprobada Lei de mellora da xestión do Ciclo Integral da Auga 261

5.Moción que presentan os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en defensa de melloras na prestación do servizo de transporte interurbano 281

ROGOS E PREGUNTAS 297

Acta da sesión ordinaria celebrada pola Excma. CORPORACIÓN PROVINCIAL o 29 de xullo de 2022.

No salón de sesións do Pazo provincial da Coruña, o día 29 de xullo de 2022, reúnese a Excma. Corporación provincial para celebrar sesión ordinaria.

Preside: don Valentín González Formoso, presidente da Corporación Provincial

Deputados/as

Asistentes:

Don Valentín Alfonsín Somoza	PP
Don Evaristo Ben Otero	PP
Don José Carlos Calvelo Martínez	PP
Dona Cristina Capelán Cancelo	PSOE
Don Germán Castrillón Permuy	PP
Dona María Milagros Castro Sánchez	PSOE
Don Ignacio Codesido Barreiro	PP
Don Xosé Xurxo Couto Rodríguez	BNG
Don Antonio Deibe Sanmartín	PP
Don Bernardo Fernández Piñeiro	PSOE
Don Gumersindo Pedro Galego Feal	PP
Dona Rosa M ^a Gallego Neira	PP
Don José Blas García Piñeiro	PSOE
Don Ángel García Seoane	AVV
Dona Sandra González Castro	PSOE
Don José Manuel Lage Tuñas	PSOE
Dona Ana Lamas Villar	PSOE
Don Antonio Leira Piñeiro	PSOE
Don Alberto Lema Suárez	MA
Dona María del Carmen Muiño Filgueira	BNG
Don José Javier Pego Sampedro	PP
Don Xosé Luis Penas Corral	BNG
Don José Manuel Pequeño Castro	PSOE
Don José Luis Pérez Añón	PP
Don Xosé Regueira Varela	BNG
Don José Ramón Rioboo Castro	PSOE
Don Roberto Rodríguez Martínez	PP
Don José Francisco Santos Regueiro	PP
Don Manuel Taboada Vigo	PP
Dona Teresa Villaverde Pais	PP

O Sr. Rioboo Castro entra no Salón comezada a sesión, no punto número 27.

Actúa como secretario: don Miguel Iglesias Martínez, oficial maior da Deputación Provincial da Coruña

Está presente o interventor xeral, don José Manuel Pardellas Rivera.

Aberto o acto ás 12:10 horas, tratáronse os seguintes asuntos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior, número 7/2022, do 23 de xuño.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

Apróbase por unanimidade a acta da sesión anterior, número 7/2022 do 23 de xuño.

2.- Dación de conta das Resolucións da Presidencia desde o 18 de xuño de 2022 ata o 21 de xullo de 2022.

Dáse conta das Resolucións da Presidencia desde o 18 de xuño de 2022 ata o 21 de xullo de 2022.

3.- Aprobación da concesión de subvención nominativa á Asociación PuntoGal para financiar o proxecto Estudo do impacto PuntoGal e aprobación do correspondente convenio de colaboración

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1. Exceptuar para este convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención e que son as seguintes:

a.- A promoción da lingua galega é competencia de todas as AAPP galegas segundo o artigo 5 do Estatuto de Autonomía, e a Ordenanza de uso da lingua galega na Deputación da Coruña que dedica o Capítulo XI. Impulso institucional do idioma galego (artigos 19 e seguintes) ao mesmo fin.

b.- No Plan Estratéxico de Subvencións establécese como Obxectivo estratéxico E.09 "Contribuír aos obxectivos de normalización da lingua galega e fomentar o seu uso desde a institución provincial e os concellos" sendo área ou servizo referente, entre

outras Normalización lingüística, destacando dentro deste obxectivo estratéxico os seguintes obxectivos operativos:

- O.43 Apoiar o desenvolvemento de iniciativas sociais normalizadoras a través de concellos e entidades sociais
- O.45 Apoiar a existencia e difusión de contidos en lingua galega.

Polo tanto, non prevendo o PES 20-22 ningunha liña de concorrencia competitiva que poida fomentar este tipo de actuacións que desenvolve Puntogal, e tendo en conta a grande difusión que se acada a través da internet co medio principal de actuación de puntogal para as súas actividades de fomento da lingua galega, enténdese que concorre causa excepcional que xustifica a concesión da subvención nominativa.

2. Aprobar o convenio coa Asociación PuntoGal, G70065107, correspondente á subvención nominativa por importe de 29.000,00 euros co obxecto do "Estudo do impacto PuntoGal". A porcentaxe de financiamento proposta é do 65,91 % de acordo co texto do convenio que se achega.

3. Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio de 2023, autorice o correspondente orzamento.

4. Incluír a subvención no Plan estratéxico provincial de subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E ASOCIACIÓN PUNTOGAL G70065107 PARA FINANCIAR O ESTUDO DO IMPACTO PUNTOGAL (.gal)

Na Coruña, o de de na sede da Deputación Provincial da Coruña

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante,

REUNIDOS

D/Dna. _____ en nome e representación de Deputación Provincial da Coruña,

D/Dna. _____ en nome e representación de Asociación PuntoGal

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

A Asociación PuntoGal é unha asociación sen ánimo de lucro, creada en 2006, que ten como fins principais:

Promover as actuacións e actividades necesarias relacionadas coa consecución, creación, xestión e control do rexistro do nome de dominio ".gal", doutros identificadores únicos empregados nas redes globais de comunicación e, en xeral, da promoción da lingua e a cultura galegas no ámbito de internet e das tecnoloxías da información e da comunicación. Esta finalidade realizaraa directamente ou mediante

outras persoas ou entidades cos acordos que cómpre.

Que baixo o dominio .gal se poidan rexistrar dominios daquelas entidades, empresas ou persoas que se expresen en lingua galega e/ou contribúan ao fomento da cultura galega.

Realizar as xestións para obter o fin descrito con campañas de divulgación e concienciación.

Amosar un grande apoio social das comunidades lingüística e cultural galegas, ás que se quere representar, no logro de seren identificadas en internet cun dominio propio.

Representar os intereses da asociación perante as administracións locais, provinciais, nacionais, estatais, institucións públicas e privadas e tamén diante da Unión Europea e outras organizacións internacionais, naquilo que afecte os obxectivos esenciais da asociación.

Promover iniciativas legislativas e administrativas que beneficien a consecución dos seus fins.

Contribuír ao proceso de normalización lingüística.

A Asociación PuntoGal promoverá as súas actividades en todo o ámbito específico da Comunidade Autónoma de Galicia.

A Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de bases de réxime local 7/85 do 2 de abril, art. 36 e coa Lei de administración local de Galicia 5/97, art. 109 e 119, así mesmo, co disposto no Estatuto de autonomía para Galicia, que proclama a lingua galega como oficial de Galicia e a disposición de medios para facilitar o seu coñecemento no seu artigo 5, así como na Lei de normalización lingüística do 15 de xuño de 1983 e especialmente conforme á Lei 5/88 do uso do galego como lingua oficial polas entidades locais.

É competente para o impulso institucional do idioma galego, de conformidade co capítulo XI da súa Ordenanza de uso da lingua galega aprobada polo Pleno da Diputación na sesión do 15 de setembro de 2017, co disposto no artigo

19.1. De acordo co establecido no artigo 25 da Lei 3/1983 de normalización lingüística, a Deputación provincial da Coruña fomentará o uso do galego nas actividades mercantís publicitarias, asociativas, culturais, deportivas e calquera outro dentro do ámbito provincial.

19.2. A Deputación Provincial da Coruña poñerá paulatinamente en marcha programas dirixidos á poboación e ás entidades asociativas ou empresariais da provincia para conseguir a implicación progresiva de todos os colectivos no proceso de recuperación social da lingua galega, e fomentará co deseño e posta en marcha dos programas oportunos- o uso e prestixio do galego na transmisión interxeracional, na mocidade, nas novas tecnoloxías, no deporte, na creación e difusión cultural, no ámbito empresarial e comercial, na comunicación, na xustiza, no lecer, na educación, na sanidade e en calquera outro ámbito social de interrelación humana.

19.3. Todos os órganos da Deputación Provincial da Coruña impulsarán a normalización lingüística no seu ámbito de actuación. A Unidade Técnica de

Normalización Lingüística asesorará a Corporación provincial nesta materia.

19.4. Valorarase como criterio positivo na concesión de subvencións e axudas as iniciativas e actividades que contribúan á normalización e ao incremento do uso e prestixio da lingua galega. Do mesmo xeito, a comunicación e a produción escrita e oral (cartelaría, publicidade oral e escrita, redes sociais, etc.) a que dea lugar toda a actividade subvencionada pola Deputación Provincial da Coruña deberá estar en lingua galega. Este requisito figurará de forma expresa na convocatoria e bases correspondente.

19.5. A Deputación Provincial da Coruña de acordo coa Lei 3/1983 poderá outorgar subvencións para actuacións que procuren a normalización lingüística e o fomento da normalización do uso do galego nas actividades mercantís, publicitarias, culturais, asociativas, deportivas e outras por actos singulares.

A deputación proxecta, conforme ás previsións do exercicio orzamentario, o desenvolvemento de accións diversas, encamiñadas á normalización lingüística no ámbito territorial da súa competencia.

Dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e a Asociación PuntoGal, ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar este convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e Asociación PuntoGal, G70065107, para financiar o "Estudo do impacto .gal" para obter unha idea clara e definida da situación da rede en Galicia, para ofrecer unha información fiable sobre a presenza do galego na rede, para analizar en que lingua está redactado, que entidade a mantén e que público a busca.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE VAI REALIZAR A ENTIDADE BENEFICIARIA

1. Implementación importación e tratamento das bases de datos de dominios 8.000 euros
2. Desenvolvemento da ferramenta de análise de datos 7.500 euros
3. Procesamento de datos, automático e manual 3.500 euros
4. Análise de resultados 6.000 euros
5. Formato, maquetación e presentación de resultados 4.000 euros
6. Deseño, desenvolvemento e mantemento da web 3.000 euros
7. Definición de requisitos e ferramentas para a realización do traballo 2.000 euros
8. Tarefas de posta en marcha do Observatorio 2.000 euros
9. Asesoría xurídica de protección de datos 1.000 euros

10. Horas de xestión e traballo do persoal da oficina durante a elaboración do informe 3.500 euros

11. Horas de coordinación do proxecto 1.500 euros

12. Difusión dos resultados do primeiro informe 2.000 euros

Total dos gastos: 44.000,00 euros.

Asociación PuntoGal acredita que achegará dos seus fondos ata os 15.000,00 euros.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de 20.000,00 euros, non podendo superar o coeficiente de financiamento o 0,80. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada, podendo variar a porcentaxe sen que supere a contía máxima citada neste apartado, como parece desprenderse dalgún informe fiscal . A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0116/334.4/481 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que Asociación PuntoGal obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle a Asociación PuntoGal. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas a Asociación PuntoGal, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera os 15.000 euros, con carácter previo á contratación, Asociación PuntoGal deberá solicitar polo menos tres orzamentos a

distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que Asociación PuntoGal tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña. Ademais o logotipo da deputación deberá figurar na web da entidade.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga de Asociación PuntoGal.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada a Asociación PuntoGal unha vez que presente a seguinte documentación:

Memoria de actuación, subscrita polo representante legal de Asociación PuntoGal, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demais xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsas deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.

Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola deputación.

Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están

descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o 31 de decembro de 2022, como máximo.

2. Unha vez rematadas as actividades, Asociación PuntoGal deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do 31 de marzo de 2023.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento a Asociación PuntoGal para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falta de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá a Asociación PuntoGal da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade na documentación achegada.

Se transcorresen máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. Asociación PuntoGal deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social.

Para este fin poderá autorizar a Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. Asociación PuntoGal destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 euros, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente

indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, Asociación PuntoGal deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, Asociación PuntoGal poderá ser escollida pola Intervención provincial para realizarlle un control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Igualmente, de acordo co disposto na Lei 6/1985, do 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, Asociación PuntoGal queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o disposto na Lei orgánica 2/1982, do 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de mora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, o devandito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións establecido nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos do atraso na realización das actividades ou do atraso na presentación da xustificación estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Asociación PuntoGal serán remitidos á Intervención Xeral do Estado,

para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no dito precepto e co debido respecto á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e ás normas relativas á libre circulación de tales datos, segundo o disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Igualmente, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención a Asociación PuntoGal será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o 31 de maio de 2023 e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel realizaranse dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio 2023, autorice o correspondente orzamento

2. Por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos informes da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría Xeral e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e cos informes previos indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

4.- Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as actividades e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 15/03/2023 a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo (cronograma) co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do proxecto. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro de 2023. Esta prórroga será aprobada mediante resolución da Presidencia, despois do informe da unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e da Intervención Provincial. Nesta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada na data citada.

Todo isto, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos

exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, do 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalles aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia deste convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por _____

E en proba de conformidade, asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

4.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega para cofinanciar a Programación do ano 2022 e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega, por importe de **60.000 €**, para cofinanciar a *Programación do ano 2022*, cun orzamento subvencionado de 75.000 €, e do correspondente convenio de colaboración, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Incluir a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o exercicio 2023 autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega para financiar a *Programación do ano 2022*.

Na Coruña, a

REUNIDOS

D/Dna. _____, en nome e representación da Deputación Provincial da Coruña.

D/Dna. _____, en nome e representación da Real Academia Galega.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que detentan, e recoñecendo recíprocamente capacidade para obrigarse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1.- A Real Academia Galega é unha institución científica, con personalidade xurídica propia, que ten como obxectivo fundamental o estudo da cultura galega e especialmente a ilustración, defensa e promoción do idioma galego, tal e como consta nos estatutos vixentes, aprobados por Real decreto 271/2000, do 25 de febreiro.

2.- De conformidade co artigo 2 dos Estatutos, son finalidades da Real Academia Galega:

a) Establecer as normas referidas ao uso correcto da lingua galega, conforme ao disposto na Lei 3/1983, de 15 de xuño, de Normalización lingüística en Galicia, do Parlamento de Galicia.

b) Estudar e propoñer a restauración da onomástica galega.

c) Velar polos dereitos do idioma galego.

d) Defender e promover o idioma galego.

e) Asesorar aos poderes públicos e institucións sobre temas relacionados co uso correcto da lingua e coa súa promoción social.

f) Estudar e dar a coñecer o patrimonio literario e documental da institución.

g) Decidir a personalidade literaria á que cada ano se lle dedica o día das letras galegas.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

4.- A Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega coinciden no seu común interese en realizar este proxecto cultural e, por iso, acordan formalizar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da **Real Academia Galega**, con CIF: Q1568003F, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programación do ano 2022*, que se indica deseguido:

Actividade 1:

Congreso Internacional de Onomástica no Camiño de Santiago. Os camiños de Santiago de Europa cara a Galicia. Lugares, nomes e patrimonio.

Actividade 2:

Primavera das Letras 2022.

Actividade 3:

Publicación da toponimia de Tordoia (A Coruña).

Actividade 4:

Publicación da toponimia de Ribeira (A Coruña).

Actividade 5:

Repositorio de sociolingüística galega.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Actividade 1: Congreso Internacional de Onomástica no Camiño de Santiago. Os camiños de Santiago de Europa cara a Galicia. Lugares, nomes e patrimonio.

* Desenvolvemento da web do Congreso (non permanente)	2.870,00
* Retribucións dirección e secretaría técnica (3 persoas)	1.500,00
* Conferencias plenarias (3 persoas, unha delas pendente de xestión)	1.200,00
* Relatorios e comunicacións (25 persoas, dúas delas pendentes de xestión)	7.500,00
* Transportes, hospedaxe, traslados participantes, xantares (probable contratación de empresa de apoio loxístico)	12.000,00
* Servizo de streaming	2.970,00

* Fotógrafo	1.960,00
*Papelería e material divulgativo (bolsas, libretas, carteis...)	1.000,00
* Actividade cultural	2.000,00
* Publicación de actas	2.000,00

Total actividade 1: 35.000,00 €

Actividade 2: Primavera das Letras 2022.

* Redeseño da imaxe web, soporte técnico do desenvolvemento das actividades interactivas	7.000,00
* Contidos textuais (Leticia Costas)	2.500,00
* Ilustracións para as fichas descargables, actividades interactivas, contidos promocionais e demais liña gráfica (Blanca Millán)	3.000,00
* Produción e realización dunha curtametraxe sobre a formación do galego	5.000,00
* Merchandising, gastos de papelería e similares	1.000,00
* Contádenos o voso Día das Letras Galegas. Premios, compra de libros	1.000,00
* Contádenos o voso Día das Letras Galegas. Contratación de autobuses para trasladar a alumnado e profesorado dos colexios gañadores	1.500,00

Total actividade 2: 21.000,00 €

Actividade 3: Publicación da toponimia de Tordoia (A Coruña).

*Impresión e maquetación	1.350,00
* Autoría da publicación	900,00
* Revisión da publicación	450,00
* Mapa	100,00

Total actividade 3: 2.800,00 €

Actividade 4: Publicación da toponimia de Ribeira (A Coruña).

*Impresión e maquetación	1.350,00
* Autoría da publicación	900,00
* Revisión da publicación	450,00
* Mapa	100,00

Total actividade 4 2.800,00 €

Actividade 5: Repositorio de sociolingüística galega.

* Creación da ferramenta para a xestión e consulta de estatísticas, proposta inicial	6.800,00
* Reavaliación da proposta inicial despois da posta en marcha con bases de datosdemolingüísticas (demo)	3.400,00
* Suba inicial do material proporcionado polo Seminario de Sociolingüística	2.200,00
* Posta en marcha do repositorio	1.000,00

Total actividade 5: 13.400,00 €

Total gastos: 75.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **60.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 80,00 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas á Real Academia Galega, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, suscrita polo representante legal da Real Academia Galega, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2022**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á Real Academia Galega para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega na documentación aportada.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a Real Academia Galega terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a

identificación da Real Academia Galega serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade disposta no precepto e co debido respecto á protección de datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantías dos dereitos dixitais, en tanto non se opoña ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se Derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos).

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **30 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega, realizada alomenos dous meses antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

5.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Consorcio para a Promoción da Música da Coruña para cofinanciar o programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2022 e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobamos a concesión dunha subvención nominativa, por importe de **1.500.000,00 €**, ao Consorcio para a Promoción da Música para cofinanciar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2022*, cun orzamento subvencionado de 2.120.000,00 €, e do correspondente convenio de colaboración de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e Consorcio para a Promoción da Música polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2022.*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Consorcio para a Promoción da Música.

EXPOÑEN

1.- Que o Concello da Coruña, en sesión plenaria celebrada o día 19 de abril de 1991, aprobou a constitución do organismo denominado “Conorcio para a Promoción da Música” que ten por obxecto a difusión da música e a promoción de toda clase de actividades musicais.

2.- Que o Consorcio para a Promoción da Música ten por obxecto, entre outros, a promoción da cultura a través da música, o aumento do número de sectores cidadáns que teñen acceso á música de calidade e a mellora do ensino musical e a formación das novas xeracións para a interpretación, o coñecemento e o acceso a esta modalidade artística nas súas distintas manifestacións.

3.- Que, para conseguir estes fins o Consorcio xestiona a Orquesta Sinfónica de Galicia, a Orquesta Nova, e dúas orquestras infantís: Orquesta Infantil Arcos e Orquesta Infantil Pizzicatos e tres coros: o Coro da OSG, o Coro Novo da OSG e o Coro Infantil da OSG cuxa sede está na cidade da Coruña.

Desenvolve un programa educativo de concertos didácticos que todos os anos chega a miles de escolares da provincia, desde educación infantil a bacharelato de toda a provincia; e, tamén é de salientar o proxecto social Resoa, destinado a nenos e mozos en risco de exclusión social, único na provincia.

4.- Que está a traballarse na ampliación das actividades fóra da cidade da Coruña. Ademais, seguirase traballando con concellos como Carballo, Melide, Rianxo, Culleredo, Arteixo e Vimianzo para organizar concertos en función da dispoñibilidade de espazos e auditorios.

5.- Que, de conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura.

6.- Que, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña recoñece a labor cultural que ven desempeñando o Consorcio para a Promoción da Música e considera de interese as actividades que desenvolve e, en tal sentido, no Orzamento

correspondente ao presente exercicio figura unha subvención nominativa destinada a financiar o programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2022.

7.- Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Consortio para a Promoción da Música**, con CIF: P6503001G, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do **Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2022**, que se indica deseguido:

1. Actividades da OSG tempada e na provincia da Coruña

- Concertos na Coruña

19 concertos do abono venres: 14, 21 e 28 de xaneiro, 4, 11 e 17 de febreiro, 24 de marzo, 1, 8, 22 e 29 de abril, 20 e 27 de maio, 2 e 10 de xuño, 30 de setembro, 7, 21, e 28 de outubro.

8 concertos do abono sábado: 22 e 29 de xaneiro, 19 de febreiro, 25 de marzo, 9 de abril, 10 de maio, 10 de xuño e 8 de outubro

- Concertos en Ferrol:

4 concertos en Ferrol: 13 de xaneiro, 3 de febreiro, 7 de maio e 3 de xuño.

- Concertos extraordinarios noutras cidades da provincia: datas a determinar

- Concerto en Santiago de Compostela: 13 de agosto

- Concerto extraordinario en Palexco (A Coruña): 19 de marzo

Orzamento: 1.813.900,00 €

2. Actividades da Orquesta Nova e da Orquesta de Nenos na provincia da Coruña

- Actividades da Orquesta Nova: 7 de xaneiro (gravación), 17 de abril (A Coruña)

- Actividades da Orquesta de Nenos: 4 de xaneiro (A Coruña), 2 de abril (A Coruña), 3 de abril (Vimianzo)

Orzamento: 92.100,00 €

3. Actividades dos Coros da OSG na provincia

Datas a determinar.

Orzamento: 100.000,00 €

4. Proxecto didáctico

- 41 actividades entre sesións escolares, concertos en familia e concertos extraordinarios, oferta de prazas para colexios da provincia da Coruña.

Orzamento: 114.000,00 €

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Consorcio para a Promoción da Música.

O Consorcio para a Promoción da Música desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Soldos e salarios: refuerzos, solistas e directores, músicos	1.043.100,00
Seguridade Social	289.900,00
Aluguer palacio, escenarios, instrumentos, partituras, autobuses, taxis, dereitos de autor	445.000,00
Reparación e matemento instrumentos, afinación pianos	5.000,00
Material oficina, programas man, publicidade, transporte instrumentos, hoteis, estudos e traballos técnicos-solistas e directores, gravacións, iluminación e son, cargas e descargas	337.000,00

Total orzamento **2.120.000,00 €**

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **1.500.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 70,75 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 70,75 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46701, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Consorcio para a Promoción da Música obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Consorcio para a Promoción da Música.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Consorcio para a Promoción da Música, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrencia.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer o *Programa de actividades da Orquesta Sinfónica de Galicia no ano 2022*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Consorcio para a Promoción da Música.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Consorcio para a Promoción da Música do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar, unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

- * **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2021.
- * **Orzamento da entidade para o Exercicio 2022**, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.
- * **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificadas, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

- * **Memoria** de actuación, suscrita polo Xerente do Consorcio, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - * **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
 - * **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.
- Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.
- * **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.
 - * **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
 - * **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Consorcio para a Promoción da Música deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Consorcio para a Promoción da Música para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Consorcio para a Promoción da Música da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Consorcio para a Promoción da Música.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Consorcio para a Promoción da Música terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Consorcio para a Promoción da Música deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Consorcio para a Promoción da Música destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Consorcio para a Promoción da Música deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Consorcio para a Promoción da Música queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Consorcio para a Promoción da Música serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Consorcio para a Promoción da Música será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de e 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Consorcio para a Promoción da Música, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicararanse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

6.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa ao Auditorio de Galicia para cofinanciar o Programa de Actividades do ano 2022 e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa por importe de **225.000,00 €**, ao Auditorio de Galicia, para cofinanciar o *Programa de actividades do ano 2022*, cun orzamento subvencionado de 290.418,20 €, e do correspondente convenio de colaboración, de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a

existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 10 de xuño de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Auditorio de Galicia polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Programa de actividades do ano 2022*.

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación do Auditorio de Galicia

EXPOÑEN

1.- O Concello de Santiago de Compostela, en sesión plenaria celebrada o vinte e sete de setembro de mil novecientos noventa, aprobou a constitución do Organismo Autónomo Auditorio de Galicia e, o vinte e nove de novembro, aprobou definitivamente os seus estatutos.

Con posterioridade, foi publicada no BOP 222, de data 24 de setembro de 2004, a modificación dos Estatutos do Auditorio de Galicia, que se rexerá polo previsto no artigo 85 bis da LRBRL (Lei 7/1985), coas modificacións introducidas pola Lei 57/2003, de medidas para a modernización do goberno local.

De conformidade co acordo adoptado polo Pleno do Concello, na sesión extraordinaria que tivo lugar o día 15 de abril de 2004, o Auditorio de Galicia é o órgano xestor da actividade cultural do Concello de Santiago de Compostela.

2.- Tal e como recolle o art. 2 dos seus Estatutos, o Auditorio de Galicia debe elaborar, deseñar e executar os programas de actividades culturais no ámbito da música, ópera, teatro, congresos e exposicións.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura, polo que a Deputación da Coruña, do mesmo xeito que o Auditorio de Galicia, exerce

competencias en materia de actividades culturais e de promoción da música, existindo a posibilidade legal de subscribir convenios coas distintas administracións públicas para o cumprimento dos fins previstos na normativa vixente.

4.- O Auditorio de Galicia desenvolve ao longo do ano unha programación de concertos, actividades didácticas e exposicións, cunha difusión moi superior á do termo municipal de Santiago de Compostela.

5.- En exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña reconece o labor cultural que ven desempeñando o Auditorio de Galicia e considera de interese as actividades que desenvolve.

6.- Coa finalidade de establecer as condicións de colaboración para a realización do *Programa de actividades do ano 2022*, a Deputación da Coruña e o Auditorio de Galicia acordan suscribir o presente convenio, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Auditorio de Galicia**, con CIF: Q1500340C, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da *Programa de actividades do ano 2022*, que se indica deseguido:

* Semana do patrimonio invisible: xornadas sobre difusión do patrimonio e recuperación do patrimonio invisibilizado e, como elemento nuclear contará con visitas a lugares patrimoniais que normalmente están pechados e non se poden visitar.

* Xornadas de ilustración urbana: incluídas no programa Compostela Ilustrada, estas xornadas desenvólvense como un elemento nuclear para a divulgación da arte do debuxo e da banda deseñada.

* Música, o carácter singular da programación musical que elabora o Auditorio recae en dous alicerces: o primeiro o apoio e a estabilidade dunha programación clásica, case única no país con vontade de achegamento do repertorio clásico aos habitantes da provincia. E por outra banda, o apoio das músicas e tendencias de vangarda e actualidade que nos achegan novas vías de enfrontarnos co feito musical artístico:

- Programa de abono clásico: programación deseñado por Paul Daniel baixo o título “Viaxes” incluírá 23 concertos.

- Programa de piano “Ángel Brage”: trae ao escenario do Auditorio de Galicia á pianista internacional Judith Jáuregui.

* Ciclo de Lied: en colaboración coa Asociación de Amigos da Ópera de Santiago, este ano chega á súa 23ª edición.

* Xornadas de música contemporánea: teñen como obxectivo promover e difundir as últimas tendencias e a innovación da música contemporánea, poñéndoas en valor ao carón dos xa considerados clásicos do século XX. Como en edicións anteriores mantense a colaboración institucional coa Universidade de Santiago de Compostela e o Centro Galego de Arte Contemporánea.

* Gala aRi(t)mar: a singularidade deste proxecto atópase na vontade pedagóxica e na busca de puntos de encontro das realidades lusófonas, entendendo a nosa comunidade de fala como integrante desta diversa rede de comunidades falantes polo mundo.

* Deber de Baltar. Medicina e compromiso. Pazo de Fonseca, 19 febreiro - 16 abril 2022. O salón do artesanado e a capela do Pazo de Fonseca atesouran esta mostra comisariada por Pepe Barro que se achega á saga familiar de Ángel Baltar, médico-cirurxián con orixe en Padrón, e dous dos seus fillos, os tamén médicos Antonio e Ramón Baltar Domínguez.

Alén da vida en Padrón e a orixe da saga, a exposición visita a biblioteca familiar, o Sanatorio que recibiu o nome da familia, o seu labor no Hospital Real, o exilio de Antonio Baltar, o paraíso que a familia construíu en Tanxil e o compromiso cultural e político dos seus integrantes.

* Artes escénicas e de movemento: as principais liñas que se teñen en conta para esta programación son o apoio ás compañías da cidade, equilibrio entre as disciplinas da palabra e o movemento, interdisciplinabilidade da escenas coa literatura, música, xénero, ciencia, política, memoria, cine...e atención a diversidade de públicos e fomento de creación de novos públicos.

* Festival C, configúrase como unha proposta de actividades culturais para o verán compostelán que pretende facer unha mostra de disciplinas artísticas maiormente galegas en espazos ao aire libre.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

O Auditorio de Galicia desenvolverá as actividades programadas, segundo se define na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Programa de abono

Deseño e maquetación do programa	3.500,00.-
Impresión programas	5.000,00.-
Impresión programas de man	8.000,00.-
Suministro de augas para concertos	500,00.-
Dereitos de autor	200,00.-
Envíos postais	1.000,00.-
Reparto cartelería	200,00.-
Impresión mupis	200,00.-
Comunicación e difusión na Axenda C	1.500,00.-

Venda telemáticas de abonos e entradas	2.500,00.-
Subtotal	22.600,00.-
Ciclo piano A. Brage	
Honorarios pianistas	8.470,00.-
Dereitos de autor e afinacions	200,00.-
Subtotal	8.670,00.-
Ciclo de lied	
Honorarios artistas	21.000,00.-
Deseño de materias	1.500,00.-
Impresión cartel e programa	1.500,00.-
Dereitos de autor	1.000,00.-
Afinacións	700,00.-
Subtotal	25.700,00.-
Xornadas Música Contemporánea	
Honorarios artistas	15.000,00.-
Deseño de materiais	1.500,00.-
Impresións	1.500,00.-
Dereitos de autor	1.000,00.-
Afinacións	300,00.-
Aluguer material técnico	1.000,00.-
Subtotal	20.300,00.-
Gala Arit[]mar	
Contratación artística	5.000,00.-
Aluguer de material	2.000,00.-
Coordinación e produción da Gala	5.000,00.-
Servizos profesionais	1.000,00.-
Subtotal	13.000,00.-
Festival C	
Contratacións artísticas	20.000,00.-
Asistencia técnica	5.000,00.-
Seguridade e acomodación	2.000,00.-
Servizo de reparto de entradas	1.500,00.-
Subtotal	28.500,00.-
Semana do Patrimonio Invisible	
Servicios técnicos	18.000,00.-
Subtotal	18.000,00.-
Xornadas de Ilustración Urbana	
Coordinación e deseño do programa	2.990,00.-
Contratación de ponentes	10.800,00.-
Impresión de material gráfico	1.210,00.-
Subtotal	15.000,00.-

Deber de Baltar. Medicina e compromiso	32.996,70.-
Subtotal	32.996,70.-
Artes escénicas e do movemento	
Shock 1	13.915,00.-
Morte accidental dun anarquista	9.046,50.-
El abrazo	12.705,00.-
As que limpan	5.069,00.-
Othello	13.431,00.-
Gran Gala do Circo de Compostela	5.000,00.-
Decadencia	9.700,00.-
Silencio	10.285,00.-
Asistencias técnicas	6.000,00.-
Atención aos públicos	5.000,00.-
Aluger de material	3.000,00.-
Publicidade e impresión de materiais comunicación e difusión na Axenda C	4.000,00.-
Servizo de venda de entradas	1.500,00.-
Dereitos de autor	2.500,00.-
Postfuncions	2.000,00.-
	2.500,00.-
Subtotal	105.651,50.-
Total	290.418,20 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **225.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **77,47 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 77,47 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/46201, na que a Intervención provincial ten certificado que

existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Auditorio de Galicia obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustifico.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Auditorio de Galicia.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Auditorio de Galicia, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, o Auditorio de Galicia deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Auditorio de Galicia.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada ao Auditorio de Galicia unha vez que se presente de xeito telemático (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, suscrita polo representante legal do Auditorio de Galicia, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022.**

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Auditorio de Galicia deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023.**

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento ao Auditorio de Galicia para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días.**

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Auditorio de Galicia da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Auditorio de Galicia.

Se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponde, o Auditorio de Galicia terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Auditorio de Galicia deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Auditorio de Galicia destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contábles que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Auditorio de Galicia deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Auditorio de Galicia poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Auditorio de Galicia queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso,

segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Auditorio de Galicia serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Auditorio de Galicia será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Auditorio de Galicia, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

7.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para cofinanciar a Programación do ano 2022: Ciclo "Martes das artes" e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, por importe de **20.000,00 €**, concedida para financiar a *Programación cultural do ano 2022: Ciclo “Martes das artes”*, cun orzamento subvencionado de 25.000,00 €, e do correspondente convenio de colaboración de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de xullo de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento da *Programación cultural do ano 2022: Ciclo “Martes das artes”*.”

Na Coruña a

REÚNENSE

Don/a, en representación da Deputación Provincial da Coruña

Don/a, en representación da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

EXPOÑEN

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario. fundouse por Real decreto do 31 de outubro de 1849. A súa finalidade primordial é o cultivo das belas artes en todas as súas varias manifestacións dentro da Comunidade Autónoma

de Galicia. Os estatutos vixentes foron aprobados por Decreto 141/2004, do 25 de xuño.

2.- Nos fins da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario resaltan o estudo, salvagarda e promoción das artes e, por conseguinte, do patrimonio cultural galego. Funcións especificadas nos seus estatutos e desenvoltas a través dos plenarios e en actividades, polos académicos numerarios, de honra e correspondentes, todos eles profesionais e especialistas de recoñecido prestixio nas seccións de Pintura, Gravado, Arquitectura, Arqueoloxía e Museoloxía, expertos nas Artes e Artes da Imaxe.

3.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, da administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuir ao patrocinio das actividades presentadas pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

4.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario co NIF Q1568002H, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **Programación cultural do ano 2022: Ciclo "Martes das Artes"**.

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola entidade beneficiaria.

A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Honorarios conferenciantes	6.000,00 €
Honorarios concertos	3.000,00 €
Gravación de conferencias, concertos, e actividades culturais	5.400,00 €
Aluguer de material para concertos e conferencias	1.200,00 €
Exposicións no vestíbulo da Real Academia Galega de Belas Artes	3.000,00 €
Material gráfico e difusión das actividades	1.500,00 €
Organización e coordinación das actividades	4.150,00 €
Gastos xerais	750,00 €
TOTAL	25.000,00 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou acheguen para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **20.000,00 €** o que representa unha porcentaxe do **80 %** do orzamento total.

A cantidade restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos, propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80 %, da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75% do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3341/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

5.- A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación e execución.

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarias para a execución da actividade corresponderalle á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, asumindo, xa que logo, as conseguíntes responsabilidades.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, nin con calquera outra na que conorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario

deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, ben sexa por medios escritos, radiofónicos ou televisivos, audiovisuais ou internet, etc. deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle abonada á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario unha vez que se presente de xeito telemático a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria de actuación**, subscrita polo representante legal da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas, dos beneficiarios e dos resultados obtidos.

* **Relación clasificada dos gastos** realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación se achegarán copias das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Declaración** doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* **Declaración** de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* **Certificación** da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII. Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira, realizaranse entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022

2.- Unha vez rematadas as actividades, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibida xustificación ningunha, a unidade xestora remitiralle un requirimento á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional dará lugar á perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un adecuado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de todas as demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio, na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable,.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizadas dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da Real Academia Galega de Belas Artes de Nosa Señora do Rosario, realizada alomenos un mes antes do fin da vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes, e previos os informes preceptivos da Unidade Xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdición competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, logo dos informes previos preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ----

E en proba de conformidade asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

8.- Aprobación da concesión dunha subvención nominativa á Amigos da Ópera da Coruña para cofinanciar a realización da ópera "A forza do destino", do curso de interpretación vocal de Mariella Devia e do recital de Luis Cansino dentro da Programación Lírica da Coruña 2022 e do correspondente convenio de colaboración.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa á asociación Amigos da Ópera da Coruña, por importe de **75.000 €**, para cofinanciar a *realización da ópera "A forza do destino", do Curso de interpretación vocal de Mariella Devia e do Recital de Luis Cansino dentro da Programación Lírica de A Coruña 2022*, cun orzamento subvencionado de 103.846,00 €, e do correspondente convenio de colaboración de acordo co texto que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención

nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe do 12 de xullo de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico Provincial de Subvencións 2020/2022, da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

5.- Condicionar a aprobación do expediente de concesión da subvención á aprobación definitiva e entrada en vigor do EMC 3/2022 no que se contén o crédito.

“ Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a asociación Amigos da Ópera da Coruña polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a realización da ópera "A forza do destino" do Curso de interpretación vocal de Mariella Devia e do Recital de Luis Cansino dentro da Programación Lírica de A Coruña 2022

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Don/a ----- en representación da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

EXPOÑEN

1.- No ano 1952 constituíuse a asociación Amigos da Ópera da Coruña, entidade de carácter cultural e sen ánimo de lucro, cuxo obxecto é o de cultivar e fomentar a ópera, mediante a organización, tanto de representacións, como de todas aquelas actividades que poidan conducir á expansión e coñecemento dela.

Para acadar estes fins realizaránse representacións de ópera, concertos, conferencias, exposicións, proxeccións e todas aquelas relacionadas cos fins da asociación.

O día 1 de febreiro de 1989, e, ao amparo do disposto na Lei de Asociacións 191/64, aprobáronse os seus estatutos vixentes e, por acordo da Xunta Xeral do 18 de febreiro de 2003, adecuáronse ao modelo proposto na Lei Orgánica 1/2002 do 22 de marzo.

2.- Amigos da Ópera da Coruña, decana entre as asociacións españolas, goza dun enorme prestixio recoñecido por galardóns como o Premio de Honra da Lírica Española, que en 2018 concedéronlle por unanimidade todos os teatros e festivais de ópera estatais.

3.- As súas propostas atraen non só ao público galego senón ao resto de España e mesmo a nivel internacional, facendo da cidade da Coruña, e por extensión de toda Galicia, un escaparate musical de recoñecida tradición, vitalidade e actualidade musical, apoiado pola afluencia dun gran público fiel que asiste ás actividades que se realizan cada ano, esgotando as localidades, e constituíndo, por tanto, un reclamo turístico de primeira orde que se necesita apoiar.

As perdas no sector cultural, só en España, pola crise coñecida como Coronavirus e retornar canto antes á actividade é unha necesidade perentoria, tamén en Galicia. A través da organización da Programación Lírica da Coruña, Amigos da Ópera brinda desde 1953 o espazo para canalizar esas actividades nun ámbito tan importante como o do xénero lírico, o principal das artes escénicas.

4.- De conformidade co art. 118.d) da Lei 5/1997, 22 de xullo, de Administración local de Galicia, é competencia das deputacións provinciais, entre outras, a organización de actividades que teñan por finalidade o fomento en materia de cultura e, en exercicio destas competencias, a Deputación da Coruña está interesada en contribuír ao patrocinio das actividades de promoción da ópera no ano 2022.

5.- Polas razóns sinaladas e co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol da asociación Amigos da Ópera da Coruña co NIF G15037930, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial da **realización da ópera "A forza do destino" do Curso de interpretación vocal de Mariella Devia e do Recital de Luis Cansino dentro da Programación Lírica de A Coruña 2022.**

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar pola asociación Amigos da Ópera da Coruña

A asociación Amigos da Ópera da Coruña desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

Contratacións externas

Cachet de artistas invitados, dirección artística e produción 92.136.-

Desprazamentos

Gastos de viaxes e aloxamento 11.710.-

Total 103.846 €

III.- Colaboración da Deputación, financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha **achega en metálico**, por importe máximo de **75.000 €**, o que representa unha porcentaxe do **72,2233 %**.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 72,2233 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0612/3343/481, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas e doutros ingresos privados que a asociación Amigos da Ópera da Coruña obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas, subvencións ou outros ingresos privados supere o importe do gasto efectivamente xustifico, minorarase a aportación provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á asociación Amigos da Ópera da Coruña.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á asociación Amigos da Ópera da Coruña, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 €, con carácter previo á contratación, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá solicitar alomenos tres orzamentos a distintos provedores; entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha

delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaía sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dea a coñecer as actividades subvencionadas dentro da Programación lírica da Coruña 2022, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da asociación Amigos da Ópera da Coruña.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

A achega da Deputación seralle aboada á Asociación Amigos da Ópera da Coruña nun máximo de dous prazos, unha vez que se presente de xeito **telemático** (a través da plataforma subtel) a seguinte documentación:

* Memoria das actividades realizadas, suscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación dos resultados obtidos.

* Relación clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

Con esta relación achegaranse copia das facturas e demais xustificantes de gasto.

Os gastos e as correspondentes facturas referiránse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

* Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

* Declaración de si a entidade está ou non exenta do IVE.

* Certificación da conta bancaria, segundo o modelo aprobado pola Deputación.

Para o cobro do último prazo, ademáis, presentarase a seguinte documentación:

* Memoria final de actuación, suscrita polo representante legal da Asociación Amigos da Ópera da Coruña, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* Liquidación final dos gastos realizados e dos ingresos públicos ou privados obtidos, a fin de determinar que o importe dos ingresos non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

* Acreditación do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira deberán estar rematadas o **31 de decembro de 2022**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á asociación Amigos da Ópera da Coruña para que a presente no prazo improrrogable de **quince días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á asociación Amigos da Ópera da Coruña da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola asociación Amigos da Ópera da Coruña.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por ésta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- A asociación Amigos da Ópera da Coruña destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a asociación Amigos da Ópera da Coruña deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña poderá ser escolleita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a asociación Amigos da Ópera da Coruña queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei

9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da asociación Amigos da Ópera da Coruña serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención á asociación Amigos da Ópera da Coruña será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude da asociación Amigos da Ópera da Coruña, realizada alomenos un mes antes da data do fin do prazo de vixencia, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- A interpretación das dúbidas e lagoas que poiran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.”

9.- Aprobación da concesión de subvención nominativa ao Concello de Culleredo para cofinanciar o Mantemento xeral e reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional "A Escada" no ano 2022 e do correspondente convenio.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

“1.- Aprobar a concesión de subvención nominativa, por importe de 70.000,00 €, ao Concello de Culleredo para cofinanciar o *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no Centro Ocupacional “A Escada” no ano 2022*, cun orzamento subvencionado de 156.648,42 €, de acordo co texto do convenio que se achega.

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no

outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 da Lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento.

Coa motivación incorporada no parágrafo anterior levántase a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe de 8 de xullo de 2022.

3.- Incluír a dita subvención no Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación da Coruña.

4.- Subordinar o presente acordo ao crédito que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento”.

Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar o *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional “A Escada” no ano 2022*

Na Coruña, a

REUNIDOS

Don/a ----- en representación da Deputación Provincial da Coruña.

Don/a -----en representación do Concello de Culleredo.

EXPOÑEN

Que a Deputación da Coruña, é competente para a colaboración prevista no convenio, de conformidade coa Lei de Bases de Réxime local, 7/85, art. 36 e coa Lei de Admón. Local de Galicia 5/97 , art. 109 e 119, así como coa Lei de Servizos Sociais de Galicia 13/2008 e no Decreto 99/2012 de 16 de marzo.

Conforme as leis citadas, é competente a Deputación da Coruña para o financiamento das actividades de fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, sendo o convenio a fórmula adecuada para formalizar a colaboración coas entidades que realicen ditas actividades.

Na lei de servizos sociais para Galicia 13/2008, art. 63 menciónanse as competencias da Deputación no apoio xurídico económico e técnico cara aos concellos, nos temas da súa competencia, sendo os programas de inserción e integración das persoas con discapacidade de competencia dos concellos, polo que está xustificada o apoio desta Deputación para levar adiante o programa de actividades do que se trata no convenio, consistente en facilitar ás persoas con diversidade funcional o acceso a actividades ocupacionais, o que supón unha actividade de integración e de mellora da calidade de vida destas.

Que o Concello de Culleredo no ámbito das súas competencias, ten un Centro ocupacional para persoas adultas con discapacidade intelectual, denominado "A Escada".

Que, co obxecto de facer efectiva a súa colaboración, ambas institucións acordan suscribir o presente convenio, con arreglo ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- Obxecto.

O presente convenio de colaboración ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Culleredo, con CIF: P1503100H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento parcial do *Mantemento xeral e a reserva de cinco prazas no centro ocupacional "A Escada" no ano 2022.*

II.- Orzamento de gastos da actividade a realizar polo Concello de Culleredo.

O Concello de Culleredo desenvolverá as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO		IMPORTE
Gastos de persoal	Pedagoga	53.355,78 €
	Monitora taller	32.982,93 €
	Animadora social	33.462,24 €
	Auxiliar administrativa	4.137,70 €
	Xefa de Sección de Atención especializada	8.200,77 €
Mantemento de edificio e maquinaria	Mantemento alarma e reparacións eléctricas, maquinaria taller, mantemento calefacción, contenedores hixiénicos, extintores, fontanería, pintura do centro, etc	6.700,00 €
Subministracións	Obradoiros artesanía, cociña, teléfono, vestiario, farmacia, gas, luz, etc	500,00 €
Transporte		14.500,00 €
Seguros		800,00 €
Traballos a realizar por outras empresas	- Obradoiro físico deportivo	2.009,00 €
TOTAL GASTOS		156.648,42 €

III.- Financiamento provincial e outros ingresos que se obteñan ou aporten para a mesma finalidade.

1.- A Deputación Provincial da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **70.000 €**, o que representa unha porcentaxe do 44,69 %.

A cantidade restante, ata alcanzar o importe total do orzamento da actividade, está financiada con cargo a recursos propios ou alleos, acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito axeitado e suficiente para imputar a totalidade do gasto correspondente á entidade.

No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 44,69 % da cantidade efectivamente xustificada.

2.- Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3.- O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0611/23121/46201 , na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizada a correspondente retención de crédito.

4.- A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o Concello de Culleredo obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5.- No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- Contratación da execución.-

1.- O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao Concello de Culleredo.

Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas ao Concello de Culleredo, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2.- A contratación cos terceiros para a execución dos servizos, asistencias ou subministracións necesarios realizarase con suxeición ás normas de contratación do sector público, utilizando para tal fin os pregos de condicións tipo da Deputación Provincial para os procedementos abertos e garantindo, en todo caso, os principios de publicidade, concorrencia, igualdade e non discriminación. Procederá a utilización dos

criterios e do prego provincial do procedemento negociado cando razóns de carácter científico, literario ou artístico dificulten ou impidan promover a concorrência.

V.- Publicidade do financiamento provincial.

1.- Na publicidade pola que se dean a coñecer as *actividades do Concello de Culleredo*, por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

O logotipo da Deputación Provincial da Coruña debe figurar na paxina web de inicio do Centro Ocupacional A Escada.

2.- Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do Concello de Culleredo.

VI.- A xustificación necesaria para recibir a achega provincial.

1.- A achega da Deputación seralle abonada ao Concello de Culleredo do seguinte xeito:

Primeiro prazo, por importe do 50% da subvención, co carácter de anticipo prepagable a xustificar. O importe deste prazo aboarase unha vez asinado o convenio logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Contas anuais** completas da entidade correspondentes ao exercicio 2021.

* **Orzamento** da entidade para o exercicio 2022, plan de actuación ou o documento equivalente que corresponda, de acordo coas normas que resulten de xeral aplicación, segundo a natureza xurídica da entidade.

* **Certificacións** acreditativas dos acordos **da aprobación** dos documentos sinalados.

Segundo prazo, por importe do 50% da subvención ou, no seu caso, a cantidade pendente de pago, segundo o importe dos gastos xustificados, logo que se presente de xeito telemático, a través da plataforma subtel, a seguinte documentación:

* **Memoria** de actuación, subscrita polo representante legal do Concello de Culleredo, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

* **Relación** clasificada dos gastos realizados (con IVE e sen IVE), no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago; tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.

* **Certificación** da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

Os gastos e as correspondentes facturas referiranse exclusivamente ás actividades realizadas durante o ano 2022.

* **Relación** detallada das subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou, pola contra, declaración de non telas.

* **Acreditación** do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.

* **Acreditación** do cumprimento da obriga de facer constar a colaboración da Deputación en toda a información (impresa, informática ou audiovisual) que se teña feito das actividades subvencionadas, establecida na cláusula quinta.

* **Acreditación** do pago efectivo aos terceiros do importe recibido como primeiro prazo prepagable.

2.- No prazo dun mes dende a recepción do segundo prazo, deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros.

VII.- Termo para a realización da actividade e prazo de xustificación.

1.- As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula primeira realizaranse entre o **1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2022**.

2.- Unha vez rematadas as actividades, o Concello de Culleredo deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula sexta antes do **31 de marzo de 2023**.

3.- De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao Concello de Culleredo para que a presente no prazo improrrogable de **quinze días**.

A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao Concello de Culleredo da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida corresponder.

4.- O abono da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello de Culleredo.

VIII.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

1.- O Concello de Culleredo deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade Autónoma e coa Seguridade Social; e, para tal fin poderá autorizar á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2.- A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarse de oficio por esta.

IX.- Destino e manexo dos fondos recibidos.

1.- O Concello de Culleredo destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2.- Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor; só excepcionalmente poderá realizarse o pago en metálico para gastos de ata 150 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3.- Sen prexuízo dos libros e rexistros contables que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o Concello de Culleredo deberá contar alomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos no que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- Control financeiro da Deputación e dos órganos de control externo.

1.- Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, o Concello de Culleredo poderá ser escolleito pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2.- Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello de Culleredo queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- Reintegro, infraccións e sancións.

1.- O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2.- Sen prexuízo do anterior, o dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3.- Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

XII.- Incorporación ao rexistro público de subvencións e publicación da subvención concedida.

1.- No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello de Culleredo serán remitidos á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista no dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2.- Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.

3.- Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello de Culleredo será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4.- Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1.- O prazo de vixencia do presente convenio finalizará o **31 de maio de 2023** e terá efectos retroactivos, polo que as actividades contempladas nel poderán terse realizado dende o 1 de xaneiro de 2022.

Esta vixencia queda subordinada á existencia do crédito adecuado e suficiente que para o Exercicio de 2023, autorice o correspondente Orzamento.

2.- Previa solicitude do Concello de Culleredo, realizada alomenos un mes antes da fin da vixencia do convenio, o convenio poderá ser prorrogado por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes preceptivos da Unidade xestora, do Servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación.

3.- Tamén por acordo expreso de ambas as dúas partes e por causa debidamente xustificada, e previos os mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

XIV.- Natureza, interpretación, modificación e xurisdicción competente.

1.- O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2.- Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderase crear unha comisión de seguimento formada por dúas persoas representantes de cada unha das institucións.

3.- Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por ---

E en proba de conformidade asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

10.- Aprobación do convenio de colaboración entre a Deputación e o Concello de Oleiros para financiar a "Feira de Olería Tradicional-Alfaroleiros 2022"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

- A actividade subvencionada ao Concello de Oleiros, relativa á “XXVIII Feira de Olería Tradicional “Alfaroleiros” pretende mediante este evento a dinamización comercial, tendo en conta que se trata dun acto de exaltación desta artesanía tradicional, senón tamén na maior actividade de promoción do ámbito xeográfico no que esta inmersa. Contribuíndo decisivamente ao desenvolvemento socioeconómico da. Xunto coa dinamización comercial, a mostra repercute igualmente nunha promoción económica da vila, xa que vai atraer unha grande afluencia de xente, fomentando a promoción cultural, turística, comercial e socioeconómica do entorno xeográfico da vila de Oleiros.
- Por todo o exposto, Alfaroleiros constitúe unha das mellores e máis poderosas ferramentas para a promoción cultural, turística e económica do Concello de Oleiros e serve este evento para apoiar un oficio tradicional como é a oleiría e potenciar ao mesmo tempo o uso da hostalería e do comercio existente na zona.
- Por outra banda segundo a memoria presentada polo concello, esta feira de olería tradicional ten carácter nacional xa que participan artesáns de distintos puntos da xeografía española, seleccionados pola calidade das súas obras, que durante unha semana amosan oa seus traballos ao público.
- Un dos obxectivos principais desta feira e promocionar o patrimonio da olería tradicional como medio de coñecemento da nosa identidade e como fonte de riqueza cultural e intelectual. Para acadar este fin, o Concello de Oleiros traballou activamente no deseño de ferramentas de difusión que facilitasen e atraesen o interes de usuarios e potenciais visitantes. Foi así como se puxo en marcha a Escola Municipal de Olería e a feira de olería popular “Alfaroleiros”.
- Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concurrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello Oleiros con CIF P15059001 para cofinanciar “ XXVIII Feira Olería Tradicional “Alfaroleiros” cunha achega provincial de 30.000,00 €

con cargo á aplicación presupustaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 46,80 con respecto a un orzamento de 64.099,85 €.

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Oleiros polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do proxecto “XXVIII Feira Olería Tradicional “Alfaroleiros”.

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte _____, en representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte _____, en representación do CONCELLO DE OLEIROS

Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE OLEIROS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE OLEIROS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a do **CONCELLO OLEIROS**, CIF P1505900I fixando as condicións que se impoñan por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto “XXVIII Feira Olería Tradicional “Alfaroleiros”, que se celebrará entre os días do 3 ao 7 de agosto de 2022.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE OLEIROS levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Aluguer grupo electróxico	726,00 €
Aluguer escenario (2 días)	3.025,00 €
Póliza seguro pezas olería	150,73 €
Seguridade privada (vixancia Feira)	4.443,12 €

Impresión bolsas de papel	2.998,00 €
Dúas proxeccións de cinema	1.800,00 €
Concerto Guadi Galego	9.075,00 €
Concerto Oscar Rosende- Dire sTRAITS	14.520,00 €
Dereitos de autoría SGAE: concerto e proxección cinema	2.880,35 €
Equipamento asistencia técnica para os dous concertos	4.561,70 €
Publicidade: cartaces, dípticos e revistas programación	468,00 €
Aluguer vaías	447,70 €
Obradorio de olaría	484,00 €
Serigrafía vinilos tótems	613,47 €
Convenio desprazamentos oleriro-as	5.147,10 €
Prensa: Anuncios en prensa escrita	5.512,96 €
Prensa: Cuñas radiofónicas e anuncios en TV	5.505,02 €
Prensa: Anuncios Redes Sociais: Instagram e Facebook	726,00 €
Servizo de fotografía	605,00 €
Servizo gravación video	810,70 €
TOTAL	64.099,85 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 30.000,00€ €, o que representa unha porcentaxe de 46,80198 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 46,80198, % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE OLEIROS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE OLEIROS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.

2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE OLEIROS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.

3. No caso de que o CONCELLO DE OLEIROS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE OLEIROS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación provincial seralle aboada ao CONCELLO DE OLEIROS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.-Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE OLEIROS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.

4- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

6.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE OLEIROS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizaran entre o día 1 de xaneiro ata o 30 de novembro do ano 2022.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE OLEIROS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE OLEIROS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE OLEIROS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida coresponder..

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE OLEIROS na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

O CONCELLO DE OLEIROS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

1. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE OLEIROS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE OLEIROS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o CONCELLO DE OLEIROS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE OLEIROS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable. 3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE OLEIROS serán remitidas á Intervención xeral do

Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE OLEIROS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 30 de novembro do ano 2022**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **30 de abril do ano 2023** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. Para o caso de que o CONCELLO DE OLEIROS non poida ter rematadas as ACTIVIDADES e presentada a xustificación **antes do día 31 de marzo de 2023**, deberá solicitar antes desta data, a **prórroga** do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do ano seguinte. Con esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que o CONCELLO DE OLEIROS perderá o dereito ao cobro do importe corresponde á contía non xustificada na dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE OLEIROS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día--- de de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do CONCELLO DE OLEIROS"

11.- Aprobación do convenio entre a Deputación e o Concello de Malpica de Bergantiños para financiar "XXXVIII Mostra da Olería de Buño 2022"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Exceptuar para o presente convenio o cumprimento dos principios de concurrencia, publicidade, igualdade e non discriminación, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns suficientes de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios se encontran recollidos nos artigos 22.2 da lei xeral de subvencións e 65 a 67 do seu regulamento. Coa motivación incorporada no presente parágrafo queda solventada a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe.

2º.- Aprecianse no presente expediente razóns de interese público, que dificultan a convocatoria de concurrencia competitiva, como o incorporado no presente expediente:

1. A actividade subvencionada ao Concello da Malpica de Bergantiños, relativa á "XXXVIII Mostra da Olería de Buño 2022" pretende mediante este evento a dinamización comercial, tendo en conta que se trata dun acto de exaltación desta artesanía tradicional, senón tamén na maior actividade de promoción do ámbito xeográfico no que esta inmersa. Contribuíndo decisivamente ao desenvolvemento socioeconómico da vila oleira, da comarca de Bergantiños e da área xeográfica da Costa da Morte. Xunto coa dinamización comercial, a mostra repercute igualmente nunha promoción económica da vila, xa que vai atraer unha grande afluencia de xente, fomentando a promoción cultural, turística, comercial e socioeconómica do entorno xeográfico da vila de Buño.

2. Todas as actividades están encamiñadas a visibilizar o traballo da muller na olería mediante a realización de varias actividades
3. As razóns de interese público son evidentes, por ser un sector económico propio, por ser un sector tradicional que se desapareces desaparecería consigo todo ese saber tradicional e jdesaparecería unha olería de tradición milenaria. Está tamén influindo na cultura e o turismo, polo que é un sector transversal.
4. Por outra banda segundo a memoria presentada polo concello, ten a súa causa en que o proxecto a desenvolver, xurde do Concello de Malpica de Bergantiños como evento dinamizador do comercio, fomentando a visita e compra no comercio e, en xeral, na promoción económica da comarca. O fundamento da actuación provincial está na necesidade de apoiar e estimular desde as institucións públicas aquelas actuacións, sexan públicas ou privadas, tendentes a coadxuvar na mellora dos territorios, tanto no seu aspecto territorial como no socioeconómico.
5. Cabe considerar, ademais, que o proxecto, pola envergadura e importes que conleva, excede dos parámetros das subvencións que veñen a concederse nas convocatorias de réxime de concorrencia competitiva do Servizo.

3º Aprobar o texto e a formalización do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños con CIF P1504400A para cofinanciar “XXXVIII Mostra da Olería de Buño 2022” cunha achega provincial de 80.000,00 € con cargo á aplicación presupuestaria 0510/3341/46201, que representa un coeficiente de financiación do 80% con respecto a un orzamento de 100.000,00 €

4º Facultar ao sr. Presidente da Corporación para a sinatura do convenio.”

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Malpica de Bergantiños polo que se instrumenta unha subvención nomintiva para o cofinaniamento do proxecto “XXXVIII Mostra de Olería de Buño 2022”

En A Coruña a

REUNIDOS

Dunha parte _____, en representación da Excma. Deputación Provincial de A Coruña,

Doutra parte _____, en representación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS

Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS consideran de gran interese para a provincia potenciar que o sector da olería se converta nunha actividade rendible de futuro que repercute favorablemente como medio de desenvolvemento económico, social e xerador de emprego e riqueza non só a nivel local, senón tamén provincial.

Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio interadministrativo de cooperación ten por a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a do **CONCELLO MALPICA DE BERGANTIÑOS**, CIF P1504400A fixando as condicións que se impoñan por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria para o financiamento do proxecto " XXXVIII Mostra da Olería de Buño 2022", que se celebrará entre os días do **4, 5, 6 e 7 de agosto de 2022**.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS desenvolveu as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

ACTIVIDADES	IMPORTE
Aluguer stands/carpas	11.000,00 €
Material gráfico/imprenta/fotografía	4.500,00 €
Publicidade	26.000,00 €
Coordinación publicitaria	2.000,00 €
Animacións promocionais	2.000,00 €
Montaxe e desmontaxe mostra	2.000,00 €
Instalación eléctricas	3.000,00 €
Aluguer equipos de son	4.000,00 €
Aluguer escenarios, trust	6.000,00 €
Sinalizacións exteriores olería	2.000,00 €
Outros acondicionamentos	3.000,00 €
Actividades: eventos, animación actuacións	12.800,00 €
Outras actividades paralelas	2.000,00 €
Subministros (madeira, ferretería...)	1.000,00 €
Decoración (atrezzo, pezas de barro...)	2.000,00 €
Seguridade mostra	2.000,00 €
Aluguer equipos /tren turístico	2.700,00 €
Servizo de azafatas e monitores obradoiros barro	5.500,00 €
Organización e control mob	4.000,00 €
Outros gastos (día do neno,...)	2.500,00 €
TOTAL	100.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **80.000,00 €**, o que representa unha porcentaxe de **80%**. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80% da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. . Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/3341/46201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Corresponderalle ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS o outorgamento dos contratos de subministro, servizos e asistencia para a completa realización da actividade programada.
2. No procedemento de contratación o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. No caso de que o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirlle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Segundo o artigo 6 da ordenanza xeral de subvencións e transparencia queda establecido que ademais de facer constar a colaboración da Deputación na información gráfica ou audiovisual relativa á persona beneficiaria e as súas actividades en cada convocatoria específica ou convenio regulador determinaranse de xeito detallado os medios de difusión para dar a coñecer o importe e porcentaxe do financiamento provincial da actividade ou proxecto subvenionado.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, unha vez que se presente a seguinte documentación:

1.- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.

2.- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA.

3.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA

4.- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.

5.- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

3.- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1 As actividades que son obxecto de financiamento provincial, se realizarán entre o día 1 de xaneiro ata o 31 de decembro do ano 2022.

2. Unha vez rematadas as actividades, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo DUN MES contado a partir da finalización daquelas e, en calquera caso, UN MESE antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas

neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Aínda así a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvención e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable lle poida coresponder..

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS na documentación achegada.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1.-O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2.-A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3.-A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e no capítulo IV: Procedemento de Control Financiero da ordenanza xeral de subvencións publicada no BOP Núm 72 de 15 de abril de 2019 o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a

subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), e no capítulo V da ordenanza xeral de subvencións e transparencia (BOP núm. 72 de 15 de abril de 2019, dándolle en todo caso audiencia ao interesado).

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable. 3. Para os supostos de retrasos na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na Ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Si o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE MALPICA DE BERGANTIÑOS serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro de Protección de Datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao CONCELLO DE MALPICA DE

BERGANTIÑOS será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados **dende o 1 de xaneiro ao 31 de decembro do ano 2022**, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día **31 de maio do ano 2023** sempre e cando exista crédito para tal fin.

2. O CONCELLO DE MALPICA DE BERRGANTIÑOS deberá ter presentada a xustificación en todo caso **antes do día 30 de abril de 2023**,

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE MALPICA DE BERRGANTIÑOS, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por Acordo Plenario do día--- de xullo de

E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar duplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación

O representante do CONCELLO DE MALPICA DE BERRGANTIÑOS"

12.- Aprobación técnica do Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2022, sexta fase integrado polo proxecto DP 4701 de Castro á estrada N-634 ensanche e mellora da seguridade viaria pq 0+923 ao 5+478 (Mesía)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobación técnica do PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2022 SEXTA FASE con orzamento total de 1.646.460,00.- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 integrado polo proxecto que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROIACION
2022.1110.0007.0	DP 4701 DE CASTRO Á ESTRADA N-634 ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PQ 0+923 AO 5+478	MESÍA	1.646.460,00 €	150.936,37 €

2.- Iniciar os trámites para a expropiación dos bens e dereitos necesarios para a execución da seguinte obra:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROIACION
2022.1110.0007.0	DP 4701 DE CASTRO Á ESTRADA N-634 ENSANCHE E MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA PQ 0+923 AO 5+478	MESÍA	1.646.460,00 €	150.936,37 €

3.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

4.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

13.- Aprobación do Plan de Sendas Provinciais 2022, primeira fase; integrada polo proxecto DP 3205 Présaras a Carregosa; mellora da seguridade viaria, senda peonil; pq +991 ao pq 1+690 (Vilasantar)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o PLAN DE SENDAS PEONIS 2022 PRIMEIRA FASE cun presuposto total de 269.375,58.- euros, con cargo á aplicación 0410/4535/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	PRESUPOSTO	EXPROPIACION
2022.1170.0001.0	DP 3205 PRÉSARAS A CARREGOSA; MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA, SENDA PEONIL; PQ 0+991 AO PQ 1+690	VILASANTAR	269.375,58 €	Ná Cláusula 3.1 da memoria do citado proxecto se indica o seguinte: "Parte de la actuación a realizar está dentro de la zona de dominio público de la carretera y la otra parte se realiza en suelo de clase rústico y uso agrario, estos últimos son puestos a disposición de la Diputación

				Provincial de A Coruña por parte del Concello de Vilasantar. Es por tal motivo que no se hace necesaria la expropiación de los terrenos."
--	--	--	--	-------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

14.- Aprobación da actualización de prezos da obra DP 3104 variante aeroporto de Alvedro: acondicionamento e mellora da seguridade vial en Liñares (Culleredo); incluída no Plan de Vías Provinciais (VIPI) 2021, quinta fase

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar a modificación da PRIMEIRA RELACION DO PLAN DE INVESTIMENTO EN VIAS PROVINCIAIS 2021 QUINTA FASE como consecuencia da actualización de prezos do proxecto DP 3104 VARIANTE AEROPORTO DE ALVEDRO: ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL EN LIÑARES cun orzamento total de 632.458,13 .- euros, con cargo á aplicación 0410/4531/60900 que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACION	CONCELLO	PRESUPOSTO
2021.1110.0005.0	ACTUALIZACIÓN DE PREZOS DP 3104 VARIANTE AEROPORTO DE ALVEDRO: ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL EN LIÑARES	CULLEREDO	632.458,13 €

2.- Expoñer ao público o Proxecto mediante anuncio a inserir no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas producísense, considerarase definitivamente aprobado.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, podéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sen que se emita ningún informe."

15.- Aprobación do Plan de Inversións en Vías Provinciais 2017, primeira fase; integrado polos proxectos TERMINACION DP 0510 ensanche, mellora do trazado, afirmado e senda: tramo Confurco pq 0+000 a Orro pq 2+940 (CULLEREDO) e TERMINACION DP 1102 de Cespón a Vidres. Ampliación e mellora da seguridade vial, pq 0+000 ao 1+700 (BOIRO)

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Aprobar o Plan de INVERSIÓN EN VIAS PROVINCIAIS 2017 PRIMEIRA FASE cun orzamento total de 2.955.343,03 €, con cargo á aplicación 2022/0410/4531/60900 que se detalla:

CODIGO	DENOMINACIÓN	CONCELLO	ORZAMENTO (DIPUTACIÓN FONDOS PROPIOS), 2022/0410/4531/60900
2017.1110.0003.2	TERMINACIÓN DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+940 (CULLEREDO)	CULLEREDO	1.671.420,89 €
2017.1110.0004.2	TERMINACIÓN DP 1102 DE CESPON A VIDRES.- AMPLIACION E MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NA DP 1102 DE CESPON A VIDRES PQ 0+000 AO 1+700 (BOIRO)	BOIRO	1.283.922,14 €

2.- Expor ao público os Proxectos mediante anuncio a insertar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días a efectos de reclamacións, transcorrido o cual sin que éstas se produxesen, se considerarán definitivamente aprobados.

3.- Remitir o expediente para coñecemento e informe da Xunta de Galicia e da Comisión Gallega de Cooperación Local aos efectos da coordinación establecidos nos artigos 112 e concordantes da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, puidéndose proseguir as actuacións unha vez que transcorra o prazo de dez días sin que se emita ningún informe."

16.- Aprobación do texto e a formalización dun convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de Culleredo para executar as obras Rede de saneamento da DP-0510

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- APROBAR O TEXTO E A FORMALIZACIÓN dun convenio de cooperación entre a Deputación provincial da Coruña e o concello de Culleredo para executar as obras da Rede de saneamento da DP-0510 cunha achega municipal máxima de 190.014,21 € IVE incluído o que supón unha porcentaxe de financiamento do 100,00% do orzamento total.

Este proxecto de acordo ao establecido no convenio contrátase pola Deputación de forma conxunta coa obra de TERMINACIÓN DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0 000 A ORRO PQ 2 940 (CULLEREDO)", cun orzamento de 1.671.420,89 €, que se financiará integramente pola Deputación.

2.- Condicionar a eficacia do convenio á aprobación do proxecto e do convenio, así como coa correspondente encomenda de xestión, que acepta a Deputación. Todo iso condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente por ambas as institucións.

Para estes efectos acreditarase esta circunstancia mediante Resolución de Presidencia da Deputación, previo informe do Servizo de Patrimonio e Contratación.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CULLEREDO PARA A EXECUCIÓN E FINANCIACION DA OBRA DA REDE DE SANEAMENTO DA DP-0510.

Na Coruña, a __ de _____ de 2022

REUNIDOS

Dunha parte, D. _____, Deputado de _____ da Excma. Deputación da Coruña, en virtude das resolucións da presidencia número _____ e _____ polas que se lle delega a competencia para asinar convenios da súa área,

E doutra parte D. _____, Alcalde Presidente do **Concello de Culleredo**,

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

1. Con data de 31 de marzo de 2017, o Pleno da Deputación provincial da Coruña aproba o Proxecto da Travesía CP 0510 de Tarrío a Orro, “ENSANCHE, MEJORA DE TRAZADO, AFIRMADO Y SENDA EN LA DP 0510; TRAMO CONFURCO PK 0 A ORRO PK 2,94” por importe de 1.215.705,33 euros, e que entre outras actuacións recolle, a reposición dos servizos existentes, excepto no saneamento.
2. Pola súa parte, ante os problemas existentes pola falla de saneamento na área por onde discorre a Travesía da CP 0510, de Tarrío ao Orro, o Concello de Culleredo desexa dotar do mesmo a esa zona, e encarga no ano 2016 a redacción do proxecto do servizo de saneamento, ao Arquitecto Alejandro Peña López, no que se contempla a execución dos colectores de saneamento baixo a cuneta da estrada provincial aloxando os rexistros na beiravía, e consignando nos orzamentos municipais de 2017 a cantidade necesaria para a súa execución.
Dito proxecto, encádrase no marco de creación, renovación e mellora da infraestrutura do termo municipal, e leva por rúbrica “Rede de saneamento da DP-0510”.
3. Con data de 12 de setembro de 2017, o Concello de Culleredo, coñecedor das obras que serán realizadas no seu termo municipal e máis concretamente na Travesía da CP 0510, presenta unha solicitude á Deputación Provincial da Coruña, na que propón a actuación conxunta das obras e a formalización dun convenio, que teña por obxecto que a Deputación licite, coordine e execute ambos proxectos, á fin de que a súa execución realícese de forma coordinada con intención de optimizar custos e simplificar e reducir tempos de execución, sendo por conta do Concello de

Culleredo a redacción do proxecto e o importe de execución da obra do saneamento, cuantificada en 141.275,24 euros, IVE engadido, cantidade que se recolleu no orzamento municipal de 2017.

4. O 14 de setembro de 2017, o Servizo de Vías e Obras presenta informe favorable sobre a viabilidade desta proposta, concluíndo que a actuación pode ser licitada conxuntamente coas obras de ampliación previstas na DP-0510, unha vez formalizado o convenio correspondente co Concello de Culleredo.
5. En data 15 de novembro de 2019 asinouuse o convenio de cooperación entre a Deputación provincial de Coruña e o Concello de Culleredo para a execución e financiamento da obra da rede de saneamento da DP 0510.
6. Mediante Resolución de Presidencia nº 11223 de data 23/03/2021, apróbase a contratación das obras incluídas no proxecto DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+940 (CULLEREDO) (INVERSIONS VIAS PROVINCIAIS 2017 PRIMEIRA FASE) (2017.1110.0003.0), de acordo co Prego Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado polo Pleno da Corporación en sesión de data 26/02/2021 (BOP 42 DE 04/03/2021).
7. Mediante Resolución de Presidencia nº 28953 de data 07/07/2021, apróbase a adxudicación do contrato.
8. O obxecto do convenio citado anteriormente era coordinar as actuacións entre a Deputación Provincial de Coruña e o Concello de Culleredo para a execución das seguintes obras:
 - a) Proxecto da Travesía DP 0510 de Tarrío a Orro, "ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510; TRAMO CONFURCO PK 0 A ORRO PK 2,94".
 - b) Proxecto "REDE DE SANEAMENTO DA DP 0510" redactado polo Arquitecto Alejandro Pena López a conta do Concello de Culleredo.

De acordo con o informe do Servizo de Vías e Obras de data 09/03/2022, *"ambas as actuacións habían de realizarse coordinadamente, xa que a rede de saneamento a executar coincide co tramo da estrada a ampliar, polo que no Convenio incluíuse o que a Deputación Provincial licítase a execución de ambas as obras nun único lote a fin de que estas fosen executadas coordinadamente por un único contratista.*

Con todo, a única obra que se contratou, en data 08/07/2021, foi a de ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+94, iniciándose os traballos nos meses posteriores."
9. Sendo necesario o executar as obras de ambos os proxectos de forma conxunta, mediante Resolución de Presidencia nº 21291 de data 04/05/2022, acórdase a resolución do contrato por mutuo acordo, ao obxecto de licitar conxuntamente a execución das obras de ambos os proxectos.
10. En consecuencia, redáctase un proxecto actualizado que ten por obxecto a actualización do orzamento das obras proxectadas, que consisten na fixación de prezos actualizados e o desconto das medicións executadas polo

contratista adxudicatario da execución do proxecto inicial e que foi obxecto de resolución.

11. A Deputación Provincial e o Concello de Culleredo consideran necesario coordinar a súas actuacións para executar as obras incluídas en ditos proxectos, pois desta maneira poderíanse executar simultaneamente os traballos de ampliación da plataforma e os de mellora da rede de saneamento, optimizando custos, simplificando a execución e reducindo os tempos de execución.

Por todo o exposto, as partes:

A C O R D A N

Formalizar o presente Convenio de Cooperación conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente Convenio ten por obxecto **coordinar as actuacións** entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Culleredo con CIF P1503100H, para a execución das seguintes obras:

1. Proxecto de **TERMINACIÓN DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+940 (CULLEREDO)** por importe de 1.671.420,89 €.
2. Proxecto “Rede de saneamento da DP-0510”, redactado polo Arquitecto Alejandro Peña López a conta do Concello de Culleredo por importe de 190.014,21 € IVA engadido.

II.- EXPROPIACIÓN

Non é preciso, dado que existe dispoñibilidade de terreos, que se tramite expediente de expropiación para atramitación do presente convenio.

III.- CONTRATACIÓN DAS OBRAS

A Deputación Provincial, unha vez aprobado polo órgano competente e formalizado o presente convenio, contratará, mediante procedemento aberto e con arranxo aos seus pregos tipo, a execución das obras incluídas en ámbolos proxectos, de **forma conxunta en un único lote**, á fin de que a súa execución se realice de maneira coordinada e así optimizar custos, simplificar a súa execución e reducir tempos de execución.

IV.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

Os orzamentos de execución de ambas obras son os seguintes:

- 1.- Proxecto de **TERMINACIÓN DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+940 (CULLEREDO)**, por importe de **1.671.420,89 €**.

TERMINACIÓN DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+940 (CULLEREDO)	
Orzamento de execución material	1.160.789,57
Gastos xerais (13%)	150.902,64
Beneficio industrial (6%)	69.647,37
IVE (21%)	290.081,31
Orzamento Base de Licitación	1.671.420,89 €

2.- Proxecto “Rede de saneamento da DP-0510”, redactado polo Arquitecto Alejandro Peña López á conta do concello de Culleredo por importe de 190.014,21 € IVE engadido.

RED DE SANEAMIENTO DE LA DP-0510	
Orzamento execución material	131.963,48
Gastos xerais (13%)	17.155,25
Beneficio industrial (6%)	7.917,81
IVAE(21%)	32.977,67
Orzamento Base de Licitación	190.014,21 €

V.- FINANCIAMENTO DAS OBRAS

As obras financiaranse do seguinte xeito:

1. Proxecto da **TERMINACIÓN DP 0510 ENSANCHE, MELLORA DE TRAZADO, AFIRMADO E SENDA NA DP 0510 TRAMO: CONFURCO PQ 0+000 A ORRO PQ 2+940 (CULLEREDO)**, por importe de **1.671.420,89 €**.
A Deputación Provincial da Coruña Financiará o 100% do seu orzamento de execución, con cargo á partida orzamentaria **2022/0410/4531/60900**

O importe das baixas que se produzan na adxudicación ou execución desta obra minorará a achega da Deputación.

Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado pola Deputación.

2. Proxecto **“Rede de saneamento da DP-0510”**, redactado polo Arquitecto Alejandro Peña López á conta do concello de Culleredo por importe de **190.014,21 € IVE engadido**.

O Concello de Culleredo financiará o 100% do seu orzamento de execución por contrata, ata un máximo de **190.014,21 euros**, que se

aboará conforme ao establecido na cláusula VI do presente Convenio. O importe das baixas que se produzan na adxudicación desta obra minorará a achega do Concello.

Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado polo Concello.

A aportación do concello se contabilizará en el concepto de ingresos **361 “Ingresos P/Activos constr ou adquiridos para outras entidades”**.
Calquera incremento derivado de modificacións, liquidacións ou por calquera outro concepto, será aboado polo Concello de Culleredo.

Dado que a vixencia deste convenio esténdese a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentarias

O Concello de Culleredo autoriza á Deputación a consultar os datos correspondentes á acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

VI. PAGO

A Deputación aboará ao contratista adxudicatario da obra, o prezo do contrato a medida que se vaian expedindo e aprobando as correspondentes certificacións de obras, acompañadas das respectivas facturas, conforme ao establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares para a adxudicación das obras mediante procedemento aberto da Deputación.

A Deputación remitirá ao Concello de Culleredo as certificacións das obras correspondentes ao Proxecto “Rede de saneamento da DP-0510”, acompañadas das **respectivas facturas** para que proceda ao ingreso do seu importe, na conta que sinale a Deputación, no prazo máximo dun mes dende a remisión das citadas certificacións.

De igual xeito, remitiranse **as facturas** correspondentes á **coordinación da Seguridade e Saúde e Control de Calidade**.

VII.- DIRECCIÓN DAS OBRAS. COORDINACIÓN DE SEGURIDADE E SAÚDE.

A Dirección das obras realizarase por persoal dos servizos técnicos da Deputación e esta asumirá, no seu caso, os gastos que de el deriven.

A Deputación levará a cabo, do mesmo xeito, mediante medios propios ou servizos externos, a coordinación de seguridade e saúde, e o control de calidade, e asumirá, no seu caso, os gastos que deste feito deriven, repercutindo ao Concello os importes pagados por este concepto no relativo ao Proxecto Municipal e que a continuación se desagregan:

- Orzamento máximo estimado da coordinación de seguridade e saúde: 1.245,47 euros (IVE incluído)
- Orzamento máximo estimado do control de calidade: 1.596,76 euros (IVE incluído)

VIII.- ACTA DE RECEPCIÓN

Notificarase ao Concello de Culleredo, coa debida antelación, a data de formalización do acta de recepción das obras, para que asista, se o considera conveniente, un técnico designado polo Alcalde de Culleredo.

IX.- ACTA DE ENTREGA

A Deputación Provincial, unha vez formalizada a acta de recepción da obra de "Rede de saneamento da DP-0510", entregará ao Concello de Culleredo as citadas obras para a súa adscrición aos servizos de titularidade municipal, a cuxos efectos **formalizarse a correspondente acta de entrega**. A partir de dita entrega o Concello farase cargo dos gastos de conservación e mantemento das citadas obras e instalacións.

X.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase unha comisión de seguimento formada por catro vogais, a razón de dous membros por cada unha das Institucións asinantes do presente convenio, designados polos seus respectivos Presidentes, ao obxecto de coordinar as actuacións derivadas do presente convenio.

XI.- VIXENCIA

O presente Convenio terá vixencia dende a data da súa sinatura ata a finalización das obras e a formalización da acta de entrega da obra ao Concello, e en todo caso, ata o 31 de outubro de 2023. Non obstante, dito prazo poderá prorrogarse por causas xustificadas e en especial tendo en conta o prazo de execución da obra. Todo isto condicionado á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

17.- Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de ARZÚA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora do parque da Feira.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación provincial da Coruña e e o Concello de Arzúa para cofinanciar as obras de Mellora do parque da Feira e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Arzúa** para cofinanciar as obras de **Mellora do parque da Feira** cunha achega provincial de **133.946,94** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1711/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **167.433,68 euros**.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ARZÚA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE MELLORA DO PARQUE DA FEIRA

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Arzúa**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Arzúa considera de primeira necesidade as obras de Mellora do parque da Feira.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...O Concello de Arzúa conta no seu núcleo urbano cun campo da feira onde se atopa un parque infantil (recentemente acondicionado) xunto con outra área de esparcemento moi empregada a diario por veciñas e veciños ademais dos numerosos turistas e peregrinos que ao longo do ano visitan o noso municipio ou transita por el camiño de Compostela.

Nesta zona do parque están ubicados algúns aparellos que utilizan as persoas maiores para facer exercicio físico. Tamén se atopan bancos de madeira que a diario son utilizados polos peregrinos que fan parada en Arzúa e que aproveitan a sombra e a tranquilidade do recinto para repousar nel durante uns intre. O recinto é, ademais, zona de paso para as numerosas persoas que utilizan o Campo da Feira de aparcadoiro. As numerosas familias que a diario acuden cos seus fillos ao parque infantil, o único existente en todo o centro urbano, tamén pasean polo recinto e mesmo agardan nel mentres as súas crianzas desfrutan dos xogos do parque.

Nas últimas datas vense observando un deterioro importante nesta área debido á rotura das plaquetas do pavimento, así como o deterioro dos alcorques que rodean as árbores situadas en dito parque. Esta situación foise agravando polos temporais recentes e pola acción das raíces das árbores, supoñendo un risco para as persoas que frecuentan este espazo, sobre todo: nenas e nenos e persoas maiores. Esta situación obriga á realización de actuacións urxentes que permitan manter a funcionalidade do espazo en condicións de seguridade para os seus usuarios...”

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Arzúa ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Arzúa con CIF P1500600J, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Mellora do parque da Feira”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños, C. e P. D.Pablo Blanco Ferreiro N^o colexiado 22.992

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	116.281,46 euros
------------------------------	-------------------------

Gastos xerais 13,00%	15.116,59 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	6.976,89 euros
IVE (21%)	29.058,74 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	167.433,68 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **133.946,94** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1711/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54^o das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta

xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCÍONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a **súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.**

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo,

sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

18.- Corrección do Acordo 9 da sesión plenaria celebrada o 23 de xuño de 2022 e conseguinte aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de BOQUEIXÓN polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Mellora do viario da Moa a Pena

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Corríxese o erro de transcripción no acordo 9 adoptado na sesión plenaria do 23 de xuño de 2022 polo que se aprobaba convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón, para cofinanciar as obras de "Mellora do viario da Moa a Pena" quedando redactado do seguinte xeito:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón, para cofinanciar as obras de "Mellora do viario da Moa a Pena" e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a súa aprobación e formalización

2º.-Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Boqueixón para cofinanciar as obras de Mellora do viario da Moa a Pena cunha achega provincial de 127.910,10 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/1532/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de 159.887,63 euros.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE BOQUEIXÓN POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA COFINANCIAR AS OBRAS DE MELLORA DO VIARIO DA MOA A PENA

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da **Excm. Deputación Provincial da Coruña,**

E doutra parte o/a representante do **Concello de Boqueixón**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Boqueixón considera de primeira necesidade as obras de Mellora do viario da Moa a Pena

“...dende fai anos a estrada municipal que transcorre pola aldea da Moa e Pena, a parroquia de Loureda, ven sufrindo un tráfico constante debido ó uso continuado por parte dos condutores que se dirixen ó aeroporto de Lavacolla.

E un dos atallos máis utilizados, tanto por parte dos veciños de Boqueixón coma doutros concellos ou pobos limítrofes. Isto conleva que os veciños desta parroquia se queixen continuamente da escasa seguridade vial, posto que non teñen beirarrúas para poder pasear ou camiñar con tranquilidade sen verse obrigados a pararse nos lindeiros da rúa para non sufrir atropelos ou provocar situacións de perigo.

Un dos xeitos de solucionar o problema é dotar á aldea dunha senda peonil para reducir, dun xeito considerable, as situacións de risco que o exceso de tráfico provoca na pista obxecto da obra.”

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar ditas obrass, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de Boqueixón ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Boqueixón con CIF P1501200H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “**obras de Mellora do viario da Moa a Pena**”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado en novembro de 2021 polo Enxeñeiro de camiños Canais e Portos Pablo Blanco Ferreiro **Nº colexiado 22.992**.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	111.040,79 euros
Gastos xerais 13,00%	14.435,30 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	6.662,45 euros
IVE (21%)	27.749,09 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	159.887,63 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **127.910,10** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca (símbolo e logotipo) da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da a entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.

- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal y como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a**

documentación xustificativa indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola

Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

19.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CAMARIÑAS polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Reurbanización das Rúas Ramón Noguera e Irmáns Fernández e ordenación do encontro coa Avenida da Coruña.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación provincial da Coruña e e o Concello de Camariñas polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de reurbanización das Rúas Ramón Noguera e Irmáns Fernández e ordenación do encontro coa Avenida da Coruña e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización.

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Camariñas** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento das obras de **Reurbanización das Rúas Ramón Noguera e Irmáns Fernández e ordenación do encontro coa Avenida da Coruña**, cunha achega provincial de **102.676,82** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1532/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **128.346,03 euros**.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CAMARIÑAS POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REURBANIZACIÓN DAS RÚAS RAMÓN NOGUERA E IRMÁNS FERNÁNDEZ E ORDENACIÓN DO ENCONTRO COA AVENIDA DA CORUÑA

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Camariñas**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación

municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Camariñas** considera de primeira necesidade as obras de **Reurbanización das Rúas Ramón Noguera e Irmáns Fernández e ordenación do encontro coa Avenida da Coruña**

“...A zona visitada conta cunha elevada densidade edificatoria, rúas estreitas e con pavimentación (de formigón e pavimento asfáltico segundo rúas) moi deteriorada, presentando numerosas fochancas e irregularidades e reparacións mal executadas, o que á súa vez provoca a aceleración dos efectos nocivos que a acción dos axentes atmosféricos provoca sobre os xa deteriorados, acabados agravando a situación actual.

Así mesmo, na rúa Ramón Noguera existe unicamente unha anticuada rede de saneamento subterránea executada con tubos prefabricados de formigón que co paso do tempo e baixo a acción do tránsito de vehículos, cedeu, o que favoreceu a aparición de múltiples fugas das augas residuais ao terreo.

A feixes, esta canalización fai a dobre función de recollida e evacuación das augas residuais procedentes das distintas acometidas domiciliarias, así como a de recollida das augas pluviais a través de sumidoiros e conexión de baixantes de cubertas. Todo o conxunto, é vertido de forma directa ao mar, coa conseguinte deterioración das condicións hixiénico-sanitarias da contorna, ademais da afectación grave ao medio ambiente.

Hai que facer mención expresa a que esta vertedura sen depurar afecta, por unha banda á zona de baño da praia de Area da vila, que actualmente está retirada do rexistro de zonas de baño da Xunta de Galicia por dar unha calidade de auga insuficiente e ademais, afecta ao conxunto da Ría de Camariñas onde se atopan varios bancos marisqueiros, sobre todo de berberecho e ameixa, que son a única fonte de ingresos da Agrupación de Mariscadores formada por algo máis de 100 persoas...”.

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Camariñas** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Camariñas con CIF P1501600I, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Reurbanización das Rúas Ramón Noguera e Irmáns Fernández e ordenación do encontro coa Avenida da Coruña”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado en novembro de 2020 polo Arquitecto D. Jorge roura Traseira Nº Colexiado 1910

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	89.135,38 euros
Gastos xerais 13,00%	11.587,60 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	5.348,12 euros
IVE (21%)	22.274,93 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	128.346,03 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **102.676,82** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello,

sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54^o das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adjudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adjudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adjudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3.A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de

axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓNS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

20.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de CARBALLO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras do proxecto "Carballo para a infancia"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o repara interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Carballo, para cofinanciar as obras do proxecto "Carballo para a infancia" e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a súa aprobación e formalización

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Carballo** por el que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras do **proxecto Carballo para a infancia**, cunha achega provincial de **441.254,72 €** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1711/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de **551.568,40 euros**.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE CARBALLO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DO PROXECTO CARBALLO PARA A INFANCIA

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Carballo**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Carballo** considera de primeira necesidade as obras de **o proxecto Carballo para a infancia”, é de interese público de carácter social e deportivo, dadas as características do mesmo da mellora da accesibilidade e**

inclusión nos parques infantís, xa que pretende fomentar o uso dos espazos públicos pola infancia mediante xogos adaptados, ademais de crear espazos para o descanso de adultos e maiores, fomentando o vínculo emocional.

Ademais, preténdese con estas adecuacións promover a rúa como espazo de deporte e ocio entre a infancia, conxuntamente co fomento da mobilidade sostible

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Carballo** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Carballo con CIF P1501900C, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras do proxecto **Carballo para a infancia**”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución de data xullo de 2022 redactado polo arquitecto D.Felipe Nuñez Méndez N^o Colexiado COAG 3.222

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	379.940,21 euros
Gastos xerais 13,00%	49.392,23 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	22.796,41 euros
IVE (21%)	94.947,06 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	551.568,40 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENÑAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **441.254,72** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1711/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.**Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54^o das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de

xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da a entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia

bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, **a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.**

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a

iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

21.- Aprobación dun convenio de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de FENE polo que se instrumente unha subvención nominativa para cofinanciar a adquisición dun local para o concello.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación

provincial da Coruña e e o Concello de Fene para cofinanciar a adquisición dun local para o concello e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder á súa aprobación e formalización

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada la existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Fene para cofinanciar a adquisición dun local para o concello cunha achega provincial de **248.000,00 euros** con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/93391/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de **310.000,00 euros**.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FENE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA ADQUISICIÓN DUN LOCAL PARA O CONCELLO

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación da Coruña

E doutra parte o/a representante do **Concello de Fene**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación

municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios **para a adquisición de inmobles para destinalos ao interese público.**

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local Neste sentido, *O Concello de Fene conta cunha Casa Consistorial que carece de espazo para acoller todas as dependencias municipais, o que fixo que co paso do tempo e o incremento de persoal fose necesario utilizar outros edificios. A localización destes edificios carecen das características necesarias para unha boa atención á veciñanza, xa que presenta falta de accesibilidade, antigüidade elevada e os consecuentes gastos de alugueiro. As dependencias de Formación, Emprego, Promoción Económica e Prevención de riscos laborais carecen de accesibilidade, o xulgado de Paz conta cunhas instalacións obsoletas e que precisan de fortes investimentos para adecualas ás necesidades actuais, o arquivo municipal está en dous edificios, unha parte no propio concello e outra nun local alugado e por último parte dos vehículos municipais, como os da policía local ou da brigada de obras e servizos, carecen de garaxe. Por todas estas razóns o goberno local realizou xestións para adquirir un local que cubra as necesidades antes descritas e que permita acomodar futuros incrementos de persoal.....*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Fene** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de cooperación conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o **Concello de Fene** (P1503600G) para o financiamento da adquisición do ben inmovible que se describe de seguido:

SITUACIÓN: C/Tras do Cadavo Planta:-1/2. Puerta 1
C/Tras do Cadavo Planta:-1/2. Puerta 2

REFERENCIAS CATASTRAIS 7941320NJ6174S0002TB
7941320NJ6174S0003YZ

INSCRIPCIÓN REGISTRAL: **TOMO 770 LIBRO 159 FOLIO 94 ALTA 1**
TOMO 770 LIBRO 159 FOLIO 102 ALTA 1

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo a documentación que se achegou polo Concello, o orzamento máximo da adquisición ascende a **310.000,00** euros.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE .

1. A Deputación da Coruña cofinanciará o orzamento da adquisición tal como se define na cláusula anterior, cunha **achega máxima de 248.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de adquisición, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente **o 80,00%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira adquirir o ben para destinalo ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e, xa que logo, **non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.**

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/933.91/762.01** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao concello o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar dita adquisición con persoas o entidades vinculadas ao concello, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na **escritura de compravenda** que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase **constar o importe do financiamento provincial**

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54^o das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adquisición do inmovible, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- **Certificación do acordo** polo que se aproba a **adquisición do ben inmovible**, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
- **Descrición física e xurídica** do ben.
- **Identificación do titular o titulares** coa cuota que lles corresponda a cada un deles
- **Valoración pericial.**
- **Aceptación dos propietarios** do valor que se lles asigne
- Determinación da data para a **elevación á escritura pública.**
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

2.- Adquirido o ben, procederase ao abono do **60 por cento** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Copia da escritura pública de adquisición** na que **constará o importe do financiamento provincial**
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula QUINTA** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).

- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN DOS BENS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición que é obxecto de financiamento provincial, tal y como está descrita na cláusula primeira, deberá estar **rematada e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓNNS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na adquisición ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do **30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa para adquisición, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito

que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

22.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de FRADES polo que se instrumente una subvención nominativa para cofinanciar a "Adquisición dun tractor equipado con medios auxiliares"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea

Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de **FRADES** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a "**Adquisición dun tractor equipado con medios auxiliares**" e instar a que o mesmo **siga os trámites oportunos para proceder a sua aprobación e formalización**

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Frades** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o cofinanciamento do subministro **dun tractor equipado con medios auxiliares** cunha achega provincial de **74.880,00** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/1711/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **93.600,00 euros**.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE FRADES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DO SUBMINISTRO DUN TRACTOR EQUIPADO CON MEDIOS AUXILIARES

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Frades**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: ...b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.....d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade...

Neste sentido, o Concello de **Frades** considera de primeira necesidade o subministro dun tractor equipado con pá

“...Frades é un importante concello gandeiro, coa concentración parcelaria rematada por completo e con máis de 600 km de pistas. A actividade diaria dos veciños do termo municipal precisa o uso das súas pistas para realizar todas as actividades relacionadas coas labores gandeiras, tales como a semente do millo e herba, o abono das praderías, a sega, etc... para obter unha importante parte da alimentación do gando vacún de leite. As pistas son necesarias para o desprazamento da maquinaria e tractores, e o seu bo estado é básico e fundamental para o desenvolvemento de todas estas actividades. A compra do tractor equipado con pa forma parte das melloras que a Corporación Municipal está a realizar para a mellora da economía da zona, centrada na conservación e mantemento das estradas e pistas municipais, moi empregadas polos veciños e gandeiros do concello e termos lindeiros, dando deste xeito, unha resposta óptima as necesidades actuais.”

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello adquirir o subministro, motivado principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Frades** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I. - OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **Frades**, con **CIF P1503900A**, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o cofinanciamento do subministro que se describe de seguido: **Adquisición de tractor con medios auxiliares**, tal e como aparece definida no prego de prescricións técnicas redactado pola arquitecta municipal Mónica García Soage

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora achega ao expediente un exemplar do Prego de Prescricións, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta coas autorizacións administrativas preceptivas. O dito Prego de Prescricións Técnicas foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

Segundo o orzamento que achega o Concello o orzamento máximo para a subministración ascende a

	93.600,00 euros.
Tractor equipado con pa	77.355,37 euros
IVE (21%)	16.244,63 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	93.600,00 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento do subministro, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de **74.880,00 €** o que representa unha porcentaxe de **80,00 %**

No caso de que o gasto xustificando non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00 %** da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do subministroe, polo tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción do

Prego, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados da subministración.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1711/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao Concello o outorgamento dos correspondentes contratos de subministro.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do Prego inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do Prego modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo., para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1.No contrato e nos anuncios de licitación para adquisición, farase constar o importe do financiamento provincial.

2. Adquirido o ben, o Concello,deberá **rotular o ben en lugar visible** de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. 3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, **dándolle publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministro**, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos: Persoa adxudicataria, Importe do contrato E prazo de execución
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- O Concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V. de publicidade./**Acreditación da colocación da publicidade da deputación mediante a remisión de fotografías debidamente dilixenciadas pola dirección.**

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- Acta de recepción **e fotografía do subministro realizado**
- **Factura e certificación acreditativa do pago do ben.**
- **Certificación do acordo de aprobación da factura e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de dez anos.

- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboadado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboadado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA A ADXUDICACIÓN E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. A adxudicación que e obxecto de financiamento provincial, tal e como está descritas no proxecto indicado na cláusula I, deberán estar **rematada e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación

dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non adquirira o ben e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa para a adquisición, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o

convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación.** En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por **duplicado exemplar** o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

23.- Aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de ORDES polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Humanización da rúa Coruña

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea)

Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.-Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes, para cofinanciar as obras de " Humanización da rúa Coruña " e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a súa aprobación e formalización

2.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Ordes polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Humanización da rúa Coruña cunha achega provincial de 80.000,00 euros con cargo a la aplicación orzamentaria 0112/1532/76201, o que representa un coeficiente de financiamento do 69.42263 % respecto dun orzamento de 115.236,20 euros.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE ORDES POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA CORUÑA

Na Coruña, a __ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña
E doutra parte o/a representante do Concello de **Ordes**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **Ordes** considera de primeira necesidade as obras de **Humanización da rúa Coruña**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“...O concello de Ordes dispón dunha rede viaria composta por 265,88 Km de camiños asfaltados e de 458,02 Km sen asfaltar, o que supón un total de 723,90 Km de viario público, cunha superficie total aproximada de 160 km². O mantemento e asfaltado do viario público absorbe unha parte moi importante dos recursos municipais, resultando moi difícil para o concello de Ordes mantelos en óptimas condicións para o seu uso cos seus fondos propios. As infraestruturas viarias trátanse dun servizo municipal básico demandado pola poboación, posto que a necesidade de desprazarse a través de viais que se encontren nun adecuado estado de conservación é imprescindible para satisfacer as necesidades dos veciños; as obras de Humanización da Rúa Coruña supoñen a mellora das condicións de vida das persoas residentes nesta rúa...”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Ordes** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Ordes con CIF P1506000G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Humanización da rúa Coruña”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo Enxeñeiro de Camiños, C. e P. D.Pablo Blanco Ferreiro Nº Colexiado : 22.992 de data xuño de 2022.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	80.030,70 euros
Gastos xerais 13,00%	10.403,99 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	4.801,84 euros
IVE (21%)	19.999,67 euros

ORZAMENTO DE LICITACIÓN 115.236,20 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **80.000,00** euros o que representa unha porcentaxe de **69.42263** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consinou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **69.42263** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/1532/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web**.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación**.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención**.
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción

que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIONES.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a

existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de

dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

24.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de RIBEIRA polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "Instalación, remate e urbanización exterior do Centro Social multiusos de Carreira"

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Ribeira** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "Instalación, remate e urbanización exterior do Centro Social multiusos de Carreira" cunha achega provincial de **213.101,22** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/93393/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **72.09581 %** respecto dun orzamento de **295.580,58 euros**.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE RIBEIRA POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE "INSTALACIÓN, REMATE E URBANIZACIÓN EXTERIOR DO CENTRO SOCIAL MULTIUSOS DE CARREIRA.

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Ribeira**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de Ribeira considera de primeira necesidade as obras de "Instalación, remate e urbanización exterior do Centro Social multiusos de Carreira."

"..Dito proxecto, é un investimento dedicado ao remate do novo Centro Multiusos de Carreira, sendo este edificio unha infraestrutura moi agardada polos veciños desta parroquia co fin de dispor dunha instalación adecuada na que participar ou promover actividades de índole social e cultural.

....O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña na sesión ordinaria celebrada o 13/09/2019 adoptou o acordo de "Aprobación do proxecto modificado da obra "Instalación, remate e urbanización exterior do Centro Social Multiusos de Carreira" polo importe de 295.580,58 euros."

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuacións preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razóns de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Ribeira** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de Ribeira_ con CIF P1507400H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de Instalación, remate e urbanización exterior do Centro multiusos de Carreira.”(reformulado), tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución redactado polo arquitecto D. Ángel Cid Carballo (2C Arquitectos), de data marzo de 2019.

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	205.278,55 euros
Gastos xerais 13,00%	26.686,21 euros
Beneficio Industrial 6,00 %	12.316,71 euros
IVE (21%)	51.299,11 euros
ORZAMENTO DE LICITACIÓN	295.580,58 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENIAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **213.101,22** euros o que representa unha porcentaxe de **72.09581** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **72.09581** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/93393/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.
2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**
- 3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.
- 4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.
2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.
3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54^o das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):
 - Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
 - **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**

- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13

de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á

Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende o **1 de XANEIRO de 2022** e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento

25.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de SAN SADURNIÑO polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de Rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Levantar o reparo interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de San Sadurniño, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de "Rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario" e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a súa aprobación e formalización

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención

nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

3º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de San Sadurniño** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar as obras de **Rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario** cunha achega provincial de **239.880,55** euros con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/93391/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do **80,00 %** respecto dun orzamento de **299.850,69** euros.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE SAN SADURNIÑO POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN DA ESCOLA DE IGREXAFEITA PARA ESPAZO SOCIOCOMUNITARIO.

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excma. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **San Sadurniño**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias: d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade.

Neste sentido, o Concello de **San Sadurniño** considera de primeira necesidade as obras de **Rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario**

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar as obras, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

“..1. O Concello acredita a necesidade de coordinar as súas actuacións e de cooperar activamente co resto das Administracións públicas de cara a continuar a traballar na mellora da calidade de vida dos nosos veciños e veciñas. Neste senso, vimos colaborando coa Deputación provincial de maneira habitual ao longo dos últimos anos, e estamos convencidos que este bo entendemento entre ambas as dúas partes vai seguir a dar os seus froitos, o cal redundará na mellora dos servizos que prestamos.

2. En segundo lugar, con esta actuación estarase asegurando o mantemento e a rehabilitación dun edificio público, protexendo e mellorando o patrimonio construído do propio Concello.

3. Dende o punto de vista económico, este tipo de intervencións teñen uns custos moi elevados, que poden resentir a estabilidade orzamentaria dun concello pequeno coma San Sadurniño. Por este motivo, consideramos que sería positivo que na rehabilitación da antiga escola e na súa conversión nun centro sociocomunitario colaboren o Concello e mais a Deputación.

4. Esta actuación non se solicita no marco do POS da Deputación porque no 2021 o Concello vai desenvolver outros proxectos que xa están solicitados e comprometidos. Tampouco pode ir dentro da futura convocatoria correspondente ao ano 2022 xa que é necesario realizar outros investimentos vinculados coa mellora da rede viaria municipal, que son urxentes e non se poden aprazar, tendo en conta que San Sadurniño é un municipio extenso (100 km²), cunha poboación totalmente dispersa (228 entidades de poboación) e con máis de 250 kms de estradas municipais asfaltadas, e outros tantos de camiños rurais.

5. Ademais, con respecto ao ámbito territorial deste proxecto, temos que salientar que o Centro non daría servizo exclusivamente a persoas de

Igrexafeita, nin do Concello de San Sadurniño, senón que a pretensión é que se converta nun recurso de carácter comarcal. O Centro vai ter unha boa conectividade, xa que se atopa nas proximidades da autovía AG-64, que vertebra todo o territorio entre Ferrol e As Pontes, e que facilitaría o acceso de persoas da Capela, As Somozas, Neda, Narón, Moeche ou As Pontes, por exemplo.....”

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de San Sadurniño** ambas as dúas partes

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do Concello de **San Sadurniño** con CIF P1507700A, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento das “obras de **Rehabilitación da escola de Igrexafeita para espazo sociocomunitario**”, tal e como aparece definida esta no proxecto técnico de execución de 28/06/2022 redactado pola arquitecta D^a Montserrat Ruiz Fernández N^o Colexiado 2377

2- A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora da obra, achega ao expediente un exemplar do proxecto, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta con todas as autorizacións administrativas preceptivas e coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras. O dito proxecto foi supervisado polos Servizos Técnicos da Deputación e conta con informe favorable.

3- A obra está perfectamente definida nos planos de conxunto e de detalle e en todos os documentos que incorpora o proxecto, tal e como esixe o artigo 233 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, coa manifestación expresa de obra completa realizada polo seu redactor ou fase susceptible de utilización ou aproveitamento separado. Xa que logo, unha vez rematada e dentro do período de vixencia do convenio, a entidade beneficiaria, comprométese a destinala a uso público para o cal está prevista.

II.- ORZAMENTO DE EXECUCIÓN DAS OBRAS.

O orzamento total da execución de contrata da obra, segundo o proxecto técnico ao que se fai referencia na cláusula anterior, desagregase co seguinte detalle:

Orzamento Execución Material	208.244,11 euros
Gastos xerais e Beneficio Industrial 19,00 %	247.810,49 euros

173

Deputación Provincial da Coruña

IVE (21%)

52.040,20 euros

ORZAMENTO DE LICITACIÓN

299.850,69 euros

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña financiará o orzamento das obras, tal como se define na cláusula anterior, cunha achega máxima de **239.880,55** euros o que representa unha porcentaxe de **80,00** %. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento da contrata, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00** % da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira rematar a obra e entregala ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados do contrato de execución das obras e, xa que logo, **non serán subvencionables** os gastos de **redacción de proxectos, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección das obras, coordinación de seguridade e saúde, control de calidade, etc.**

Tampouco se financiarán os incrementos de gasto derivados de modificados, reformados ou liquidacións da obra.

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/93391/76201**, na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. Na condición de promotor, corresponderalle á entidade beneficiaria o outorgamento do contrato de execución das obras descritas no proxecto ao que fai referencia a cláusula primeira.

2. No procedemento de contratación, a entidade beneficiaria axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público, **ben mediante o procedemento aberto ou procedemento aberto simplificado.**

3.- Deberá utilizar os **pregos-tipo de contratación da Deputación** e non poderá recoller o concepto de “melloras”.

4.- No caso de que a entidade beneficiaria tramite e APROBE ALGUNHA **MODIFICACIÓN do proxecto** inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación, **con anterioridade** á aprobación do mesmo polo órgano competente, un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos, para a súa supervisión polos Servizos Técnicos Provinciais. Posteriormente, se achegará a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. **Durante a execución** das obras e ata o seu remate e recepción, a entidade beneficiaria estará obrigada a colocar un **cartel que sexa visible alomenos a unha distancia de 25 metros** no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure a marca, símbolo ou logotipo da Deputación e o importe da subvención concedida.

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación da obra, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo de adxudicación do contrato de obras**, na que figuren polo menos os seguintes datos: empresa adxudicataria, importe do contrato e prazo de execución
- **Acta de reformulo da obra**, asinada pola súa dirección, polo/a contratista e no seu caso, polo **funcionario técnico designado pola Deputación.**
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.

- **Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.**
- **Acreditación da colocación do cartel informativo** ao que se refire a cláusula V, mediante remisión de fotografía debidamente dilixenciada pola dirección da obra.

2. Rematada completamente a obra, procederase ao abono do **60 por cento restante**, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Certificacións, acta de recepción e fotografía da obra realizada**, que debe ser dilixenciada pola dirección técnica. Ao acto de Recepción da Obra deberá acudir un técnico designado pola Deputación, quen asinará tamén a correspondente Acta.
- **Certificación do acordo de aprobación das certificacións de obra e do recoñecemento da obriga**, expedida polo órgano competente.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Declaración doutras axudas ou subvencións** solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V** (mediante a presentación de fotografías dilixenciadas no reverso).
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de cinco anos.
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado a os terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA O REMATE DAS OBRAS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. As obras que son obxecto de financiamento provincial, tal e como están descritas no proxecto técnico indicado na cláusula I, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuizamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na realización das obras ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

.4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCiónS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCión CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao **Concello** será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas as obras e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar **antes do 30 de SETEMBRO de 2023**, a **PRÓRROGA** do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo asinado pola dirección de obra, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de

xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

26.- Aprobación dun Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de VILASANTAR para cofinanciar a adquisición dunha parcela para a construción dunha nave para destinala a servizos básicos municipais

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (14 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"**1º Levantar o reparo** interposto pola Intervención Provincial na tramitación do expediente de aprobación dun convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o Concello de **Vilasantar**, polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a adquisición dunha parcela para a construción **dunha nave para destinala a servizos básicos municipais** e instar a que o mesmo siga os trámites oportunos para proceder a súa aprobación e formalización

2º.- Exceptuar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan as razóns de interese público no outorgamento da subvención. Estes principios atópanse recollidos nos artigos 22.2 LXS e 65-67 do seu Regulamento.

2º.- Aprobar o texto e a formalización do Convenio de Cooperación entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e o **Concello de Vilasantar** polo que se instrumenta unha subvención nominativa para cofinanciar a adquisición dunha parcela para a construción **dunha nave para destinala a servizos básicos municipais, cunha achega provincial de 26.400,00 euros** con cargo a la **aplicación orzamentaria 0112/93391/76201**, o que representa un coeficiente de financiamento do 80,00 % respecto dun orzamento de **33.000,00 euros**.

ANEXO

CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE VILASANTAR POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO PARA A COMPRA DUNHA PARCELA PARA A CONSTRUCCIÓN DUNHA NAVE PARA DESTINALA A SERVIZOS BÁSICOS MUNICIPAIS

Na Coruña, a ___ de _____ de 2022

Ante min, Amparo Taboada Gil, Secretaria Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedataria actuante

REUNIDOS

Dunha parte, o/a representante da Excm. Deputación Provincial da Coruña

E doutra parte o/a representante do Concello de **Vilasantar**

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a **adquisición de inmobles para destinalos ao interese público**.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que

contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local. Neste sentido, o Concello de **Vilasantar** considera de primeira necesidade a adquisición dunha*parcela e dunha edificación propia para gardar a maquinaria, o material e a ferramenta que utiliza para desenvolver a actividade municipal dos servizos públicos básicos para o seu concello e ante a necesidade de que dita parcela esté situada na proximidade do concello e que ademáis esté urbanizada (a nova parcela conta con aceras, aparcadoiros e luz pública exterior)*

Dado o interese coincidente da Deputación e do **Concello de Vilasantar** ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente convenio de cooperación conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello de Vilasantar (P1509100B) para o financiamento da adquisición do ben inmovible que se describe de seguido:

PARCELA	“Chousa do Campón”
SITUACIÓN:	Lugar de Raposeiras,
REFERENCIAS CATASTRAIS	15091A018000220000HQ
M ² :	10.645,15 m ²

INSCRIPCIÓN REGISTRAL: **Tomo 824 Libro 35 Folio 102 Alta 4**

II.- ORZAMENTO PARA A ADQUISICIÓN.

Segundo a documentación que se achegou polo Concello, o orzamento máximo da adquisición ascende a **33.000,00** euros.

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU ACHEGUEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. A Deputación da Coruña cofinanciará o orzamento da adquisición tal como se define na cláusula anterior, cunha **achega máxima de 26.400,00 euros** o que representa unha porcentaxe do **80,00 %**. A contía restante, ata conseguir o importe total do orzamento de adquisición, estará financiada con cargo a recursos propios ou alleos do Concello, sempre e cando acredite a entidade beneficiaria que consignou crédito adecuado e suficiente para o seu financiamento.

2. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o **80,00%**, da cantidade efectivamente xustificada. Agora ben, se coa cantidade efectivamente xustificada non se conseguira adquirir o ben para destinalo ao uso público previsto, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobramento.

3. A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da adquisición do ben inmovible e **non serán subvencionables os gastos notariais, honorarios periciais nin rexistrals.**

4. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria **0112/93391/76201** na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

Para a anualidade corrente existe crédito dabondo polo importe indicado, tal como consta no certificado de existencia de crédito emitido pola Intervención provincial. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese á entidade beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do Orzamento para dito ano e a que existe no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto, así como ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

5. A subvención da Deputación é compatíbel coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

Na súa condición de adquirente, corresponderalle ao concello o outorgamento do correspondente contrato de compravenda. Non se poderá contratar dita adquisición con persoas o entidades vinculadas ao concello, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL.

1. Na **escritura de compravenda** que se outorgue para a adquisición do ben inmovible, farase **constar o importe do financiamento provincial**

2. **Rematada a obra**, deberase colocar **unha placa** en lugar visible na que se deixe constancia da data de inauguración da obra e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

3. Asemade, a entidade beneficiaria deberá cumprir coas obrigas de información que lle impón a Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso a información pública e bo goberno, dándolle **publicidade a este convenio no Portal de Transparencia da súa páxina web.**

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL.

1. Coa posibilidade prevista nas Bases 54º das de execución do Orzamento para o ano 2022, **ata o 40 por cento** da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol da entidade

beneficiaria pola contía resultante de aplicar dita porcentaxe sobre o importe de adquisición do inmovible, unha vez que se achegue ao expediente a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):

- Certificación do **acordo polo que se aproba a adquisición** do ben inmovible, expedida polo órgano competente, acompañada da seguinte documentación:
- **Descrición física e xurídica** do ben.
- **Identificación do titular o titulares** coa cuota que lles corresponda a cada un deles
- **Valoración pericial.**
- **Aceptación dos propietarios do valor** que se lles asigne
- Determinación da **data para a elevación á escritura pública.**
- Acreditación do **cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.

2.- Adquirido o ben, procederase ao abono do **60 por cento** restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:

- **Copia da escritura pública de adquisición** na que **constará o importe do financiamento provincial**
- **Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario** de bens da entidade beneficiaria, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención alomenos durante un prazo de dez anos.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas tributarias e coa Seguridade Social**, segundo o disposto na cláusula VIII.
- **Certificación** expedida polo órgano responsable da contabilidade das **axudas e outros ingresos** afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
- Acreditación do cumprimento das **obrigas de publicidade previstas na cláusula V**
- Deberá acreditar o **pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable**

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola entidade beneficiaria na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses dende a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a entidade beneficiaria terá dereito ao abono dos xuros de demora, ao tipo de xuro legal, que se perciba, dende a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

4. Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento. Esta obriga será comprobada pola Deputación, no seu caso, no procedemento de control financeiro que se poida instruír para tal efecto, sen que se

teña que presentar documentación adicional ningunha no expediente de xestión e pagamento da subvención.

VII.- TERMO PARA A ADQUISICIÓN DOS BENS E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A adquisición que é obxecto de financiamento provincial, tal y como está descrita na cláusula primeira, deberá estar **rematada e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN.

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social. A entidade beneficiaria autoriza á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificado ou ben autorizando á Deputación a que obteña telepticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A entidade beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a entidade beneficiaria poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, á entidade beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de axuízamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIONS.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá implicar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se perciban dende o día no que se realizou o pagamento ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio e na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Nos supostos de retraso na adquisición do inmovible ou retraso na presentación da xustificación, estarase ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VI.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da entidade beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado,

para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web www.dacoruna.gal

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN.

1.O presente convenio de cooperación producirá efectos dende a data da súa sinatura e conservará a súa **VIXENCIA** ata o día **31 de OUTUBRO do 2023**. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do **30 de SETEMBRO de 2023**, a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa para adquisición, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que **en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2024**, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En

ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha **comisión de seguimento** formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o polo Concello respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

4. Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación Provincial en sesión celebrada o _____

E en proba de conformidade, asinan por duplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento."

(Incorpórase á sesión o Sr. Rioboo Castro).

27.- Estimación do recurso formulado contra o acordo do Pleno de 31/07/2020 polo que se aprobou a tramitación dun expediente de expropiación forzosa en relación cos bens e dereitos ocupados no predio 15031A025001350000J lindeira co Monte Costa.

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1.- Estimar a reclamación formulada por María Dolores García Deschamps e, en consecuencia, declarar a nulidade do procedemento de expropiación forzosa aprobado por acordo do Pleno de 31/07/2020 en relación cos bens e dereitos

ocupados na finca 15031A025001350000OJ que linda co Monte Costa, en Culleredo (A Coruña).

2.- Trasladar o presente expediente á Presidencia da Deputación para que inicie o correspondente procedemento de responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas de acordo co disposto na Disposición Adicional da Lei de 16 de decembro de 1954 sobre Expropiación Forzosa."

28.- Desestimación das alegacións do grupo político do Concello de Oroso "Oroso Renovable" respecto da aprobación da obra do citado concello denominada "Mellora da rede viaria nos lugares de A Baiuca (Senra)-Requeixo (Cardama) e Castro-Burgao-Piñeiro (Trasmonte)," incluída no POS+ 2022 co código 2022.2000.0217.0, levantamento da condición á que quedou sometida e aprobación definitiva desta e do Plan POS+ 2022

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á presentación polo grupo político do Concello de Oroso "Oroso Renovable" respecto da aprobación da obra do citado concello denominada "Mellora da rede viaria nos lugares de A Baiuca (Senra)-Requeixo (Cardama) e Castro-Burgao-Piñeiro (Trasmonte)," incluída no POS+ 2022 co código 2022.2000.0217.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver que o Pleno desta corporación provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 26 de novembro de 2021, aprobou as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, publicadas no BOP número 228, do 30 de novembro de 2021

Logo de ver o acordo que adoptou o Pleno da Deputación Provincial da Coruña, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de maio de 2022, relativo á aprobación da modificación das Bases reguladoras do POS+ 2022 para engadir a base 13 que regula o POS+ Adicional 2/2022 para o financiamento de gastos correntes do exercicio 2022, investimentos financeiramente sostibles e revisión excepcional de prezos nos contratos públicos de obras municipais e que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 102 do 31 de maio de 2022

Tendo en conta que mediante o acordo adoptado polo Pleno desta deputación provincial o 23 de xuño de 202, considerouse definitivamente aprobada a modificación das Bases reguladoras do POS+ 2022 para a regulación do POS+ Adicional 2/2022,

logo de desestimar as alegacións presentadas o 13 de xuño de 2022 polo Concello de Ordes, dentro do prazo de 10 días de exposición pública

Tendo en conta que no marco destas Bases reguladoras modificadas, o Pleno desta corporación provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 23 de xuño de 2022, acordou a aprobación do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022

Logo de ver que o 28 de xuño de 2022 presentouse o citado acordo plenario para ser informado na Comisión Galega de Cooperación Local e para o seu coñecemento na Presidencia da Xunta de Galicia, en cumprimento do establecido nos artigos 112 e 191 i) da Lei 5/1997, do 22 de xullo de Administración local de Galicia e que tamén se presentou na Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais e na Subdelegación do Goberno en Galicia, de conformidade co establecido no artigo 9 del Real decreto 835/2003, de 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais, tendo transcorrido o prazo de 10 días dende a solicitude de informe sen que se presentara alegación ningunha

Tendo en conta que no Boletín Oficial da Provincia número 121, do 28 de xuño de 2022, publicouse un anuncio relativo á aprobación do POS+ 2022, para os efectos de que se puideran presentar as alegacións que se considerasen oportunas no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da súa publicación

Logo de ver que dentro deste prazo de 10 días de exposición pública, o 4 de xullo de 2022 tivo entrada no Rexistro Xeral desta deputación provincial, co número 202299900075279, un escrito do grupo político "Oroso Renovable", do Concello de Oroso, mediante o que se formulan alegacións respecto da aprobación da obra do citado concello denominada "Mellora da rede viaria nos lugares de A Baiuca (Senra)-Requeixo (Cardama) e Castro-Burgao-Piñeiro (Trasmonte)", incluída no POS+ 2022 co código 2022.2000.0217.0 cos seguintes datos:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO			Condición pendente
			Deputación	Concello	Orzamento Total	
2022.2000.0217.0	Oroso	Mell. rede viaria Baiuca-Requeixo (Cardama) e ou.	310.988,80	5.784,34	316.773,14	Autorización de Augas de Galicia

Logo de ver que no escrito de alegacións presentado invócase que a obra de pavimentación pasa por diante da Igrexa e da Reitoral da Parroquia de Senra, que son bens patrimoniais catalogados no PXOM coas súas fichas correspondentes, polo que solicita que nesta actuación de mellora viaria se acoute un tramo diante dos bens

indicados no que se empreguen materiais pétreos que permitan unha mellor integración arquitectónica e paisaxística e no seu caso se realice unha visita de campo cos técnicos responsables da actuación para que a obra prevista no seu paso por diante da Igrexa, do Campo da Festa e da Reitoral incorpore materiais construtivos que sexan axeitados

Tendo en conta que o proxecto técnico aprobado polo Concello de Oroso para a súa inclusión no POS+ 2022, asinado dixitalmente o 6 de maio de 2022, foi supervisado favorablemente o 27 de maio de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación logo de completar o proxecto inicial presentado cos prezos simples de man de obra, materiais e maquinaria; condicións urbanísticas da intervención; xustificación de estudo básico; localización da caseta de obra e percorridos de evacuación; e plan de obra desagregado en actividades e valorado por mes, cuestións técnicas que, segundo o criterio do arquitecto municipal, son de carácter menor e polo tanto supoñen cambios non substanciais no proxecto

Logo de ver o Informe técnico do investimento (Anexo V), asinado dixitalmente o 9 de maio de 2022 polo arquitecto municipal, no que informa favorablemente este proxecto técnico do 6 de maio de 2022 xa que dispón de todas as autorizacións sectoriais preceptivas (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Servizo de Patrimonio Natural; Consellería de Cultura Educación e Universidade, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e Servizo de Patrimonio Cultural; Deputación Provincial da Coruña; e organismo titular das redes eléctricas Unión Fenosa Distribución, S.A.), dado que respecto de Augas de Galicia, basta a presentación polo concello dunha declaración responsable por tratarse de obras menores e de que polo tanto, non se observa inconveniente para a execución das obras proxectadas

Logo de constatar que tal e como indica o arquitecto municipal no seu informe do 9 de maio de 2022 (Anexo V), a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural autoriza as obras de mellora solicitadas sen establecer ningunha condición ao contido do proxecto técnico, senón que as condicións que impón son condicións que deberán terse en conta durante a execución das obras e que, tendo en conta que as obras afectan a dúas vías, vía Baiuca (Senra)-Requeixo (Cardama) e á vía Castro-Burgao-Piñeiro (Trasmonte), unicamente impón a condición de que se presente polo concello para a súa autorización un proxecto de control e seguimento arqueolóxico antes do inicio das obras dentro dos contornos de protección do O Castro-Os Castros, co código GA-15060016, pero este proxecto de control e seguimento arqueolóxico non o esixe respecto das obras na vía Baiuca (Senra) Requeixo (Cardama), co código GA-15060009, que é á zona á que se fai referencia no escrito de alegacións presentado (Igrexa parroquial e Reitoral de Santa Eulalia de Senra e Cruceiro do Campo da Festa)

Logo de ver que consta no expediente toda a documentación esixida polas Bases reguladoras do Plan (Anexos V, VI, VII, VIII e IX) e de que se achegaran as autorizacións de todos os organismos sectoriais afectados polo investimento (Servizo de Vías e obras desta deputación provincial, Consellería do Medio Rural, Dirección Xeral de Patrimonio Natural, Unión Fenosa e Dirección Xeral de Patrimonio Cultural) , pero dado que non constaba a presentación da declaración responsable ante Augas de Galicia, a aprobación definitiva deste investimento quedou condicionada no

apartado 2 do acordo plenario adoptado na sesión realizada o 23 de xuño de 2022 pola que se aproba o POS+ 2022, no Anexo V relativo a investimentos, á autorización de Augas de Galicia

Tendo en conta que o 7 de xullo de 2022 o SATM desta deputación emite un informe técnico no que se indica que se trata dun proxecto municipal de mellora do firme existente, dado que as actuacións descritas no proxecto limítanse á repavimentación asfáltica da calzada que se atopa xa pavimentada actualmente con asfalto e en mal estado de conservación, que consta a autorización da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural (Exp. 222/22) e que non se intervén nas zonas do Adro (Igrexa) nin do Campo da Festa (Cruceiro), fóra da superficie asfaltada do camiño e que aínda que as alegacións presentadas fundaméntanse na repercusión da intervención no contorno dos bens, a repercusión desta actuación na imaxe dos bens e do conxunto é nula porque se limita a reparar un pavimento asfaltado existente, polo que conclúe que dado que o contido do proxecto non foi definido por esta deputación e que conta coas autorizacións necesarias, unha vez examinado o contido das alegacións desde o punto de vista técnico, corresponde rexeitar as alegacións presentadas e continuar coa tramitación do expediente

Logo de ver que o 15 de xullo de 2022 o Concello de Oroso presentou na plataforma telemática desta deputación a comunicación do xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia, do 4 de xullo de 2022, de que tras ser revisada a declaración responsable para actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía, presentada polo concello, esta declaración responsable cumpre co disposto no Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas, así como a certificación emitida o 21 de xuño de 2022 da ratificación polo Pleno municipal, na sesión extraordinaria realizada na mesma data, da Resolución da Alcaldía do 25 de maio de 2022 pola que se aprobou o proxecto técnico corrixido do 6 de maio de 2022 incluído no Plan

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Bases reguladoras modificadas do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022, aprobadas mediante acordo plenario provincial do 27 de maio de 2022 (BOP núm. 102, do 31 de maio de 2022) e definitivamente aprobadas mediante o acordo adoptado polo Pleno desta deputación provincial o 23 de xuño de 2022

De acordo con estes antecedentes e fundamentos de dereito, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Desestimar as alegacións presentadas polo grupo político do Concello de Oroso “Oroso Renovable” respecto da obra do citado concello denominada “Mellora da rede viaria nos lugares de A Baiuca (Senra)-Requeixo (Cardama) e Castro-Burgao-Piñeiro (Trasmonte),” incluída no POS+ 2022 co código 2022.2000.0217.0, dado que estas alegacións fundaméntanse na repercusión da intervención no contorno do Adro da Igrexa de Senra e no contorno do Cruceiro do Campo da Festa, pero segundo se informa polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación, a repercusión desta actuación na imaxe destes bens e do conxunto é nula, porque se

limita a reparar un pavimento asfaltado existente e non se intervén nas zonas do Adro da Igrexa nin do Campo da Festa (Cruceiro), constando no expediente toda a documentación xustificativa necesaria para a súa inclusión no Plan (proxecto técnico e Anexos V, VI, VII, VIII e IX), sendo informada favorablemente polo arquitecto municipal e pola secretaría e Intervención do concello e contando con todas as autorizacións dos organismos afectados, entre os que destaca, pola natureza das alegacións presentadas, a autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural.

2.- Aprobar definitivamente este investimento incluído no POS+ 2022, cos datos que se indican na seguinte táboa, logo de que o Concello de Oroso achegara a comunicación do xefe do Servizo Territorial de Augas de Galicia, do 4 de xullo de 2022, de que tras ser revisada a declaración responsable para actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía, presentada polo concello, esta declaración responsable cumpre co disposto no Decreto 42/2020, do 30 de xaneiro, polo que se modifican determinadas disposicións vixentes en materia de augas.

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		Orzamento Total	Condición cumprida
			Deputación	Concello		
2022.2000.0217.0	Oroso	Mell. rede viaria Baiuca-Requeixo (Cardama) e ou.	310.988,80	5.784,34	316.773,14	Autorización de Augas de Galicia

3.- Aprobar definitivamente o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2022.

4.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia a aprobación definitiva do Plan para xeral coñecemento e para continuar coa súa tramitación efectiva.

5.- Notificarlle fidedignamente o presente acordo ao grupo político do Concello de Oroso "Oroso Renovable" para o seu coñecemento e para os efectos oportunos."

29.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Reforma de vestiarios campo de fútbol Bertamiráns (Ames)", do Concello de Ames, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0004.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforma de vestiarios campo de fútbol Bertamiráns (Ames)", incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020, co código 2020.2100.0004.0, no que se acreditan os seguintes:

ANTECEDENTES

Logo de ver que o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución da Presidencia número 23130 do 29 de xullo de 2020, aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 e o seu Plan complementario

Logo de ver que no Anexo V a este acordo do citado Pleno provincial figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen no POS+ 2020 para o seu financiamento con cargo á Achega provincial 2020 e no que figura, entre outras, a obra do Concello de Ames denominada "Reforma de vestiarios campo de fútbol Bertamiráns (Ames)", co código 2020.2100.0004.0.

Logo de ver que este investimento foi adxudicado polo Concello de Ames á empresa SYR-AMG, S.L.U., o día 18 de novembro de 2021, por un importe de 81.771,99 € e que actualmente está pendente de xustificarse a súa execución

Logo de ver o informe técnico sobre o investimento (Anexo V) asinado pola arquitecta técnica municipal, María Gamundi Fernández, o día 9 de maio do 2022 referido ao proxecto modificado onde se fai constar a non necesidade de autorizacións sectoriais.

Logo de ver o informe técnico xurídico sobre a dispoñibilidade dos terreos (Anexo VI) asinado pola arquitecta técnica municipal, María Gamundi Fernández e máis pola secretaria do concello Rosa Ana Prada Queipo, o día 9 de maio do 2022, referido ao proxecto modificado onde se informa que existe dispoñibilidade sobre os terreos necesarios para a súa execución.

Logo de ver o informe da Secretaria do concello, Rosa Ana Prada Queipo, do día 12 de maio do 2022, onde se informa favorablemente a modificación do proxecto da obra, así como a suspensión do contrato de obra polo órgano de contratación ata a aprobación do proxecto modificado.

Logo de ver o informe técnico da dirección da obra, asinado dixitalmente o día 2 de xuño do 2022 polo arquitecto, Emilio Garrido Moreira, xustificativo das modificacións introducidas no proxecto da obra, que non varían a finalidade nin o obxecto do investimento e que tampouco supoñen unha alteración do seu contido nin da súa finalidade, implicando unicamente modificacións de carácter non substancial que consisten en manter a primeira fila de bancadas, na eliminación do peche acristalado situado enriba do tabique que pecha o pasillo dos vestiarios para permitir unha maior

ventilación e en complementar as instalacións de fontanería e electricidade previstas no proxecto orixinal.

Tendo en conta que estas modificacións representan unha variación superior ao 30% do orzamento de execución material, polo que a súa aprobación deberá realizarse mediante acordo plenario desta Deputación

Logo de ver a Acta de paralización das obras de conformidade entre as partes, asinada o día 2 de xuño do 2022 polos directores da obra, os arquitectos Gonzalo Crecente Maseda e Javier Fernández Fuertes, o representante do concello, María Garmendi Fernández e o representante da empresa adxudicataria, José Antonio Gómez Rodríguez.

Logo de ver o proxecto técnico modificado da obra asinado o día 23 de xuño do 2022 polo mesmo técnico redactor do proxecto inicialmente aprobado, o arquitecto Gonzalo Crecente Maseda, cun orzamento de contrata de 89.652,55 €, idéntico ao do proxecto técnico inicial, onde consta a conformidade do representante da empresa adxudicataria e que inclúe a acta de novos precios

Logo de aprobar o Concello de Ames o proxecto técnico modificado desta obra, cun orzamento de contrata de 89.652,55 €, mediante Resolución da alcaldía do concello do 28 de maio do 2022, que foi asinado o día 23 de xuño de 2022 polo mesmo técnico redactor do proxecto inicial, sen variación económica ningunha, vista a acta de paralización das obras de conformidade entre as partes de 2 de xuño de 2022 en cuxa virtude o contrato foi suspendido polo órgano de contratación ata acadar a aprobación do proxecto modificado, visto o informe técnico xustificativo da modificación emitido pola Dirección de obra, así como o resto da documentación administrativa e técnica xustificativa correspondente, tendo en conta que así mesmo consta no expediente o informe de supervisión favorable do proxecto modificado da obra emitido o 30 de xuño de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2020, aprobadas polo Pleno desta Deputación o día 25 de outubro de 2019 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 208 do 31 de outubro de 2019 e modificadas posteriormente para a regulación dos POS+ADICIONAL 1 e POS+ADICIONAL 2 polo Pleno provincial do día 30 de abril de 2020 e publicadas no BOP número 66 do 5 de maio de 2020.

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.- Aprobar o proxecto modificado da obra denominada “Reforma de vestiarios campo de fútbol Bertamiráns (Ames)”, do Concello de Ames, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2020 co código 2020.2100.0004.0, que fora aprobado polo Pleno desta

Deputación na sesión realizada o 26 de xuño de 2020, en relación coa Resolución da Presidencia número 23130 do 29 de xullo de 2020, cun orzamento de contrata de 89.652,55 €. Esta modificación non varia o orzamento total da obra, nin a finalidade nin o obxecto do investimento, unicamente introduce modificacións de carácter non substancial que consisten basicamente en manter a primeira fila de bancadas, na eliminación do peche acristalado no pasillo dos vestiarios e en complementar as instalacións de fontanería e electricidade previstas no proxecto orixinal, o que supón unha modificación interna das partidas superior ao 30% do seu orzamento de execución material, sendo os seus datos de financiamento os seguintes :

Proxecto Modificado			
Reforma de vestiarios campo de fútbol Bertamiráns (Ames)			
2020.2100.0004.0			
Axentes financeiros	Orzamento de contrata	Orzamento de adjudicación	Baixa
Deputación	89.652,55	81.771,99	7.880,56
Concello	0,00	0,00	0,00
Total	89.652,55	81.771,99	7.880,56

2.- A achega provincial coa que se financia íntegramente este investimento, por importe de 89.652,55€ se realizará con cargo ao crédito consignado na partida 0430/4592/76201 do vixente orzamento provincial.

3.- Notificar este acordo ao Concello de Ames para os efectos oportunos."

30.- Aprobación do proxecto modificado da obra denominada "Reforzo do firme de calzada con MBC dun tramo do camiño desde a N-634 a Mandeo (Santaia)" do Concello de Curtis, incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ADICIONAL 1/2019, por maior achega provincial, co código 2019.2001.0672.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Reforzo do firme de calzada con MBC dun tramo do camiño desde a N-634 a Mandeo (Santaia)", incluído na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0672.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno da Deputación de data 26 de abril de 2019, en relación coa Resolución da Presidencia número 19076 do 31 de maio de 2019, polo que se aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019 e o seu Plan Complementario

Logo de ver que o Pleno desta Deputación, na sesión ordinaria realizada o 20 de decembro do 2019, en relación coa Resolución de Presidencia número 1791 do 22 de xaneiro de 2020, aprobou a 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial

Logo de ver que no Anexo II a este acordo do Pleno provincial do 20 de decembro de 2019 figura a listaxe completa dos investimentos que se inclúen na 2ª e derradeira fase do POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, no que figura, entre outras, a obra do Concello de Curtis denominada "Reforzo do firme de calzada con MBC dun tramo do camiño desde a N-634 a Mandeo (Santaia)", co código 2019.2001.0672.0

Logo de ver que a obra foi adxudicada polo Concello de Curtis a empresa COSMALCA, S.L., o día 22 de xullo de 2020, por un importe de 46.906,00 € e que posteriormente, mediante Resolución da Alcaldía do 18 de abril do 2022, declarouse resolto o contrato, coa devolución da garantía constituída ao contratista adxudicatario.

Logo de aprobar o Concello de Curtis un proxecto técnico modificado desta obra, cun orzamento de contrata de 67.257,50 €, que foi asinado dixitalmente o 16 de maio de 2022 polo mesmo técnico redactor do proxecto inicial, cun incremento do orzamento de contrata respecto do proxecto incluído no Plan que é asumido íntegramente polo concello, vista a certificación acreditativa da súa aprobación polo órgano municipal competente, o informe técnico xustificativo da modificación, a certificación da Secretaria-interventora acreditativa da existencia de crédito municipal para facer fronte ao incremento do orzamento derivado desta modificación, así como o resto da documentación administrativa xustificativa correspondente, tendo en conta que así mesmo consta no expediente o informe de supervisión favorable emitido o 17 de xuño de 2022 polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta Deputación

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+2019, aprobadas

polo Pleno desta Deputación o día 28 de setembro de 2018 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (BOP) número 188 do 2 de outubro de 2018 e que lle son aplicables ao POS+ Adicional 1/2019

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA

1.-Aprobar o proxecto modificado da obra denominada "Reforzo do firme de calzada con MBC dun tramo do camiño desde a N-634 a Mandeo (Santaia)", do Concello de Curtis, incluída na 2ª e derradeira fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 1/2019 por maior achega provincial, co código 2019.2001.0672.0, que fora aprobado polo Pleno desta Deputación na sesión realizada o 20 de decembro do 2019, en relación coa Resolución de Presidencia número 1791 do 22 de xaneiro de 2020. Este proxecto modificado foi asinado dixitalmente o 16 de maio de 2022 polo mesmo técnico redactor do proxecto inicial e foi aprobado polo concello previos os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e logo da resolución do contrato coa empresa adxudicataria. Esta modificación non supón unha variación nin da finalidade nin do obxecto do investimento, aínda que implica un incremento no orzamento de contrata do proxecto técnico da obra por mor do incremento dos prezos dos materiais (tendo en conta a data da redacción inicial deste proxecto) e co fin de axustalo aos prezos actuais do mercado

Concello de Curtis Proxecto modificado "Reforzo do firme de calzada con MBC dun tramo do camiño desde a N-634 a Mandeo (Santaia)	PROXECTO INICIAL		PROXECTO MODIFICADO	DIFERENZA
	Contrata	Adxudicación		
Deputación	48.860,43	46.906,00	46.906,00	0,00
Concello	0,00	0,00	20.351,50	20.351,50
Total	48.860,43	46.906,00	67.257,50	20.351,50

2.-A achega provincial a este investimento, por importe de 46.906,00, financiarase con cargo ao crédito consignado na partida 0430/1537/76201 do vixente orzamento provincial. O concello de Curtis asume integramente o incremento do financiamento que se experimenta coa modificación do proxecto, segundo consta no certificado da secretaría-interventora do concello, no que se acredita que existe saldo dispoñible para o financiamento deste proxecto modificado no orzamento municipal do exercicio 2022.

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Curtis para os efectos oportunos."

31.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado pista Carnes a Seselle, núcleo Avieira, pista de Avieira a Porto do Home e pista no lugar de Lois", do Concello de Oza - Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0257.0

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"Logo de ver o expediente relativo á aprobación polo Concello de Oza - Cesuras do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado pista Carnes a Seselle, núcleo Avieira, pista de Avieira a Porto do Home e pista no lugar de Lois", do Concello de Oza - Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0257.0, no que se acreditan os seguintes

ANTECEDENTES

Logo de ver o acordo do Pleno desta deputación do 16 de maio de 2018, en relación coa Resolución da Presidencia número 2018/21270, do 14 de xuño de 2018, que aprobou o Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018, no que se inclúe este investimento cos datos que se indican:

Código	Concello	Denominación	FINANCIAMENTO		
			Deputación F. propios	Concello	Orzamento Total
2018.2000.0257.0	Oza - Cesuras	Aglomerado pista Carnes a Seselle, núcleo Avieira, pista de Avieira a Porto do Home e pista no lugar de Lois	50.507,08	2.525,34	53.032,42

Tendo en conta que o Concello de Oza-Cesuras adxudicoulle a obra á empresa Eulogio Viñal Obras y Construcciones, S.A., co NIF A15352735, mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión realizada o 3 de abril de 2019 e que no día de hoxe consta unha primeira certificación de execución de obra por importe de 21.908,36€, quedando pendente de certificar 28.472,43 €

Logo de aprobar o Concello de Oza-Cesuras, previa solicitude do director facultativo da obra e os correspondentes informes técnicos e xurídicos favorables e coa conformidade do representante da empresa adxudicataria, un proxecto modificado deste investimento, asinado dixitalmente o 19 de xaneiro de 2022 pola arquitecta municipal, Eva López Rodríguez, que xa redactara o proxecto inicial, polo director facultativo da obra, Antonio López Rodríguez e polo representante da empresa adxudicataria, Eulogio Viñal Iglesias, que mantén o mesmo orzamento total que o proxecto inicial, pero que supón, con respecto deste, un cambio do trazado inicialmente previsto, dado que unha das actuacións previstas no proxecto inicial, a número 4, Pista no lugar de Lois Oza-Parada, xa foi executada por erro do concello, ao acometer outras obras de pavimentación en diversas zonas do concello, polo que se substitúe por unha nova actuación na Pista no lugar de Fraís-Parada

Logo de ver o informe técnico (Anexo V) de data 9 de marzo de 2022, emitido pola arquitecta municipal, relativo a necesidade de solicitar para a execución deste modificado, autorización ao organismo titular da estrada AC-840 Betanzos-Agolada (Xunta de Galicia), así como a presentación dunha declaración responsable e/ou comunicación previa ante Augas de Galicia

Logo de ver o informe técnico-xurídico, (anexo VI), asinado dixitalmente o 9 e o 10 de marzo de 2022 pola arquitecta municipal e o secretario do concello, respectivamente, onde este último conclúe que o concello conta coa dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución desta inversión dado que se trata de viais de titularidade municipal

Tendo en conta que o 13 de abril de 2022, de conformidade cos informes anteriormente referidos, foi presentada na Sede Electrónica da Xunta de Galicia, declaración responsable de actuacións menores no dominio público hidráulico e zona de policía dirixida ao Servicio Territorial da Zona Hidrográfica de Galicia Norte e zona de policía en relación con este investimento

Tendo en conta a Resolución asinada o 3 de maio de 2022 polo xefe do Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas autorizando, cunha serie de condicións, as obras incluídas neste proxecto modificado, e cun período de validez dun ano

Logo de indicar a redactora do proxecto modificado asinado o 19 de xaneiro de 2022, no seu informe do 4 de maio de 2022, que este proxecto modificado cumpre coas condicións técnicas impostas na autorización da Axencia Galega de Infraestruturas.

Logo de ver o informe xurídico de data 13 de abril de 2022 emitido pola Secretaría-Intervención do concello, no que se conclúe que esta modificación do contrato proposta polo director facultativo é axustada a dereito

Logo de ver o escrito de data 19 de abril de 2022, presentado polo representante da empresa adxudicataria mostrando a súa conformidade coas modificacións detalladas e valoradas no proxecto modificado

Tendo en conta que o proxecto modificado foi supervisado favorablemente polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios desta deputación o 24 de xaneiro de 2022

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Logo de ver as Bases Regulatoras do POS+ 2018, aprobadas polo Pleno desta deputación o 29 de setembro de 2017 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia número 188, do 3 de outubro de 2017

De acordo coa normativa vixente, o Pleno da Deputación Provincial da Coruña ACORDA:

1.- Aprobación do proxecto modificado do investimento denominado "Aglomerado pista Carnes a Seselle, núcleo Avieira, pista de Avieira a Porto do Home e pista no lugar de Lois", do Concello de Oza - Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2018 co código 2018.2000.0257.0, que está adxudicado e parcialmente certificado, que se aprobou polo concello previos os correspondentes informes favorables e coa conformidade da empresa adxudicataria, para cambiar o trazado inicialmente previsto, xa que por erro do concello, unha das actuacións previstas nunha pista contida no proxecto inicial xa fora executada polo concello e se substitúe por outra actuación noutra pista do mesmo lugar, sen variar o seu orzamento total, sendo os seus datos de execución os seguintes:

		Contrata	Adxudicación	Baixa	Certificado	Pendente certificar
"Aglom. pista Carnes a Seselle, núcleo Avieira e ou."	Deputación	50.507,08	50.380,79	126,29	21.908,36	28.472,43
	Concello	2.525,34	0,00	2.525,34	0,00	0,00
Concello de Oza - Cesuras	Total	53.032,42	50.380,79	2.651,63	21.908,36	28.472,43
Código: 2018.2000.0257.0						

2.- O financiamento da achega provincial a este investimento farase efectivo con cargo á partida orzamentaria 0430/4546/76201 do vixente orzamento provincial

3.- Notificarlle este acordo ao Concello de Oza-Cesuras para os efectos oportunos."

32.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o concello de Cambre para o cofinanciamento da "V Romaría galaico romana Galaicoi"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea
201

Deputación Provincial da Coruña

Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)
Votan en contra: ningún/ha deputado/a
Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrência, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

O concello considera imprescindible poñer en marcha unha estratexia de promoción turística do mesmo mediante a celebración dunhas xornadas festivas onde poñer en valor o patrimonio arqueolóxico e o legado histórico dos antigos poboadores de Cambre, a través da recreación do mundo galaico - castrexo e do mundo romano, desenvolvendo as competencias municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese e eido local, de protección e xestión do patrimonio histórico, de ocupación do tempo de lecer e de promoción da cultura.

O obxectivo final é o de transmitir ao ideario colectivo a importancia do patrimonio arqueolóxico do núcleo de Cambre, mesmo ao supoñer o descubrimento para moita da veciñanza do municipio que participa nela dunha das partes fundamentais deste patrimonio, o Castromaior de Cambre, convertíndoo nun importante activo turístico local. Igualmente considérase imprescindible a participación do movemento asociativo veciñal de Cambre, a través da súa implicación no desenvolvemento da Romaría. Deste xeito o feito turístico entronca co mais profundo das tradicións e realidades culturais e etonográficas do territorio.

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo.

4º Aprobar o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE CAMBRE con CIF P1501700G, para financiar o "V ROMARÍA GALAICO ROMANA GALAICOI" cun orzamento total de 82.000,00 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 60.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 73,17 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excma. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE CAMBRE polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento da "V ROMARÍA GALAICO ROMANA GALAICOI".

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE CAMBRE

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

EXPOÑEN

1. Que a Excma. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE CAMBRE consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "V ROMARÍA GALAICO ROMANA GALAICOI " consistente en celebrar unhas xornadas festivas onde poñer en valor o patrimonio arqueolóxico e o legado histórico dos antigos poboadores de Cambre, a través da recreación do mundo galaico - castrexo e do mundo romano, desenvolvendo as competencias municipais en materia de información e promoción da actividade turística de interese e eido local, de protección e xestión do patrimonio histórico, de ocupación do tempo de lecer e de promoción da cultura
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE CAMBRE, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE CAMBRE, con CIF P1501700G, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "V ROMARÍA GALAICO ROMANA GALAICOI ".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

Descrición Importe	
ALUGUER DE ESPAZOS E MATERIAIS PARA REALIZAR A ACTIVIDADE, OU INVESTIMENTO	
Aluguer de sanitarios	1.900,00 €
Aluguer, instalación e transporte de cabanas	6.000,00 €
Total aluguer de espazos e materiais para realizar a actividade, ou investimento	7.900,00 €
MATERIAL DE IMPRENTA E DE DIFUSIÓN	
Subministración de carteis, programas, folletos, etc.	1.050,00 €
Montaxe da sinaléctica e reposición de elementos	4.515,00 €
Total material imprenta e difusión	5.565,00 €
COMPRA DE MATERIAL NON INVENTARIABLE NECESARIO PARA REALIZAR A ACTIVIDADE	
Subministración de elementos de merchandaising (adhesivos, chapas, bolsas, etc.)	1.765,00 €
Subministración de elementos de ambientación e delimitación espazos	4.275,00 €
Subministración de Tesserá hospitalis	170,00 €
Total compra de material non inventariable necesario para realizar a actividade	6.210,00 €
CONTRATACIÓN EXTERNA DE SERVIZOS (monitores, ponentes, profesores, técnicos, empresas, etc.)	
Servizo de organización do mercado ambulante	20.250,00 €
Servizos de redacción de memorias técnicas e arqueolóxicas da actividade, plan de emerxencia, vixilancia, etc. e memorias arqueolóxicas	1.200,00 €
Servizos de iluminación do Castromaior, do Campo da Feira e do Teatro	8.000,00 €
Servizos de megafonía	6.200,00 €
Gastos de adopción de protocolos e medidas de seguridade	1.650,00 €
Servizos e actividades de recreación (grupo de recreadores e poboado castrexo)	7.560,00 €
Servizos e actividades de recreación (grupo de recreadores militares, lexións romanas)	6.500,00 €
Servizos e actividades de recreación (sociedade romana)	3.840,00 €
Realización de representacións teatrais	3.250,00 €
Servizo de gravación e transmisión en directo de actuacións teatrais	3.025,00 €
Total contratación externa de servizos	61.475,00 €
NÓMINAS E SEGURIDADE SOCIAL DE PERSOAL CONTRATADO PARA REALIZAR AS ACTIVIDADES	
Limpeza de espazos e instalacións municipais e control de aforos	850,00 €
Total nóminas e seguridade social de persoal contratado para realizar as actividades	850,00 €
TOTAL ORZAMENTO	82.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 60.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 73.17 %. No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 73.17 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.
3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.
4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE CAMBRE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE CAMBRE. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE CAMBRE, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE CAMBRE deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.
3. No caso de que o CONCELLO DE CAMBRE tramite e aprobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adjudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE CAMBRE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE CAMBRE, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal do CONCELLO DE CAMBRE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE CAMBRE deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA terán carácter retroactivo e abrangerán as datas sinaladas na cláusula XIII..
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE CAMBRE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE CAMBRE da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE CAMBRE na documentación achegada no prazo máximo de catro meses.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE CAMBRE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE CAMBRE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE CAMBRE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCIERO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE CAMBRE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE CAMBRE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN S.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN S E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE CAMBRE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos

datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE CAMBRE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xuño de 2022 ata o 31 de agosto do 2022, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de decembro do 2022.

2. O CONCELLO DE CAMBRE deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de outubro de 2022.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE CAMBRE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día ___ de ___ de ___ E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña, O representante do CONCELLO DE CAMBRE,

A Secretaria Provincial"

33.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación da Coruña e o concello de Laxe para o cofinanciamento do "Proxecto de revitalización dos recursos e servizos turísticos do concello de Laxe para o ano 2022"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora dos recursos turísticos provinciais.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa.

O concello considera imprescindible poñer en marcha unha estratexia de reactivación e mellora da competitividade, abordando as limitacións detectadas durante os meses pasados e preparando ao sector, no seu conxunto, para as grandes transformacións pendentes.

Para facer isto, deseñouse un procedemento que dea resposta rápida ás necesidades da oferta e da demanda turística. Isto, de por si, dificulta que este Proxecto se tramite por convocatoria pública. Ademais, o réxime de concesión directa posibilita coñecer dun modo certo e anticipado os concretos beneficiarios que, polas súas especiais circunstancias non poden deixarse en concorrencia competitiva, por tratarse de actuacións que se estiman preferentes en virtude dos

criterios de interese xeral que guían a actuación administrativa, sendo a destinataria outra administración pública que percibirá os fondos a tales efectos. En definitiva, a necesidade de optar polo mecanismo de concesión directa, fundaméntase en que garante un sistema áxil para a obtención da axuda que lle permitirá ao Concello de Laxe adecuar as súas actuacións para levar a cabo o comportamento pretendido.

Así mesmo, é preciso ter en conta que o Proxecto persegue uns obxectivos sociais e económicos que teñen un carácter horizontal, polo que resulta máis razoable que prever un réxime de concorrencia competitiva, ao ser a beneficiaria final das actuacións toda a sociedade no seu conxunto. Ademais, mediante a realización das actividades programadas, lógrase un impacto favorable que excede incluso o territorio provincial, de acordo cos principios reitores de seguridade cidadá, responsabilidade pública e sustentabilidade ambiental.

O interese público deste Proxecto queda acreditado tamén ao garantir que non terá efectos prexudiciais sobre a biodiversidade nin sobre os ecosistemas. En particular pretende protexer os espazos naturais, marítimos e terrestres, contemplados como elementos prioritarios e distintivos da política turística municipal. Trátase dunha serie de actuacións concretas encamiñadas á gozar dun medio ambiente axeitado para o desenvolvemento da persoa, así como o deber de conservalo. A utilización racional de tódolos recursos naturais co fin de protexer e mellorar a calidade de vida e defender e restaurar o medio ambiente, apoiándose na indispensable solidariedade colectiva, motiva o interese xeral do presente Proxecto a través da formulación dun programa de actividades que incide especificamente na distribución de fluxos turísticos e polo tanto nas capacidades de carga turística.

O proxecto ten unha estrita vinculación coas liñas estratéxicas de desenvolvemento local, dende os principios reitores de seguridade cidadá, responsabilidade pública e sustentabilidade ambiental.

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu Informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo.

4º Aprobado o texto do convenio de colaboración a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE LAXE con CIF P1504100G, para financiar o “PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022” cun orzamento total de 25.000,00 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de 20.000,00 euros, cunha porcentaxe de financiamento do 80,00 %.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/46201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

Convenio interadministrativo de cooperación entre a Excm. Deputación Provincial de A Coruña e o CONCELLO DE LAXE polo que se instrumenta unha subvención nominativa para o financiamento do “PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022”.

En A Coruña, a

REUNIDOS

Dunha parte....., en representación da Deputación da Coruña

Doutra parte, en representación do CONCELLO DE LAXE

Ambos comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de cooperación, e reunidos en presenza do Secretario Provincial.

EXPOÑEN

1. Que a Excm. Deputación provincial da Coruña e o CONCELLO DE LAXE consideran de gran interese a celebración do PROXECTO "PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022 ", coa finalidade de axilizar a posta en marcha dun procedemento que dea resposta rápida ás necesidades da oferta e da demanda turística. O municipio está directamente vinculado a un sector que se considera esencial dentro das políticas públicas do Concello de Laxe, en base á súa declaración oficial como Municipio Turístico Galego, aos índices crecentes tanto de demanda coma de oferta turística, e ao peso obxectivo que este sector ten sobre a economía local. Ademais, este Proxecto, polas súas concretas características no relativo ao ámbito e alcance de actuación, ten un especial interese estratéxico para o Concello de Laxe e resulta imprescindible para dar cobertura ás necesidades da industria turística municipal na súa globalidade.
2. Que dado o interese coincidente da Deputación da Coruña e do CONCELLO DE LAXE, as dúas partes acordan subscribir un convenio conforme ás seguintes.

CLÁUSULAS

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do CONCELLO DE LAXE, con CIF

P1504100G, fixando as condicións que se imponen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento do "PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022".

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR

ORZAMENTO DETALLADO DE GASTOS SEGÚN PREZOS ESTIMADOS DO MERCADO PROXECTO DE REVITALIZACIÓN DOS RECURSOS E SERVIZOS TURÍSTICOS DO CONCELLO DE LAXE PARA O ANO 2022		
CONCEPTO	GASTOS DIRECTOS	IMPORTE
DIFUSIÓN	Anuncios en periódicos e revistas especializadas	11.000,00 €
	Anuncios na radio	
	Edición de spots publicitarios Material fotográfico	
	Xestión de redes sociais	
	Accións de márketing online e offline	
	Edición e deseño gráfico de publicacións, cartelería, folletos, guías, etc.	
	Merchandising	
	Contratación externa de servizos: empresas organizadoras Outros	
ACTIVIDADES E GASTOS CORRENTES	Programación de actividades de turismo activo (piragüismo, paddle surf, surf, sendeirismo, zumba, pilates, ioga, etc.) Programación de actividades socioculturais, educativas, medioambientais, etc.	14.000,00 €
	Contratación externa de servizos: empresas organizadoras Representacións artísticas e musicais	
	Ponentes, técnicos, profesores, etc. Outros	
TOTAL (IVE incluído)		25.000,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 20.000,00 €, o que representa unha porcentaxe do 80.00 %. No caso de que o gasto xustifico non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só alcanzará o importe que represente o 80.00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/46201, onde existe crédito corrente suficiente para o financiamento do proxecto.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que o CONCELLO DE LAXE obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministracións necesarios para a execución da actividade corresponderalle ao CONCELLO DE LAXE. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas ao CONCELLO DE LAXE, nin con calquera outra na que concorran algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000,00 euros, con carácter previo á contratación, o CONCELLO DE LAXE deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

3. No caso de que o CONCELLO DE LAXE tramite e aprrobe algunha modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do proxecto modificado, achegando con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse os documentos que acrediten o cumprimento desta obriga do CONCELLO DE LAXE.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

A achega da Deputación seralle aboada ao CONCELLO DE LAXE, unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, suscrita polo representante legal do CONCELLO DE LAXE, xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e datas de pago. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula SEGUNDA..
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.
- Certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos polo órgano competente.

O CONCELLO DE LAXE deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. As actividades que son obxecto de financiamento provincial, tal como están descritas na cláusula PRIMEIRA teñen carácter retroactivo, e abrangerán as datas sinaladas na cláusula XIII..
2. Unha vez rematadas as actividades, a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA deberá estar presentada como máximo DOUS MES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DÉCIMO TERCEIRA
3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento ao CONCELLO DE LAXE para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto tal como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá ao CONCELLO DE LAXE da sanción que, de conformidade con disposto na Lei de subvencións e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.
4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo CONCELLO DE LAXE na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle

corresponda, o CONCELLO DE LAXE terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se deveñan desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O CONCELLO DE LAXE deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telematicamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O CONCELLO DE LAXE destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00€, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados.
3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, o CONCELLO DE LAXE deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, ó CONCELLO DE LAXE poderá ser escollida pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a CONCELLO DE LAXE queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamiento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio interadministrativo de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se debeñan desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciarase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

3. Para os supostos de retraso na realización das actividades ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.

4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do CONCELLO DE LAXE serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 3/2018 de 5 de decembro de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á CONCELLO DE LAXE será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal.

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados dende o día 1 de xaneiro de 2022 ata o 31 de decembro do 2022, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade á dita data e conservará a súa vixencia ata o día 31 de marzo do 2023.

2. O CONCELLO DE LAXE deberá ter e presentada a xustificación en todo caso antes do día 31 de xaneiro de 2023.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e despois dos informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario

XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio crearase unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada unha das institucións nomeados polo Presidente da Deputación e o do CONCELLO DE LAXE, respectivamente.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias disposta na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por do día ___ de ___ de ___
E, en proba de conformidade, as partes comparecentes asinan en exemplar cuadruplicado o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O Representante da Deputación da Coruña, O representante do CONCELLO DE LAXE,

A Secretaria Provincial"

34.- Aprobación do convenio de cooperación entre a Deputación Provincial da Coruña e o concello de Moeche para o cofinanciamento do suministro correspondente a "Potenciación do Castelo de Moeche como recurso turístico comarcal e provincial"

VOTACIÓN

Votan a favor: 31 deputados/as (14 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º Excepcionar para o presente convenio os principios de concorrencia, publicidade, igualdade e non discriminación na tramitación do presente expediente, dada a existencia de causas excepcionais que xustifican a concesión da subvención nominativa, por entender que se dan razóns de interese público no outorgamento de la subvención, sendo especialmente destacable o acordo entre administracións públicas, fomentando a colaboración e o desenvolvemento de proxectos comúns que contribúan á mellora do patrimonio provincial.

2º Apréciase no presente expediente razóns de interese público e social que xustifican a concesión da subvención nominativa. O proxecto supón a mellora do patrimonio histórico das nosas vilas e cidades, concretándose o presente proxecto na execución da potenciación do Castelo de Moeche como recurso turístico comarcal e provincial, edificio singular do Concello de MOECHE, de notable interese cultural, histórico e atractivo turístico Trátase dun notable espazo interpretativo propio para as guerras da Santa Irmandade, coñecidas desde o XIX como as revoltas irmandiñas. Ademais, en Moeche pode falarse xa non só da revolución máis coñecida que se foi reproducindo en toda Galicia, se non que as orixes da mesma revolta tamén se encadran nesas terras. A actuación subvencionada ao CONCELLO DE MOECHE , relativa ao proxecto "“POTENCIACIÓN DO CASTELO DE MOECHE COMO RECURSO TURÍSTICO COMARCAL E PROVINCIAL”" pretende potenciar o turismo no municipio e colaborar na consolidación da provincia da Coruña como destino turístico, en particular mediante a mellora do patrimonio histórico.

3º Salvar a nota de reparos emitida pola Intervención da Deputación no seu informe, coa motivación incorporada nos apartados 1º e 2º do presente acordo.

4º Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir entre a Excma. Deputación Provincial da Coruña e CONCELLO DE MOECHE con CIF P1505000H, para financiar o "“POTENCIACIÓN DO CASTELO DE MOECHE COMO RECURSO TURÍSTICO COMARCAL E PROVINCIAL”" cun orzamento de 62.500,00 €

5º A subvención provincial prevista no convenio ascende a un total de **50.000,00 euros** o que representa unha porcentaxe de **80,000%**.

6º A subvención poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á partida orzamentaria 0510/4321/76201

O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO DE COOPERACIÓN INTERADMINISTRATIVA ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DE MOECHE POLO QUE SE INSTRUMENTA UNHA SUBVENCIÓN NOMINATIVA PARA O COFINANCIAMENTO DA SUBMINISTRACIÓN RELATIVA AO PROXECTO "POTENCIACIÓN DO CASTELO DE MOECHE COMO RECURSO TURÍSTICO COMARCAL E PROVINCIAL"

En A Coruña a de de 2.022

Dunha parte D./Dna. _____, en representación da Deputación Provincial da Coruña, en virtude da RP

Doutra parte D./Dna. _____, Alcalde Presidente do Concello de Moeche

Os comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Son competencias propias da Deputación Provincial de A Coruña, en virtude do establecido no artigo 36 Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión.

A este efectos, a Deputación asegura o acceso da poboación da Provincia ao conxunto dos servizos mínimos de competencia municipal e á maior eficacia e economía na prestación destes mediante fórmulas de asistencia e cooperación municipal. Con esta finalidade, a Deputación poderá outorgar subvencións e axudas con cargo aos seus recursos propios para a realización e o mantemento de obras e servizos municipais, que se instrumentarán a través de plans especiais ou outros instrumentos específicos.

Así mesmo, o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos no artigo 25 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local

O Municipio exercerá en todo caso como competencias propias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, entre outras, as seguintes materias:

a) Urbanismo: plan, xestión, execución e disciplina urbanística. Protección e xestión do Patrimonio histórico. Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios de sustentabilidade financeira. Conservación e rehabilitación da edificación...

...b) Medio ambiente urbano: en particular, parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas...

...d) Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade...

...h) **Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local...**

...l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre...

Neste sentido, o Concello de MOECHE considera de primeira necesidade as actuacións relativas ao **POTENCIACIÓN DO CASTELO DE MOECHE COMO RECURSO TURÍSTICO COMARCAL E PROVINCIAL**, xa que o Concello de MOECHE considera de primeira necesidade as actuacións sobre o castelo, xa que se trata do recurso turístico máis importante para o Concello e un dos máis destacados no conxunto das comarcas de Ferrolterra e Ortegal.

O número de visitas que recibe medra de ano en ano polo que esixe por parte do Concello a dinamización mediante actividades e actualización dos recursos que ofrece (unidades didácticas, vídeo, exposición permanente, sinalización, etc.). A fortaleza alberga o Centro de Interpretación das Revoltas Irmandiñas desde o ano 2006, coa implementación dun proxecto museográfico en gran medida obsoleto e que presenta problemáticas severas dende o punto de vista da mobilidade da exposición, da súa sinalización, da flexibilidade dos espazos e dos contidos temáticos do relato expositivo, cunha escasa adecuación ao perfil dos visitantes do castelo.. O castelo conforma un notable atractivo como destino turístico que, por capacidade de atracción, resulta estrutural de cara ao interese provincial

Con tal motivo e dada a necesidade imperiosa das actuación preténdese por parte do Concello realizar o **POTENCIACIÓN DO CASTELO DE MOECHE COMO RECURSO TURÍSTICO COMARCAL E PROVINCIAL**, motivadas principalmente por razón de interese público, social e económico.

Dado o interese coincidente da Deputación e do Concello de MOECHE ambas as dúas partes

A C O R D A N

Formalizar o presente **CONVENIO DE COOPERACIÓN** conforme ás seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

I. - OBXECTO

1- O presente convenio de cooperación ten por obxecto a fixación das bases de outorgamento dunha subvención nominativa por esta Deputación a prol do **Concello de Moeche**, con CIF P1505000H, fixando as condicións que se impoñen por esta administración concedente e os compromisos asumidos pola entidade beneficiaria, para o financiamento da subministración que se describe de seguido: "POTENCIACIÓN DO CASTELO DE MOECHE COMO RECURSO TURÍSTICO COMARCAL E PROVINCIAL", tal e como aparece definida no prego de prescricións técnicas redactado polo técnico Basoa Anca Duarte.

2.A entidade beneficiaria, na súa condición de promotora achega ao expediente un exemplar do Prego de Prescricións, no que consta a súa aprobación polo órgano competente, así como a certificación de que conta coas autorizacións administrativas preceptivas.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE QUE SE HA REALIZAR

Segundo o orzamento que achega o Concello o orzamento máximo para a subministración ascende a 62.500,00 euros.

OBRA CIVIL	14.348,00 €
Desmontado elementos expositivos previos	3.317,50 €
Renovación da instalación de iluminación expositiva	5.927,80 €
Carpintería	5.102,70 €
MOBILIARIO, GRÁFICA E EQUIPAMENTO	14.850,19 €
Subministro elementos expositivos e mobiliario	6.800,00 €
Subministro sinalización interior castelo	4.050,19 €
Elementos gráficos de vinilo de corte, vinilo impreso e lona	4.000,00 €
SALA EXPOSITIVA "XEOPARQUE DO CABO ORTEGAL"	14.920,70 €
Paneis interpretativos	4.650,00 €
Tabique madeira	2.080,00 €
gráficas. Artes finais	3.855,20 €
Instalación lumínica	1.615,50 €
Sistemas audiovisuais	2.720,00 €
OUTROS	7.534,00 €
Equipos informáticos e audiovisuais	3.500,00 €
audio guías para exposición con códigos QR	2.034,00 €
Traslado e montaxe expositiva	2.000,00 €

IVE	10.847,11 €
TOTAL	62.500,00 €

III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña contribuirá ao financiamento da subministración, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 50.000,00 €, o que representa unha porcentaxe de 80,00 %.

No caso de que o gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, a Deputación só achegará o importe que represente o 80,00 % da cantidade efectivamente xustificada. A contía restante, ata acadar o importe total do orzamento da actividade, está financiado con cargo a recursos (proprios ou alleos) acreditando a entidade beneficiaria que ten consignado o crédito adecuado e suficiente para imputar a totalidade do gasto imputable á entidade.

2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao seu cobro.

A Deputación provincial financiará exclusivamente os gastos derivados da subministración e, polo tanto, non serán subvencionables os gastos de redacción do Prego, tributos percibidos pola obtención de licenzas, honorarios por dirección, control de calidade etc. Tampouco se financiarán os incrementos de gastos derivados da subministración.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 0510/4321/76201 na que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito. Dado que a vixencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria.

4. A subvención da Deputación é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención provincial, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.

5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere o importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estrito cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN

1. Na condición de adquirente, corresponderalle ao Concello o outorgamento dos correspondentes contratos de subministracións.

2. No procedemento de contratación o Concello axustará toda a súa actuación ao disposto na lexislación de contratos do sector público.
3. Deberá utilizar os pregos-tipo de contratación da Deputación e non poderá recoller o concepto "melloras".
4. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algunha modificación do Prego inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitirle á Deputación un exemplar do Prego modificado e achegar con el os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. No contrato e nos anuncios de licitación para adquisición, farase constar o importe do financiamento provincial.
2. Adquirido o ben, o Concello, deberá rotular o ben en lugar visible de xeito que se deixe constancia da data de adquisición e do financiamento provincial. O texto estará redactado en galego.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. Coa posibilidade establecida no disposto na Base 54ª das de execución do Orzamento para o ano 2022, ata o 50 por cento da achega da Deputación ten carácter prepagable, de xeito que se procederá a expedir un primeiro pagamento a prol do Concello, pola contía resultante de aplicar a dita porcentaxe sobre o importe de adxudicación do contrato de subministracións, unha vez que presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación:
 - 1.- Certificación do acordo de adxudicación definitiva do contrato de subministracións, na que se fagan constar polo menos os seguintes datos:
 - Persoa adxudicataria
 - Importe do contrato
 - prazo de execución
 - 2.- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade social, segundo o disposto na cláusula OITAVA.
 - 3.- Certificación expedida polo órgano responsable da contabilidade das axudas e outros ingresos afectados a mesma finalidade ou obxecto desta subvención.
 - 4.- O Concello estará obrigado a colocar un cartel que sexa visible no que, sen prexuízo doutras indicacións, figure o disposto na cláusula V. de publicidade./Acreditación da colocación da publicidade da deputación mediante a remisión de fotografías debidamente dilixenciadas pola dirección.

2. Formalizado en documento público ou contrato, procederase ao aboamento do 50 por cento restante, unha vez que se presente ou conste na Deputación provincial a seguinte documentación (só admisible por medios electrónicos a través do aplicativo SUBTEL):
 - Factura e certificación acreditativa do pago do ben.
 - Acta de recepción
 - Certificación do acordo da incorporación do ben ao inventario de bens do Concello, facendo constar nos correspondentes asentos que o ben queda afectado á finalidade pública para a que foi concedida a subvención polo menos durante un prazo de cinco anos.
 - Deberá acreditar o pago efectivo aos terceiros do importe aboado co primeiro pago prepagable.
 - Deberá acreditar ter aboado aos terceiros o importe xustificado do 60% no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pago.

3. O aboamento da contía restante da subvención materializarase mediante o ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a adecuada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que cobrase o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao aboamento dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

O Concello deberá acreditar previamente que está ao corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, de conformidade coa cláusula OITAVA.

4. Deberá acreditar aboarlle aos terceiros o importe xustificado do 60 % no prazo máximo dun mes dende a recepción dos fondos que constitúen o segundo pagamento.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN

1. A subministración que é obxecto de financiamento provincial, deberán estar **rematadas e presentada a documentación xustificativa** indicada na cláusula VI **no prazo indicado na cláusula XIII.**

2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á entidade beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de quince días.

3. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional implicará a perda da subvencións e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto, tal e como se indica na cláusula XIII. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á a entidade beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e

na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada polo Concello na documentación achegada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, o Concello terá dereito ao abono dos xuros de mora, ao tipo de xuro legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

VIII.- CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL E A SÚA ACREDITACIÓN

1. O Concello deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.
2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida autorizada polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.
3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinaraa esta de oficio.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. O Concello destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.
2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor.

X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello poderá ser escollido pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de cooperación.
2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, o Concello queda sometido aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de

axuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓNS E SANCIONES.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de cooperación poderá dar lugar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro. O procedemento de reintegro iniciárase de oficio na súa tramitación seguirase o disposto nos artigos 41 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e nos artigos 91 e seguintes do seu Regulamento (R.D. 887/2006, do 21 de xullo), dándolle en todo caso audiencia ao interesado.
2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas e na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
3. Para os supostos de retraso na subministración ou retraso na presentación da xustificación se estará ao disposto na ordenanza provincial de desenvolvemento que resulte aplicable.
4. Se o retraso se produce no pago ao adxudicatario ou terceiros que teñan realizado o obxecto do convenio, se liquidará o xuro legal do diñeiro polo período que medie entre o prazo indicado na cláusula VII.3 e a data do pago efectivo ao terceiro.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONES E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación do Concello serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais
2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da comunidade autónoma de Galicia.
3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención ao Concello será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dacoruna.gal
4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Contratación da Deputación.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. O presente convenio de cooperación producirá efectos retroactivos e incluíra os devengados desde o 1 de xaneiro de 2022 e conservará a súa VIXENCIA ata o día 31 de DECEMBRO do 2022. Dado que a existencia deste convenio se estende a exercicios futuros, a súa aprobación queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente no exercicio orzamentario correspondente e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de Estabilidade Orzamentaria.

2. Para o caso de que a entidade beneficiaria non poida ter rematadas a subministración e presentada a xustificación no prazo sinalado na cláusula VII, deberá solicitar antes do 31 de OUTUBRO de 2022, a PRÓRROGA do prazo inicial, achegando coa solicitude un novo programa de traballo, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago do segundo prazo pola contía do 60 % do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 31 de outubro do 2023, todo iso, igualmente condicionado á existencia de crédito axeitado e suficiente nos exercicios orzamentarios correspondentes e ao cumprimento dos obxectivos da Lei de estabilidade orzamentaria. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a entidade beneficiaria perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á contía non xustificada a dita data.

De acordo co establecido na cláusula VII do presente convenio, unha vez finalizado o prazo de vixencia ou no seu caso, o das prórrogas efectivamente solicitadas en prazo, sen que se presentase a xustificación, a unidade xestora requirira a entidade beneficiaria para que presente a documentación no prazo improrrogable de 15 días. De non presentarse no devandito prazo, o convenio quedará definitivamente extinguido, comportará a perda do dereito ao cobramento da subvención e implicará a iniciación do expediente de reintegro, no seu caso, do anticipo percibido máis os correspondentes xuros de mora.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, **o convenio poderá ser obxecto de modificación**. En ningún caso, se poderá modificar o convenio variando substancialmente o obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. Para o seguimento coordinado da execución do presente convenio poderá crearse unha comisión de seguimento formada por dous representantes de cada

modifica o Real decreto 635/2014, do 25 de xullo, da Deputación Provincial da Coruña, e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento de A Coruña e a Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña) do mes de xuño de 2022.

SEGUNDO: Dáse conta, así mesmo, da relación detallada de todas as facturas pagadas pola Deputación Provincial da Coruña, polo Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña, no mes de xuño de 2022.

TERCEIRO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida nos apartados anteriores, para xeral coñecemento."

36.- Dación de conta do informe sobre o estado de execución orzamentaria correspondente a xuño de 2022 e proxección a 31/12/2022.

INTERVENCIÓNS

Sr. Ben Otero

Buenos días, presidente. Buenos días, deputados y diputadas.

Yo, respecto a este punto, quería decir lo siguiente: Trae usted aquí a este Pleno informe sobre la ejecución presupuestaria a 30 de junio de 2022, así como la proyección de gasto a 31 de diciembre del 22. Un verano más este Gobierno se va de vacaciones con la asignatura de la gestión suspensa, entendemos nosotros.

En cuanto a los datos que nos trae usted, el nivel de ejecución del presupuesto de gastos a fecha de cierre del informe, según manifiestan los servicios de Intervención Provincial, fueron inferiores a los realizados en el mismo periodo en el ejercicio de 2021, representando un 18,30 en el año 2022 frente al 20,84 en el año 2021, lo que demuestra la pésima gestión presupuestaria del bipartito provincial. Por lo tanto, existe una continuidad en la gestión de los años 2017, 2018, 2019, 2020 y 2021. Es decir, procesan lento, ejecutan lento y con indolencia, con parsimonia y con parálisis en la ejecución.

En lo que respecta al apartado de inversiones, la ejecución del capítulo 7 está en el 6,56%; es decir, que se han gastado 12,4 millones de los más de 189 millones que tenían consignados en el presupuesto. Pero el dato más escandaloso, ya que en el capítulo 6 se han ejecutado 9,73% de los casi 76,5 millones presupuestados, siendo prácticamente el peor de los últimos años.

Pero lo más llamativo es que a 30 de junio del año 2022 la Diputación tiene en los bancos almacenada una cantidad superior a los 234 millones de euros. Por lo tanto, volvemos a la parálisis, la parsimonia, ejecución lenta del presupuesto, pero también la falta de liderazgo en la gestión de la Diputación. Señor Presidente, por responsabilidad tengo que decirle que esto no son solo números, son obras necesarias y son puestos de trabajo. Como le decía, el avance en la ejecución del 2022 también nos muestra que de las inversiones en las carreteras provinciales y en

nuestros municipios solo se han ejecutado 7,4 millones, es decir, de los más de 76,5 millones de euros presupuestados. Esta es la triste realidad, porque los números cantan y lo que es medible no es opinable.

Señor Formoso, este diputado le vuelve a repetir una vez más y por responsabilidad hacia nuestros ayuntamientos y vecinas y vecinos, que actúe y tenga en cuenta la situación de la economía en general, que se ha visto muy resentida y los ciudadanos y ciudadanas de la provincia de A Coruña, que han pasado y están pasando por situaciones muy críticas. Y tengo que calificar de verdad de nuevo, y espero que no le moleste, que su gestión viene avalada por un sobresaliente en cuentas y un muy deficiente en cuentas. La pregunta que nos hacemos es si esta es la forma de gestionar que usted quiere trasladar al conjunto de los gallegos en sus nuevas responsabilidades políticas. Cuanto más hace falta que la Diputación de A Coruña tire, con su Presidente al frente, de la inversión para superar la inmensa crisis en la que nos encontramos, solo se ejecuta un poco más del 7,68% del presupuesto y más de 256,5 millones de euros, que deberían invertirse en generar empleo y transformar nuestra provincia, quedan sin tocar.

Desde el Grupo Popular nos parece increíble y muy negativo que cada año sea inferior el nivel de ejecución presupuestaria del capítulo de inversiones del año anterior en la provincia. Este año no hay excusa, ahora es imposible entender, injustificable y lamentable, que en una situación como esta tengamos esta cantidad de inejecución del presupuesto. Nosotros entendemos que la ejecución y que la gestión de este bipartito queda descalificada en este punto y tenemos que decir de nuevo, y los datos están ahí, cantan, son objetivos y están a la vista de todos, que esto es la escenificación de un rotundo fracaso de su presidencia y de la de su Gobierno en la gestión de esta Diputación.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Moitas grazas, Sr. Ben, pola intervención.

Simplemente vamos explicar de novo, é dicir, a falacia de que a Deputación ten almacenados centos de millóns de euros nos bancos, é certo non están almacenados, están suxeitos a proxectos concretos, a partidas aprobadas no Pleno que benefician concretamente a concellos e entidades que son os responsables da súa execución. Polo tanto, temos a obriga de que eses orzamentos afectados existan nos bancos. Non podemos evidentemente dispoñer deles.

Eu simplemente recordar que hai 2 minutos, Sr. Ben, acabas de aprobar no punto número 29, perdón no 31, a aprobación do proxecto modificado de investimento denominado "Aglomerado pista Carnes a Seselle, núcleo Avieira, pista de Avieira, Porta do Home, do concello de Oza-Cesuras, incluído no Plan provincial de cooperación e servizos de competencia municipal, Plan único de concellos Pos 2018". Acabas de aprobalo, 2018, hai 4 anos que se aprobou ese proxecto. Temos dúas opcións: dicirlle ao Concello de Oza-Cesuras que xa non dispón dos cartos ou seguir preservando esa partida para non prexudicar os veciños de Oza-Cesuras. Pero digo

Oza-Cesuras, podería ser As Pontes perfectamente, non é un tema concreto de Oza-Cesuras, porque o punto anterior é o concello de Curtis: Aprobación do proxecto modificado da obra denominada “Reforzo do firme de calzada con MBC nun tramo de camiño desde a N-634 Mandeo-Santaia, do concello de Curtis, incluída na derradeira fase do Plan provincial Pos adicional1/2019”, 19, hai 3 anos. Por tanto, podemos seguir sumando así ata 180 millóns de euros que están afectados por proxectos que seguramente, se lle requirimos información ao Concello de Oza-Cesuras, nos dirá que está pendente dunha autorización de Patrimonio, dunha autorización de *La Voz de Galicia*, dunha autorización de Conservación da Natureza. Fala vostede da baixa execución de vías provinciais... Eu esta semana estou indignadísimo por unha obra provincial que leva reclamando desde a alcaldesa de Bergondo, o deputado da área, o Sr. García Seoane, os veciños e veciñas de Bergondo, onde morreu unha persoa hai 2 anos, 2 anos, morreu, 2 anos, e non está excluída a posibilidade de que volva morrer outra persoa, Sr. Ben, vai volver a morrer outra persoa porque é un punto moi negro, probablemente o máis negro de todas as vías provinciais de toda a rede de 2.400 quilómetros da provincia da Coruña, o punto máis negro, e está pendente de que aos señores de Patrimonio se lles ocorra autorizar que a Deputación poida executar unha obra de seguridade viaria para gañar visibilidade nunha propiedade. Pero, polo que se ve, non hai présa para iso; temos o orzamento, temos o proxecto redactado, temos as ganas e iso é permanente. E non só falo da Xunta de Galicia, eh, tamén podo falar do Estado naqueles concellos que están afectados pola Demarcación de Costas ou porque están afectados pola Adif, ou porque están afectados por AENA, que estamos moitos deles. En xeral, todo aquilo que non depende dos concellos directamente ten un atraso en extremo, un atraso enorme.

E os alcaldes do Partido Popular que están aquí saben, e compartimos todos e todas os que temos que afrontar a execución en prazo das subvencións, sabemos das dificultades. A cantidade de concellos que eu me encontro na provincia, e en Galicia, que están renunciando a fondos europeos porque non son capaces de obter as autorizacións –insisto– non só da Xunta de Galicia, que non son as máis lentas, eh, as máis lentas están no Estado, xa llo digo agora mesmo; é un recoñecemento que nunca vou escoitar desa bancada, pero aquí si o vai escoitar, a realidade é que son máis lentos Demarcación de Costas ou Adif do que é Augas de Galicia ou Patrimonio, pero en calquera caso, dentro desa fotografía dramática que acaba vostede de explicar, probablemente iso vaia a máis e non vexo que a eficiencia brille precisamente nos organismos autonómicos dos que dependen practicamente todas e cada unha das obras que a Deputación financia.

Insisto, aprobamos cada Pleno obras do Pos 2018, 2017,2019, 2017,2018... así ata 180 millóns de euros que dificultan a posibilidade de sacar unha cifra marabillosa de execución orzamentaria. Pero a realidade coñécédela perfectamente, evidentemente non imos cambiala porque sería prexudicar a cada un dos veciños e veciñas desta provincia.

Sr. Ben Otero

Sin ánimo de abrir debate, señor Presidente, yo quiero decir algo que es objetivo, está ahí: la ejecución del presupuesto de gastos del año 21 en la Diputación de A Coruña fue del 42% y de la Xunta de Galicia fue del 95%. Esto es una realidad

objetiva, y supongo que la gran problemática que hay aquí a nivel de permisos, etcétera, la tendrá también la Administración autonómica.

Pero, mire usted, sin ánimo de ser ventajista, yo lo que aquí les emplazo a ustedes es a que a partir del siguiente mandato provincial el presidente que se siente donde está usted, espero que sea un compañero del Partido Popular, le aseguro que hay formas de solucionar y ejecutar y que ese dinero deje de estar depositado en los bancos. Nosotros sabemos cómo se tiene que hacer y no tenga ninguna duda que lo haremos, y, si no es así, espero que nos lo afeen desde la bancada de la oposición donde estarán a partir de julio del año que viene.

Nada más y muchas gracias.

Sr. Presidente

Gracias, Sr. Ben, seguramente no se cumplan tus previsiones, pero entiendo la aspiración legítima.

Yo simplemente voy a decir una cosa: hay una fórmula, la fórmula de la Xunta de Galicia de llegar al nivel de ejecución presupuestaria del 90 y pico por ciento, incluso del 100, te la voy a decir yo como alcalde afectado, y todos y cada uno de los alcaldes y alcaldesas que hay aquí representados: no conceder ni una sola prórroga, ni una sola prórroga a las subvenciones que concede, ni una. Jamás verás un Consello de la Xunta de Galicia donde se apruebe una subvención del año 2018 prorrogada, nunca, jamás. Yo te reto, Sr. Ben, a que traigas una sola acta del Consello de la Xunta de Galicia donde se haya prorrogado dos veces una subvención a un ayuntamiento. Y en cualquier caso estoy dispuesto a cualquier responsabilidad personal si me traes un acta en la que se lleva una subvención concedida a un ayuntamiento de este país, no de la provincia, en este caso de este país, del año 2018, del año 2018. Ahí está la diferencia, que esta casa está diseñada para servir a los ayuntamientos, que esta casa está pensada para entender la dinámica de los ayuntamientos, y que esta casa está pensada para acompañar a los ayuntamientos. Y esté quien esté en esta Presidencia, si no quiere dejar de justificar la existencia de una Diputación, tiene que hacerlo así. Podrá haber un margen de diferencia de 1 o 2% en función de lo rápido que firme el presidente las resoluciones en SUBTEL, pero de 1 o 2 días, no va a ser de dos o tres años, y en cualquier caso el presidente que no traiga subvenciones del año 2019 a un ayuntamiento que tuvo la concesión de la misma por la Corporación Provincial, va a durar muy poco en la Presidencia, como así debe ser, sea de la fuerza política que sea.

Pasamos al siguiente punto, que es el 37.

ACORDO

PRIMEIRO.- Dar conta sobre o estado de execución orzamentaria a 30 de xuño de 2022, que informa a Sección I do Servizo de Orzamentos e Asistencia Económica a Concellos, adscrito á Intervención provincial.

SEGUNDO.- Reiterar o compromiso provincial de orientar a xestión orzamentaria no marco das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira e de adoptar as actuacións que procedan para o seu cumprimento durante o exercicio.

TERCEIRO.- Considerar que non é necesario nin procedente no momento presente formular un Plan económico-financieiro sobre os ingresos e gastos definitivos previstos para o exercicio 2022, aínda que as previsións actuais permiten estimar o incumprimento da Regra do Gasto, porque se trata de estimacións previas e porque a orixe do posible incumprimento é o financiamento de novos gastos con Remanente de Tesourería do exercicio 2021 que ten a natureza de recurso financeiro propio e que ten un fundamento contable real e efectivo.

O Consello de Ministros o 27 de xullo de 2021 e polo Congreso dos Deputados en sesión do 13 de setembro de 2021 acordaron suspender as regras fiscais.

CUARTO.- Informar periodicamente ao Pleno sobre o estado de execución orzamentaria dos ingresos e gastos previstos e formular, cando cumpra, as propostas correspondentes que aseguren en todo momento o cumprimento das normas de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, á vista dos informes preceptivos previstos na normativa vixente.

(Abandona o salón o Sr. Pérez Añón)

37.- Dación de conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética) correspondente ao segundo trimestre de 2022.

PRIMEIRO: Dáse conta do informe sobre o estado da tramitación das facturas da Deputación Provincial e da remisión ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas dos informes de Morosidade da Entidade e dos seus entes dependentes (Consortio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña e Fundación Axencia Enerxética da Coruña) correspondentes ao segundo trimestre de 2022, en cumprimento do establecido na Lei 15/2010, do 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, do 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

SEGUNDO: Dispor que se proceda a publicación na páxina web da Deputación da documentación referida no apartado anterior, para xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dispor o envío da devandita documentación aos órganos competentes da Comunidade Autónoma

Sr. Presidente

Me está diciendo el interventor que tengo razón, eh, Sr. Ben (*Risas*). Yo lo suelto, total no va a corregir.

38.- Dación de conta da tramitación pola Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC) das contas anuais do exercicio 2021.

Dáse conta da tramitación das Contas Anuais do exercicio 2021 da Fundación Axencia Enerxética Provincial da Coruña (FAEPAC).

39.- Dación de conta da tramitación polo Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña da Conta Xeral do exercicio 2021.

Dáse conta da tramitación da Conta Xeral do exercicio 2021 do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento da Coruña.

40.- Aprobación definitiva da Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2021.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"1º.- Aprobar definitivamente a Conta Xeral do Orzamento da Deputación provincial do exercicio 2021.

2º.- Remitila ao Tribunal de Cuentas e o Consello de Contas, conforme co establecido no artigo 212.5 do TRLRHL, aprobado polo Real decreto lexislativo 2/2004 do 5 de marzo e na regra 51 da orde HAP/1781/2013, do 20 de setembro, polo que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local; así como ás demais entidades que proceda a súa remisión, segundo a normativa vixente e tamén proceder á súa publicación na web institucional."

41.- Aprobación da proposta da Presidencia ao Pleno de 29 de xullo de 2022 sobre cambio de data da sesión ordinaria do oitavo mes de 2022.

VOTACIÓN

Votan a favor: 30 deputados/as (13 do PP, 11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

ACORDO

O Pleno, por unanimidade, acorda:

"A sesión ordinaria do Pleno da Deputación Provincial correspondente ao oitavo mes

de 2022 celebrárase o día 9 de setembro, venres, a partir das doce horas".

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Pasamos a actuacións de control.

A primeira moción, presentada polo Grupo Provincial Marea Atlántica, en defensa dos bens inmobles do Pazo de Meirás.

Sr. Secretario

Perdón, hai un erro, son bens mobles.

Sr. Presidente

Perdón, si, son mobles

1.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa dos bens mobles do Pazo de Meirás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2 setembro de 2020, o xulgado de primeira instancia número da Coruña estimaba integramente a demanda para a devolución do Pazo de Meirás interposta polo Estado, ao que declara propietario do inmovible. Na sentenza do xulgado sinalábase que a doazón do Pazo ao xeneralísimo sinalábase carecía dos requisitos de legalidade imprescindibles, e que esta se trataba dunha simulación na que se agochaban as relacións de forza e coacción entre os recadadores da mesma e os doadores. Púñaselle fin, deste xeito, a unha longa loita do pobo de Sada e do tecido civil comprometido na restitución da memoria republicana pola recuperación dun edificio que se convertera no símbolo do poder oprobioso da Ditadura nacida do golpe de estado de xullo do 36, e devolvíase ao pobo aquilo que non deixaba de ser unha propiedade do estado, non un ben patrimonial da familia Franco.

Con todo, restaban por resolver asuntos doutro tipo, como o da propiedade dos bens mobles que foran propiedade da escritora coruñesa Emilia Pardo Bazán, que foran transmitidos aos Franco en 1938, así como os que foron alí trasladados durante esa data e 1975. O desleixo neste particular da Administración Xeral do Estado e da Xunta de Galicia, que deberan ter iniciado hai tempo as accións necesarias para garantir que a integridade dos bens mobles atesourados en Meirás pasasen a formar parte do patrimonio público, favoreceu que o pasado 15 de xullo un xulgado de primeira instancia da Coruña sinalase no seu auto que, aqueles bens mobles non incorporados ao catálogo do BIC, os devanditos transmitidos en 1938 e os posteriores ata 1975, carezan da debida protección legal e poidan ser retirados pola familia Franco.

Ante esta situación, o Concello de Sada, dirixido por Benito Portela, que formara como parte dos demandantes da recuperación do Pazo de Meirás en 2020, comezou unha rolda de contactos e actos administrativos, dirixidos tanto á Administración do Estado como á Xunta de Galicia, co fin de instalas a iniciar as accións legais e administrativas correspondentes no marco das súas respectivas competencias, para evitar que a Familia Franco poida levar de Meirás bens que son de titularidade pública, é dicir, do pobo.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar á Administración Xeral do Estado a que interpoña unha demanda civil reivindicatoria sobre os bens mobles sitos en Meirás, tanto aqueles transmitidos en 1938, como os incorporados entre esta data e 1975, así como instamos á presidencia da Deputación Provincial de A Coruña ao persoamento en dito proceso, en condición de coadxuvante adhesiva.

2.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia para que á maior brevidade resolvan a cuestión competencial, aos efectos da urxente incoación do correspondente expediente de modificación do decreto 299/2088, de 30 de decembro, no que se declaraban as Torres de Meirás como sitio histórico, co fin de incorporar ao mesmo os bens mobles propiedade de Emilia Pardo Bazán transmitidos en 1938, así como os incorporados entre esta data de 1975.

3. Dar traslado deste acordo ao goberno do Estado (Secretario de Estado de Memoria Democrática), así como á Xunta de Galicia (Consellería de Cultura).

Sr. Lema Suárez

Bo día, boa tarde aos compañeiros.

Efectivamente, trátase dos bens mobles que non foron incorporados ao catálogo da declaración de Ben de Interese Cultural do Pazo de Meirás logo de que o 2 de setembro do 2020 o Xulgado de Primeira Instancia da Coruña recoñecese que este pazo, que foi propiedade no seu día da condesa de Pardo Bazán, foi entregado ao ditador, a Francisco Franco mediante unha doazón fraudulenta, unha doazón que se fixo –digamos–, na que se agochaba esa suposta voluntariedade dos doadores cos métodos coactivos e coercitivos propios do franquismo, que non deixaba de ser unha ditadura.

Ben, pois hai escasamente un par de semanas, un xulgado da Coruña vén de recoñecer que aqueles bens mobles que non foron incorporados ao catálogo no momento no que o pazo volveu ser propiedade do pobo, nomeadamente os transmitidos pola familia Pardo Bazán en 1938 e aqueloutros que foron atesourados polo ditador entre esta data e o 75, corren o risco de seren –digamos– apropiados pola familia Franco, que foi a que presentou esta demanda.

Ante esta situación, o alcalde de Sada, Benito Portela, vén solicitándolle mediante escritos, mediante cartas, tanto á Administración Xeral do Estado como

tamén á Xunta, que inicien os trámites necesarios para, nunha instancia, pola vía administrativa incorporen ao catálogo os bens aos que aquí se refiren e, outra, pois que tamén inicien as vías de recurso necesarias para impedir que teña efecto o que non deixaría de ser unha tremenda inxustiza e tremendo ridículo tamén das administracións competentes que no seu día non se aseguraron de que estes bens mobles, moi valiosos, patrimonio cultural de todo o pobo galego, fosen apropiados pola familia Franco.

Esta institución no seu día formou parte daquelas que compareceron no xuízo para a recuperación do Pazo de Meirás, tamén co Concello de Sada, tamén coa Xunta de Galicia, pero hoxe atopámonos no que a falta de entendemento, a falta de diálogo entre a Administración xeral do Estado e a Administración galega, a Administración autonómica, está propiciando esta desprotección duns bens tan valiosos como os que acabamos de sinalar.

(Sale do Salón a Sra. Lamas Villar).

Hai unha proposta de emenda que facemos nós, logo de contactos, logo dos diálogos mantidos co resto de grupos desta Cámara para propiciar o seu acordo por unanimidade, polo cal se substituiría o punto 2 por unha redacción que vou ler agora, que di o seguinte: "Instar o Goberno do Estado e a Xunta de Galicia para que á maior brevidade posible resolvan a cuestión competencial aos efectos da urxente incoación do correspondente expediente de modificación do Decreto 299/2008, do 30 de decembro, no que se declaraban as torres de Meirás como sitio histórico co fin de incorporar ao mesmo os bens mobles propiedade de Emilia Pardo Bazán transmitidos en 1938, así como os incorporados entre esta data e 1975".

Os outros puntos, o primeiro e o terceiro, din o seguinte: O primeiro: "Instar a Administración Xeral do Estado a que interpoña unha demanda civil reivindicatoria sobre os bens mobles sitos en Meirás, tanto aqueles transmitidos en 1938 como os incorporados entre esta data e 1935, así como a Presidencia da Deputación Provincial da Coruña ao personamento no dito proceso en condición de coadxuvante adhesiva".

Por último, dar traslado destes 2 acordos ao Goberno do Estado, ao Secretario de Estado de Memoria Democrática, así como á Xunta de Galicia, Consellería de Cultura.

Nada máis e moitas grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Bo día a todos e a todas.

En relación á moción que presenta o Grupo da Marea, anticipamos o noso voto favorable. Coincidimos tanto na relevancia que tivo no seu día en favor da reparación da memoria histórica a sentenza que devolveu ao pobo o Pazo de Meirás e que, ademais, deixou negro sobre branco como o ditador se fixo cun ben a través de

medidas de coacción.

Neste caso entendemos que, efectivamente, as administracións deben actuar coa maior dilixencia posible para que se poida recuperar o resto de bens espoliados e que, definitivamente, se expulsa a pegada do franquismo de Meirás e de Galiza. Que deste xeito se contribúa a facer unha verdadeira reparación simbólica e material, é unha débeda con todas aquelas persoas que sufriron o terror e o espolio, entendendo que o pazo é de todos, e todos e cada un dos bens que nel están son un conxunto de memoria que debe permanecer en mans do pobo e tamén ao servizo da sociedade para contribuír a permanecer esa pegada imborrable dunha historia que é necesario que coñezamos, que permaneza e que poida contribuír a que todos co noso coñecemento e espírito crítico teñamos as ferramentas para que non se repita, e enfrontarnos pois como debemos a aqueles discursos que queren traela de novo aos nosos días.

Sr. Rodríguez Martínez

Si, moi bos días a todos. Moi brevemente, simplemente para expresar o noso apoio á moción. Non había ningún problema xa co punto primeiro, xa que a Xunta foi a primeira Administración en solicitarlle á Avogacía do Estado a ampliación da reclamación sobre determinados bens situados en Meirás. E como xa expuxo o Sr. Lema, evidentemente, o recente auto do Xulgado de Primeira Instancia demostrou que esta era a mellor estratexia para recuperar ese patrimonio público, que continúa sendo propiedade da familia Franco, tal e como a Xunta leva tamén tempo reclamando.

En canto ao punto segundo, agradecerlle a disposición ao Grupo da Marea Atlántica para poder acadar ese texto consensuado. Aquí a única cuestión era que, estando de acordo en que, efectivamente, procede ampliar a declaración de bens de interese cultural, a competencia, sendo Meirás, como sempre foi e nunca deixou de ser, un ben adscrito a un servizo público dependente da Administración xeral do Estado, correspondíalle a competencia non tanto á Xunta, se ben non existe tampouco discrepancia e ambas as dúas administracións están desde hai tempo negociando o texto dun convenio polo cal poida habilitarse a Xunta para estar lexitimada a facer esa declaración.

Polo tanto, agradecemos a revisión dese texto, estamos de acordo coa súa redacción actual e ademais é un acordo que tamén teñen ambas as administracións, e isto é particularmente importante, porque é complementario do que é o punto primeiro. Unha cousa é evidentemente ampliar a eses bens a declaración de BIC, pero isto non é máis que darlle unha protección cultural, pero non cambia a propiedade, non cambia a titularidade. Polo cal, evidentemente, imos tamén apoiar este punto segundo, pero recalando a importancia que ten esa reclamación en vía xudicial para que eses BIC, unha vez declarados, eses bens unha vez declarados tamén bens de interese cultural, integren tamén o patrimonio público. Polo tanto máis nada, e imos apoiar e votar a favor esta moción.

Sr. Fernández Piñeiro

Moi bo día a todos e a todas. Nós tamén xa anuncio que imos apoiar esta moción e aproveito tamén xa para trasladarlles a vostedes que o Ministerio, segundo se nos trasladou, vai presentar a demanda para reclamar eses bens no mes de setembro xa, á volta dun curso político. Polo tanto, daríase cumprimento en gran medida á proposta que se traslada hoxe con esta moción, que vén avanzar un pouco máis en todo o proceso do Pazo de Meirás, do que ademais esta casa, e todos e todas penso que temos que sentirnos orgullosos diso, pois foi unha das principais valedoras de achegar toda a documentación necesaria, cos distintos informes que todos e todas coñecemos, para que ese pazo volvесе ser patrimonio de todos os galegos e as galegas. E agora seguiremos a facelo con eses bens que moitos deles foron usurpados, como as pilas bautismais de Moraime e algúns outros moitos que todos e todas coñecemos.

Polo tanto, como digo, vén dar continuidade a ese esforzo feito por esta casa nuns momentos, no que tamén é importante poñelo de manifesto, cando o Goberno central estaba en mans do Partido Popular, a Avogacía do Estado non compartiu a visión daquel momento da Deputación Provincial da Coruña de recuperar o pazo para o patrimonio público, e que foi co actual Goberno con quen houbo unha modificación ou un cambio nese sentir por parte da Avogacía do Estado e, finalmente, culminou coa retirada dese Pazo dos Franco, que sabemos todos e todas que fora obtido a través dunha venda simulada, unha venda fraudulenta aproveitando a súa condición de xefe do Estado. Polo tanto, repito, o noso apoio a esta moción.

Nada máis e moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputada (PSOE - en virtude do art. 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa dos bens mobles do Pazo de Meirás.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 2 setembro de 2020, o xulgado de primeira instancia número da Coruña estimaba integramente a demanda para a devolución do Pazo de Meirás interposta polo Estado, ao que declara propietario do inmovible. Na sentenza do xulgado sinalábase que a doazón do Pazo ao xeneralísimo sinalábase carecía dos requisitos de legalidade imprescindibles, e que esta se trataba dunha simulación na que se agochaban as relacións de forza e coacción entre os recadadores da mesma e os doadores. Púñaselle fin, deste xeito, a unha longa loita do pobo de Sada e do tecido civil comprometido na restitución da memoria republicana pola recuperación dun edificio que se convertera no símbolo do poder oprobioso da Ditadura nacida do golpe

de estado de xullo do 36, e devolvíasele ao pobo aquilo que non deixaba de ser unha propiedade do estado, non un ben patrimonial da familia Franco.

Con todo, restaban por resolver asuntos doutro tipo, como o da propiedade dos bens mobles que foran propiedade da escritora coruñesa Emilia Pardo Bazán, que foran transmitidos aos Franco en 1938, así como os que foron alí trasladados durante esa data e 1975. O desleixo neste particular da Administración Xeral do Estado e da Xunta de Galicia, que deberan ter iniciado hai tempo as accións necesarias para garantir que a integridade dos bens mobles atesourados en Meirás pasasen a formar parte do patrimonio público, favoreceu que o pasado 15 de xullo un xulgado de primeira instancia da Coruña sinalase no seu auto que, aqueles bens mobles non incorporados ao catálogo do BIC, os devanditos transmitidos en 1938 e os posteriores ata 1975, carezan da debida protección legal e poidan ser retirados pola familia Franco.

Ante esta situación, o Concello de Sada, dirixido por Benito Portela, que formara como parte dos demandantes da recuperación do Pazo de Meirás en 2020, comezou unha rolda de contactos e actos administrativos, dirixidos tanto á Administración do Estado como á Xunta de Galicia, co fin de instalas a iniciar as accións legais e administrativas correspondentes no marco das súas respectivas competencias, para evitar que a Familia Franco poida levar de Meirás bens que son de titularidade pública, é dicir, do pobo.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Instar á Administración Xeral do Estado a que interpoña unha demanda civil reivindicatoria sobre os bens mobles sitos en Meirás, tanto aqueles transmitidos en 1938, como os incorporados entre esta data e 1975, así como instamos á presidencia da Deputación Provincial de A Coruña ao persoamento en dito proceso, en condición de coadxuvante adhesiva.

2.- Instar ao Goberno do Estado e á Xunta de Galicia para que á maior brevidade resolvan a cuestión competencial, aos efectos da urxente incoación do correspondente expediente de modificación do decreto 299/2088, de 30 de decembro, no que se declaraban as Torres de Meirás como sitio histórico, co fin de incorporar ao mesmo os bens mobles propiedade de Emilia Pardo Bazán transmitidos en 1938, así como os incorporados entre esta data de 1975.

3. Dar traslado deste acordo ao goberno do Estado (Secretario de Estado de Memoria Democrática), así como á Xunta de Galicia (Consellería de Cultura)."

Sr. Presidente

Seguinte moción, tamén do Grupo Provincial de Marea Atlántica, en defensa da Corporación TVG.

2.Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa da CRTVG

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xuño confirmouse a condena á Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) por vulnerar a liberdade de expresión dun traballador. Esta condena xa é definitiva dado que ningunha das partes involucradas no caso presentaron recurso algún á mesma, polo que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou firme a sentenza que considera que a sanción que impulsou a corporación contra o traballador Carlos Jiménez en novembro de 2018 tivo un fin “atentatorio” do dereito fundamental á liberdade de expresión. Esta sentenza é a primeira sentenza en firme contra a CRTVG por vulnerar a liberdade de expresión relacionada directamente coas protestas dos traballadores e traballadoras, o que supón un grave fito no negro historial da radio televisión pública galega.

Os problemas da CRTVG veñen, por desgraza, de longo. Este venres 29 de xullo do 2022 cumpríranse xa 219 venres en negro, máis de catro anos defendendo semana a semana o dereito a unha información pública digna e denunciando o incumprimento por parte da Dirección Xeral da CRTVG da Lei 9/2011, coñecida como Lei de Medios. Estas protestas, con notable apoio social, deron e dan unha maior visibilidade ás denuncias recorrentes e prolongadas no tempo de maltrato e manipulación da información. Como din as representantes de Defende a galega, a CRTVG ten que cumprir a misión para a que foi creada e garantir o dereito dos galegos e galegas a ter unha televisión e unha radio que serva aos intereses da cidadanía galega e non aos intereses políticos e particulares da Xunta de Galicia.

A Plataforma Defende a Galega presentou tamén vai un ano, o 10 de xullo de 2021, unha denuncia ante a Valedora do Pobo polo incumprimento da Lei de Medios. Na denuncia da plataforma sinalase a incongruencia e total incumprimento dos obxectivos xerais da lei, que debería comezar a facer dos medios públicos galegos, “un instrumento eficaz de vertebración da identidade de Galicia como pobo e da difusión e normalización da súa principal manifestación, que é a lingua” baseada nos “valores de pluralismo, veracidade e accesibilidade co fin de contribuír á formación dunha opinión pública informada” como así se recolle na súa exposición de motivos. Esta denuncia ante a valedora do pobo anota innumerables incumprimentos do articulado da Lei de Medios, e pon de manifesto unha situación insostible nos medios públicos galegos que parecerían querer utilizarse co único fin de dar cobertura á propaganda partidista, agochar as críticas á Xunta de Galicia e como consecuencia deixar esmorecer unha radio e televisión públicas de calidade, pese ao enorme potencial que ten a CRTVG como organismo, en boa medida polo seu profesional e comprometido cadro de persoal.

Non se entende, precisamente por todo este panorama, a recente renovación de dous dos membros do Consello de Administración da CRTVG, aprobada estas semanas cun pacto entre PP e PSOE, e moi criticada polo Comité Intercentros da CRTVG. O Comité Intercentros e outras entidades sinalan que se perde así unha oportunidade única para facer cumprir ao completo coa Lei de Medios 9/2011 e coas reclamacións mencionadas, permitindo, cun inexplicable pacto, lexitimar e reforzar unha CRTVG que non serve aos intereses da cidadanía galega.

Por todo isto, polo historial de maltrato e desleixo dos medios públicos galegos e pola recente sentenza en firme que demostra a censura interna contra aqueles traballadores que tratan de sinalar o preocupante rumbo da CRTVG, entendemos dende o Grupo Provincial Marea Atlántica que urxe denunciar esta situación e tomar medidas que muden o rumbo da nosa radio e televisión pública galega.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Expresar o apoio da Deputación da Coruña ás reclamacións das traballadoras e traballadores da CRTVG na súa defensa da liberdade de expresión e do fin do control e manipulación nos medios públicos.
2. Manifestar a solidariedade da A Deputación da Coruña coas mobilizacións da Plataforma “Defende a Galega” que leva 219 convocatorias semanais dos “Venres Negros” denunciando o incumprimento da Lei de Medios e o desmantelamento da radio e da televisión públicas.
3. Instar á Xunta de Galicia a recoñecer e reparar os danos causados ao xornalista Carlos Jiménez polo inxustificable e probado proceder contra a súa liberdade de expresión durante estes anos
4. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia, á CRTVG e á Plataforma Defende a Galega.

Sr. Lema Suárez

Moitas grazas polo seu apoio aos grupos provinciais na anterior moción. E esta segunda moción que presentamos agora versa sobre algo tan fundamental, como está recollido no texto constitucional, como é o dereito a unha información veraz e obxectiva, un dereito que pensamos que se converte en deber cando se trata de medios públicos, de entes públicos de comunicación.

Hoxe, precisamente este venres, cóntanse 219 venres negros xa, xornadas de protesta simbólica deses traballadores da CRTVG agrupados baixo as siglas ou baixo esa forma informal de organización que é Defende a Galega, que basicamente levan denunciando xa hai anos, xa hai máis de catro anos, que o ente público de comunicación CRTVG se ten convertido, se ten afastado da súa obriga, así recollida tamén nos seus estatutos e tamén na Lei de comunicación, se ten convertido, a pesar de todo isto, basicamente nun –tentarei ser aséptico na descrición– nun medio ao servizo do Partido Popular, que é quen goberna a Xunta.

Véñeno denunciando desde hai moito tempo, a min paréceme perfecto que o Partido Popular faga publicidade das súas accións de goberno, non desde logo cos cartos de todos os galegos e non é esta a función que debe ter tampouco a Televisión de Galicia nin a Radio Galega.

(Entra no salón a Sra. Lamas Villar).

Estas cuestións que estamos agora tratando aquí un pouco en abstracto e en xeral, manifestáronse xuridicamente e recentemente tamén nunha sentenza do mes pasado na que recoñecía o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que ao traballador do ente público, ao traballador da Televisión de Galicia, Carlos Jiménez, lle fora lesionado, conculcado o seu lexítimo dereito á liberdade de expresión, xa que fora sancionado polo ente público por denunciar feitos como o que acabo de describir: basicamente que un ente público, un medio de comunicación público se teña convertido, e aínda sexa hoxe en día, basicamente unha canle de comunicación ao servizo do Partido Popular.

Os catro puntos que recollen, nos que se concreta todo o exposto son os seguintes:

Punto 1: Expresar o apoio da Deputación da Coruña ás reclamacións aos traballadores e traballadoras da CRTVG na súa defensa da liberdade de expresión e a fin do control e manipulación nos medios públicos.

Punto número 2: Manifestar a solidariedade da Deputación da Coruña coas mobilizacións da plataforma Defende a Galega, que leva 219 convocatorias semanais dos venres negros denunciando o incumprimento da Lei de medios e o desmantelamento da radio e televisión públicas.

Punto número 3: Instar a Xunta de Galicia a recoñecer e reparar os danos causados ao xornalista Carlos Jiménez polo inxustificable e probado proceder contra a súa liberdade de expresión durante estes anos.

Por último: Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia, á CRTVG e á plataforma Defende a Galega.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Simplemente manifestar o apoio á moción, porque cos anos que eu levo no Concello de Oleiros, que son moitos, desde o inicio da democracia, e isto hai que dicilo, tanto que gobernarán uns como que gobernarán outros, a televisión está totalmente monopolizada, neste caso estamos agora falando do Partido Popular, para as noticias que lle interesan só ao Partido Popular. Xa pode haber un acontecemento importante en calquera concello que non sexa do Partido Popular que non vai ser noticia na Televisión de Galicia, por moita importancia que tivera.

E eu estou canso de oír cando chaman ao Concello de Oleiros, cando hai algunha cousa así que lles interesa a eles, pero din que non, que non fale o alcalde, nin ningún político do Goberno. É tremendo, dunha manipulación asquerosa, asquerosa, dun patrimonio público, dunha televisión pública que ten que informar do que acontece en Galicia. E iso dáse continuamente no caso do Concello de Oleiros. A min non me estraña, claro, non? Pero isto é o que non pode ser; unha televisión pública, ten que dar as noticias que ten que dar sexan da cor que sexan ou sexan

como sexan sobre a materia da que se se quere informar. E iso en Oleiros non acontece; por tanto, totalmente de acordo co tema e ademais con traballadores que din: pero como que é isto? E din: “es que tengo órdenes de”, ben, pois ordes que sigan dando ordes e eu seguirei estando en contra desa manipulación asquerosa dun ente público como é a Televisión Galega, que ten que estar para informar e non para ser o medio de comunicación do Partido Popular.

Sra. Muíño Filgueira

Evidentemente, na defensa dos medios públicos galegos que verdadeiramente estean ao servizo da xente, que garantan o acceso, que é un dereito democrático ademais a unha información plural e obxectiva, e só faltaría que os medios públicos galegos que manteñan un exquisito respecto polos dereitos dos traballadores e traballadoras destes medios no exercicio do ben facer da súa profesión, evidentemente imos apoiar o contido desta moción.

A CRTVG debe cumprir coa Lei de medios, debe respectar os dereitos dos traballadores e traballadoras, cuestión que efectivamente falabamos antes de datos obxectivos, falar de centos de sentenzas condenatorias, incluíndo por suposto a última e demoledora sentenza que fai referencia á vulneración dos dereitos do xornalista Carlos Jiménez, pois evidentemente son motivos máis que de sobra para votar a favor desta moción, e por supostísimo expresar, ademais do contido, verbalmente o noso apoio á demanda dos traballadores e traballadoras e tamén á plataforma Defende a Galega.

Sr. Ben Otero

Gracias, presidente.

Voy a empezar por decirle al Sr. García Seoane que, como ejemplo de pluralidad, objetividad, transparencia y servicio a todos los grupos políticos tenemos a Radio Oleiros y las pantallas municipales que son utilizadas por él a su capricho y a su gusto cuando quiere y como quiere. Eso es pluralidad, objetividad y transparencia.

Ahora vamos a dar respuesta a la moción que ha presentado el Sr. Lema. A compañía Radio Televisión de Galicia desenvolve as súas actividades no marco dunha lei que garante a súa misión de servizo público que se leva a cabo con independencia. Os traballadores e as traballadoras da compañía realizan o seu labor con profesionalidade, con rigor e responsabilidade. Penso que non merecen estar sometidos a constantes ataques nos que se cuestione o seu traballo e a súa credibilidade como nesta moción, unhas acusacións de suposta manipulación que están formuladas desde a manipulación e que non soportan unha mínima análise baseada en criterios profesionais ou de interese de parte.

O director xeral da compañía de Radio Televisión de Galicia dá conta ante a Comisión de Control no Parlamento sobre o cumprimento da Lei 9/2011, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, en todos os seus aspectos, con datos, elementos obxectivos cuantificables e medibles. Con data do 5 de outubro de 2021 a Valedora do Pobo emitiu xa unha resolución na que rebate en todos os

aspectos a queixa presentada o 10 de xullo de 2021 da que se fala na súa moción.

O cumprimento da Lei de medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia en todos os seus aspectos queda acreditada, unha situación actual que contrasta co que se vivía antes, Sra. Muíño; na etapa do bipartito, a Compañía Radio Televisión de Galicia acumulou un récord dunha ducia de resolucións en contra da Xunta Electoral por manipulación e falta de neutralidade. Tamén o Valedor do Pobo emitíu unha resolución con data 20 de outubro de 2008 na que se lle lembraba á Dirección da Compañía Radio Televisión de Galicia, naquel momento con Benigno Sánchez á fronte, a súa obriga de manter unha liña de obxectividade e pluralismo e servizo ao pobo galego incompatible con ningún tipo de partidismo.

Os informativos da Televisión de Galicia son a referencia para os galegos e as galegas, que os seguen de xeito maioritario, como reflicten as cifras do estudo xeral de medios. A Televisión de Galicia chega ao 99,1% dos fogares galegos, case 670.000 persoas contactan con ela ao longo do día. E a Radio Galega e a Radio Galega Música suman 200.000 oíntes cada día. Sumando isto aos medios dixitais, case un millón de galegos acceden cada día aos informativos ou á información da Compañía Radio Televisión de Galicia.

A última onda do Estudo Xeral de Medios sitúa na franxa dos informativos e de 1 a 5 da tarde a Galega por diante de todos os demais medios de comunicación ou demais televisións en Galicia, cun salientable número maior de televidentes que incluso Antena 3, que é a segunda neste rango aquí en Galicia.

Agora os medios públicos están ao servizo dos galegos. Non ocorría así en etapas anteriores, nas que había unha televisión bipartita; eran os propios membros do Goberno galego os que se acusaban os uns aos outros de manipular a Televisión de Galicia. A parte do BNG dicía textualmente: “A manipulación á que se somete a información política nos informativos da Televisión de Galicia paréceme escandalosa”, declaracións do secretario xeral da Presidencia naquel momento. Entón, o director xeral da Televisión de Galicia, Benigno Sánchez, e así está publicado, denunciou por carta ante o vicepresidente Anxo Quintana as presións que se estaban exercendo sobre a cadea pública. Esta era a realidade do que pasaba naquel momento.

Na Compañía Radio Televisión de Galicia avanzouse nos obxectivos de acadar estabilidade no emprego, un bo clima laboral e formación continua. Este compromiso coa estabilidade concretouse cunha oferta de emprego de 270 prazas que se desenvolverá ao longo dos vindeiros meses, sumándose a esta consolidación que se fixo en 2011 para preto de 200 prazas.

A partir dunha única sentenza, a moción conclúe que non se respectan os dereitos laborais e que hai censura interna, e que non responde á realidade. O único caso aberto a día de hoxe na Compañía de Radio Televisión de Galicia que afecta a dereitos fundamentais supón o 0,35% da litixiosidade de toda a corporación. Di a moción que esta sentenza é un fito, como se non houberse outras similares noutras corporacións de medios públicos. Está recente, pois foi a finais de xuño, unha sentenza que obriga a Radio Televisión Española, da que forma parte o seu partido, o seu Goberno; ben, agora están Suma, Yolanda e compañía, están neste Goberno do

Estado, a readmitir, indemnizar o guionista despedido por un rótulo sobre a princesa Leonor. Os tribunais de xustiza consideraron probado que a Televisión Española vulnerou o dereito fundamental á liberdade de expresión. Non lles escoitei en ningún momento nada ao respecto e menos aínda lles escoitei da histórica purga que se fixo en Radio Televisión Española tras a chegada de Pedro Sánchez ao poder, unha purga implacable: desde técnicos a xornalistas ou tertulianos sen xustificar ningunha destas decisións. Rosa María Mateo, a que foi administradora única, nomeamento que despois foi anulado polos tribunais, si que pasará á historia por política represiva a profesionais perseguidos, case un cento deles despedidos, tras a súa chegada á Compañía de Radio Televisión Española. Pero ningún de vostedes naquel caso dixo nada deste asunto.

Polo tanto, o noso voto obviamente vai ser en contra desta moción. Nada máis e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade é que me sorprende a intervención do voceiro do Partido Popular. Pensei que faría unha defensa da imparcialidade do funcionamento da TVG e non volver co mantra do bipartito e acusar todos os que estamos en fronte, cando digo todos falo de formacións políticas, daquilo que fai o seu partido, que, a excepción de dúas lexislaturas, leva gobernando Galicia con maioría e controlando a TVG. Sinceramente, negar a estas alturas que hai un control político que impide que haxa unha información veraz, contrastada e plural na TVG é tanto como negar, pois, non sei, case que a auga molle. Se lle preguntamos a ese millón de galegos que ven a TVG, estou convencido de que a maioría deles están, e lévano ademais con total normalidade, tendo en conta os anos que levamos nesa situación, plenamente convencidos de que hai unha manipulación nos noticiarios da TVG. Que teña moita audiencia a TVG non está discutida nesta moción creo, non a ten só polas noticias, hai moita programación dentro desa cadea de televisión que seguen moitos galegos e galegas, precisamente de aí o interese do Partido Popular por controlala, porque sabe que chega a un número importante de galegos e galegas.

Empezaba vostede a súa intervención dicindo que a CRTVG desenvolve a súa actividade arrogada por unha lei, unha lei que está a incumprir a Xunta de Galicia, unha lei que regula un límite de mandatos para o director da cadea que de forma ilegal continúa á súa fronte; un tema do que o Partido Popular non fala nin leva ao Parlamento porque se sabe, por todos e todas, que fai falta unha maioría máis ampla da que conta actualmente. E, polo tanto, como non ten unha maioría suficiente para poder garantir que ese director siga a ser o mesmo, non se leva o tema ao Parlamento e non se fala desa cuestión.

A verdade é que, sinceramente, aínda estou lembrando agora aquela comparecencia de María Dolores de Cospedal falando da contratación en diferido do tesoureiro do Partido Popular; non sei se recordan vostedes que foi unha noticia que saíu en todos os medios de comunicación do Estado español excepto nun: na TVG, no telexornal da TVG dese día non lles pareceu que fose importante, nin relevante dende o punto de vista periodístico, informar todos os galegos e galegas que ven esa canle dunha noticia que estaba a ser importantísima dende o punto de vista político do

noso país.

Non falemos doutras moitas cuestións relacionadas con casos de corrupción do Partido Popular, que pasan cunha noticia de 5, 6, 8, 10 segundos –isto está medido polo Colexio de Periodistas, non o estou a dicir eu–, fronte a outros casos doutras formacións políticas, que evidentemente tamén os hai, aos que se lles dedican varios minutos, incluso ás veces introducindo algunhas imaxes para vincular eses casos con persoas que nada teñen que ver con eles, o cal está claro que é unha clara manipulación da realidade e dos feitos. “La maniobra del PP para retener el control de la televisión gallega indigna a su personal”, “Representantes sindicales ven un escándalo que el Gobierno gallego cambie a escondidas la ley que obliga a consensuar la Dirección General de los medios públicos y el Colegio de Periodistas – Colegio de Periodistas, non o din nin os sindicatos nin os partidos da oposición– quiere que se profundice en el control gubernamental de la compañía”.

Repito, é algo que está tan claro xa a estas alturas que negalo simplemente o deixa a vostede en evidencia. Eu entendo que o ten que facer porque que van dicir, pero, home, podemos todos lembrar e todas o relevo na Xunta de Galicia, onde o señor Rueda saía o 99% do tempo na TVG. Non sei cantas entrevistas leva desde que é presidente, debe de levar non sei, unha chea delas; a última, ademais, faise unha entrevista e no Telexornal dese día e do día seguinte e do día seguinte máis, faise referencia novamente a esa entrevista. Hai outros representantes políticos que, se ben non son presidentes da Xunta, son voceiros de grupos da oposición que tamén poderían ter a mesma atención por parte dese medio e tamén entrevístanos para ver cal é a súa opinión da situación de Galicia, cousa que non se fai. Ademais, algunhas fanse en horario *trending topic* ou en horario de máxima audiencia e outros ás 9 da mañá, cando non o ve ninguén.

Iso por non falar, e eu teño estado en moitas ocasións con compañeiros do meu partido e ultimamente co meu secretario xeral cando facemos declaracións á TVG, como se recollen esas declaracións, como o que se quere dicir non se conta e se fala dunha cuestión que non ten nada que ver co que era a rolda de prensa. É dicir, a manipulación é tal, e está de tal maneira ao servizo do Partido Popular que é sinxelamente e sinceramente llo digo, ruborizante a súa intervención, porque demostra xa un atrevemento sen límites. Eu pensei, loxicamente non vai vostede recoñecer que hai unha manipulación da TVG, non lle pido tanto, pero, home, polo menos que intentara pasar de puntas polo tema. Porque anda que non teñen vostedes moito que calar por como funcionan, sobre todo, os informativos desa canle! E cantos venres negros están a desenvolver os empregados desa canle, que non sei quen son, pois deberán ser unha especie de afiliados dos partidos da oposición ou sindicalistas, non sei, algún tipo que ten algún problema co Partido Popular, etcétera, non sei. Pero é curioso, eh, e aínda encima é curioso que volva vostede a falar do bipartito, que iso si que xa é a *repanocha*. Pero ben, en todo caso, como digo, penso que a realidade evidencia cal é a situación de control que exerce o seu partido sobre a televisión pública, que non o din nin sequera estes grupos, que o di o Colexio de Periodistas, que o din medios a nivel estatal, que recoñecen e poñen como exemplo de manipulación da televisión pública a TVG, como facían na súa época co Canal Nou do señor Zaplana. Ben, pois nada máis, a realidade ao final é a que é e vostede por moito que intente vendernos outra cuestión xa sabe que non ten nada que facer, e

sobre todo escorrer o vulto falando daquel bipartito que parece que serve para todo.

Moitas grazas, nada máis.

Sr. Lema Suárez

Un pouco tamén por ir rematando. Señor Evaristo Ben, cadaquén ten que facer o seu traballo. Vostede defende a TVG, entendo que é a súa obriga aquí hoxe, non me sorprende, incluso con argumentos máis ou menos elaborados, como se a audiencia fora un índice de obxectividade; a audiencia é un índice de audiencia, non de obxectividade, son cousas distintas. Pero non me pida a min que eu faga aquí a crítica da xestión informativa da televisión española. Faga o vostede o seu traballo, e eu fago o meu, e así todo o mundo se axusta un pouquiño ao guión, que ás veces ser previsible tampouco está mal.

Mire, eu hai un pouco por unha proba directa do que cadaquén observa na TVG, tampouco é que sexa eu un televidente súper fiel, pero de vez en cando fago algunha escolla un pouco por unha cata, para ver como están as cousas. E hai cuestión dun mes ou así vin un programa, que emitirán mañá de novo, que se chama *Parlamento*, que é os sábados pola mañá, no que se entrevista membros do Parlamento das tres sensibilidades políticas que vemos que están alí representadas sobre cuestións de actualidade, está máis ou menos ben o formato diría eu. E despois recóllense cuestións que aconteceron no Parlamento durante esa semana.

A min sorprendeume hai cuestión dun mes ou así que nese programa na sesión de control do Parlamento, cando se escollen as preguntas que se lle formulan a quen toca, Presidencia ou ao conselleiro que toca, as preguntas que se escolleron sabe de que partido eran? Eran do Partido Popular. Eu non sabía que se lle podían formular preguntas aos conselleiros e aos presidentes sendo do mesmo partido, descubrino ese día; pero dígoo como detalle curioso, porque me sorprende moito que as únicas preguntas que transmitiron TVG foron as que formulou o propio Partido Popular aos seus conselleiros, ao cal teñen dereito, descubrino ese día, foi para min unha sorpresa, aprendín algo que non sabía, pero desde logo a verdade é que moi plural non lle quedou.

Di vostede que os que manipulan son os que denuncian a manipulación. Ben, a verdade é que a min isto me soa un pouquiño tamén a ese argumentario de Castela e León de que os ecoloxistas son os culpables dos incendios. Eu a verdade é que eu entendo que, se estas cousas se din, será porque hai alguén que cre nelas. A min paréceme absolutamente increíble. Estamos falando dun importante número de profesionais da televisión e da radio galega que levan máis de catro anos protestando todos os venres, protestando non por cuestións de índole laboral unicamente, senón por cuestións como a que estamos aquí hoxe debatendo, pola falta de obxectividade dos medios públicos galegos. Eu despois non vou falar da outra política de comunicación da Xunta de Galicia, de cantos medios desapareceron no país desde que goberna o Partido Popular, desde que goberna da última xeira, non vou entrar aí, estamos centrando simplemente o debate na TVG, pero algunha vez eu preguntábame, vendo algún telexornal da galega, se chegase aquí un estranxeiro, alguén que viñese doutro país e que vise un telexornal de Galicia, se preguntase

sobre cales son os principais males ou ameazas para o noso futuro, algunha vez eu pensaba que a conclusión máis lóxica á que chegaría é que temos un problema de que somos un país invadido polo lobo e polo xabaril, que son os que causan os grandes males que hoxe padecemos. Dígoo por facer unha pequena anécdota final.

Pero, en definitiva, trátase dunha moción que está non só sustentada por feitos xurídicos, como esa sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, senón tamén e sobre todo polo traballo, penso que heroico, en defensa do interese xeral dos profesionais da TVG.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Para informar o compañeiro Sr. Ben: Oleiros ante esa situación de acoso total, de ocultar a información de Oleiros en distintos medios de prensa, de radios, de televisións estatal e non estatal, galega, etcétera, non nos quedou máis remedio para informar, porque é unha obrigación dos alcaldes informar os seus cidadáns, e de buscar medios propios para informar, pero medios propios que utilizan os grupos da oposición, os grupos... Non, explícolle como, explícolle, mire vostede: Radio Oleiros, Radio Oleiros foi a primeira radio que se creou en Galicia nos concellos. É unha radio que leva informando moitísimos anos a pesar de que fora cerrada en dúas ocasións, e leva informando. E esa radio límitase a ler os periódicos pola mañá; os profesionais que temos a ver as noticias que dan os periódicos, e dan as noticias que dan, sexa do Partido Popular, sexa do Bloque, sexa do PSOE, sexa de quen sexa, e dan as noticias das que se informa ese día. Non hai outra... E logo hai música, logo hai música, música para amansar as feras. Hai moita música, e música moi boa, por certo.

Pero, por outro lado, as pantallas, como mandabamos notas á prensa: Mañá festival de... E non saía. Así como agora saen todos os festivais, non saían os nosos festivais nin as nosas actuacións. Temos un montón de... temos tres teatros, temos un montón de actividades con moitas sociedades, e non había forma de informar para que a xente puidera asistir. Entón, as pantallas, as pantallas límitanse a dicir mañá día de..., actividade de... Non hai outra cousa. Si, sí, escoiten, espere un momentíño. E de vez en cando tamén para denunciar as aberracións internacionais que se cometen con países no mundo. Pero iso non priva a ninguén. É dicir, iso é información pura e dura, pura e dura, e ligada á ideoloxía que mantén o alcalde de Oleiros no tema internacional. Pero o que é a noticia dos paneis, ben, agora todo o mundo me está copiando, todo deus está poñendo paneis. Por que será?, por que será? Todo deus está acudindo aos paneis. Déronse conta de que é un medio de información dos mellores que pode haber para os concellos.

E logo o tema de..., temos un periódico, que non teñen moitos municipios, aínda que agora algúns empezan a sacar panfletos parecidos a un periódico, para dar noticias, e nós temos un periódico aséptico onde o seu grupo e calquera grupo dos que están na Corporación pode falar nel, e ten un espazo que moitas veces o seu grupo ou o grupo socialista non utilizan e déixano en branco. Así que non me fale a min de información e de pluralidade.

Por tanto, está aí, eu pódolle demostrar que os voceiros que publicamos que moitas veces veñen en branco porque non queren usar o espazo, que manda truco! Que manda truco! E esta é a situación. Por tanto nós tivemos que recorrer a estes medios para poder informar, para poder informar con veracidade e informar os veciños para que poidan usar as instalacións, desfrutar dos festivais, etcétera, etcétera. Polo tanto, por certo, aproveito xa que a semana que vén hai a Feira de Alfaroleiros, visítana todos vostedes porque é unha feira marabillosa.

Sr. Ben Otero

Muy brevemente, yo solo quería decir, Sr. Lema, con todo el cariño, esto de la separación de poderes que hay mucha gente que no cree en ella, yo soy un firme defensor de la misma, y el Grupo Parlamentario Popular, grupo Parlamentario, poder legislativo, hace preguntas al Gobierno como cualquier otro grupo, no es otra cuestión, el sistema de separación de poderes simplemente ese matiz.

Yo respecto al señor, a don Bernardo, yo, toda su intervención viene a dejar caer que hay un millón de gallegos que somos un poco lelos y que nos dejamos, nos conectamos allí para que nos manipulen y, como somos tontitos, nos dejamos manipular y la vida es así. Ese es un poco el mantra de la izquierda, que tan poco ha entendido a Galicia y a los gallegos, así les va, de que la gente como no se entera de nada pues vota mal y vota al PP, y los que son listos les votan a ellos. Bueno, sigan usted es así, que es perfecto.

En todo caso, en respecto de los trabajadores, hay un grupo de trabajadores que se está manifestando los viernes, pero hay otro grupo mucho más numeroso que no se manifiesta. Entonces venimos a dejar caer que aquellos que no se manifiestan se dejan manipular, lo cual aún es peor, decir que hay un grupo de gente que se deja presionar y manipular y esos son también, es decir, que somos todos tontos menos los que piensan como algunos. Bueno esto es lo que hay, nosotros vamos a votar en contra y ya no voy a prolongar más el debate porque, bueno, teniendo en cuenta que...

Sr. Fernández Piñeiro

Pois non sei, fíxese vostede se entendo eu mal os galegos e as galegas que no meu Concello teño nove concelleiros e vostedes dous. Seguramente será porque entendo moi mal os galegos e galegas ou porque os veciños da miña vila non son galegos e galegas. E seguramente o feito de que a maioría dos galegos e galegas estean gobernados polo Partido Socialista e non polo Partido Popular nos concellos tamén debe de ser porque os galegos e as galegas non viven neses concellos que son a maioría de Galicia gobernados polo Partido Socialista. O que pasa é que vostede só colle a parte de Goberno que a vostede lle interesa, que é a da Xunta de Galicia.

Dicir, como ben dicía o voceiro da Marea, que a TVG ten moita audiencia non entra en contradición con isto que estamos a dicir. Que hai unha manipulación? Home, no 2018 os dous presentadores do Telexornal dimiten, no 2018 dimiten, denunciando manipulación informativa, o 15 de xuño de 2018. Non o dicimos nós.

Efectivamente, foron substituídos por outros que son uns estómagos un pouco máis agradecidos, porque esa é a condición humana, claro que si. Evidentemente que o digo: hai bos periodistas e malos periodistas, como hai bos políticos e malos políticos, señor Ben; e como hai bos arquitectos, malos arquitectos, avogados, médicos, albaneis, etcétera. Por tanto, iso é unha realidade. Podemos lembrar como aquel correo que se enviaba dende a Edición do Telexornal aos traballadores e que foi publicado nos medios, onde se daban claras instrucións para que o día que sae a sentenza da Gürtel non podía durar a noticia máis de 50 segundos, unha noticia na que, por certo, entrevistábanse 6 persoas representantes de formacións políticas para explicar un pouco a súa reacción ante aquela sentenza, dos cales, deses 6, 4 eran do Partido Popular restando importancia, outra de Ciudadanos e outra de Podemos. Ninguén tivo a ben entrevistar a ninguén do outro grupo parlamentario. Por certo, aquela sentenza que levou, que orixinou e rematou cunha moción de censura que botou o señor Rajoy do Goberno do Estado, unha sentenza que condenaba o Partido Popular por enriquecerse a través da corrupción, 50 segundos na TVG.

A calquera alcalde imputado de calquera outra organización dedícanlle nese noticiario minuto e medio por un tema administrativo. Iso é unha evidencia que vostede pretende negar. Ben, pois moi ben, aquí non nos vai convencer e créame que a moitos cidadáns tampouco. Que evidentemente iso pode influír ou non na decisión que tomen á hora de ir votar? Pois está claro, á vista dos resultados, que iso non é así, polo menos nas eleccións autonómicas; pero noutras moitas, señor Ben, pois que quere que lle diga?, ata o de agora, excepto as autonómicas, todas as demais en Galicia gañounas o meu grupo, si, as xerais, as europeas e as municipais, fomos a forza máis votada. Si, as xerais gañounas o Partido Socialista en Galicia, sacou máis votos que vostedes, por primeira vez, si o que pasa é que ten vostede que mirar ben os datos. Pero en todo caso, como todos sabemos que a xente vota de forma diferente, ese tipo de argumentos de vostedes non entenden a Galicia, só a entendemos nós, home, pois se fose así gobernarían vostedes a maioría dos concellos e non é así. E entre outros gobernarían tamén esta institución e tampouco é así, e xa van por dúas lexislaturas; polo tanto, que quere que lle diga? Sexamos un pouco máis serios coa achega de argumentos e non sempre poñendo sobre a mesa que os únicos que entenden a Galicia son vostedes porque son os máis votados no Parlamento cando non o son noutros moitos sitios.

Nada máis, moitas grazas.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños).

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: ningún/ha deputado/a

O Pleno, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Marea Atlántica en defensa da CRTVG

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xuño confirmouse a condena á Corporación Radio e Televisión de Galicia (CRTVG) por vulnerar a liberdade de expresión dun traballador. Esta condena xa é definitiva dado que ningunha das partes involucradas no caso presentaron recurso algún á mesma, polo que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia declarou firme a sentenza que considera que a sanción que impulsou a corporación contra o traballador Carlos Jiménez en novembro de 2018 tivo un fin “atentatorio” do dereito fundamental á liberdade de expresión. Esta sentenza é a primeira sentenza en firme contra a CRTVG por vulnerar a liberdade de expresión relacionada directamente coas protestas dos traballadores e traballadoras, o que supón un grave fito no negro historial da radio televisión pública galega.

Os problemas da CRTVG veñen, por desgraza, de longo. Este venres 29 de xullo do 2022 cumpríranse xa 219 venres en negro, máis de catro anos defendendo semana a semana o dereito a unha información pública digna e denunciando o incumprimento por parte da Dirección Xeral da CRTVG da Lei 9/2011, coñecida como Lei de Medios. Estas protestas, con notable apoio social, deron e dan unha maior visibilidade ás denuncias recorrentes e prolongadas no tempo de maltrato e manipulación da información. Como din as representantes de Defende a galega, a CRTVG ten que cumprir a misión para a que foi creada e garantir o dereito dos galegos e galegas a ter unha televisión e unha radio que serva aos intereses da cidadanía galega e non aos intereses políticos e particulares da Xunta de Galicia.

A Plataforma Defende a Galega presentou tamén vai un ano, o 10 de xullo de 2021, unha denuncia ante a Valedora do Pobo polo incumprimento da Lei de Medios. Na denuncia da plataforma sinalase a incongruencia e total incumprimento dos obxectivos xerais da lei, que debería comezar a facer dos medios públicos galegos, “un instrumento eficaz de vertebración da identidade de Galicia como pobo e da difusión e normalización da súa principal manifestación, que é a lingua” baseada nos “valores de pluralismo, veracidade e accesibilidade co fin de contribuír á formación dunha opinión pública informada” como así se recolle na súa exposición de motivos. Esta denuncia ante a valedora do pobo anota innumerables incumprimentos do articulado da Lei de Medios, e pon de manifesto unha situación insostible nos medios públicos galegos que parecerían querer utilizarse co único fin de dar cobertura á propaganda partidista, agochar as críticas á Xunta de Galicia e como consecuencia deixar esmorecer unha radio e televisión públicas de calidade, pese ao enorme potencial que ten a CRTVG como organismo, en boa medida polo seu profesional e comprometido cadro de persoal.

Non se entende, precisamente por todo este panorama, a recente renovación de dous dos membros do Consello de Administración da CRTVG, aprobada estas semanas cun pacto entre PP e PSOE, e moi criticada polo Comité Intercentros da CRTVG. O Comité Intercentros e outras entidades sinalan que se perde así unha oportunidade única para facer cumprir ao completo coa Lei de Medios 9/2011 e coas reclamacións mencionadas, permitindo, cun inexplicable pacto, lexitimar e reforzar unha CRTVG que non serve aos intereses da cidadanía galega.

Por todo isto, polo historial de maltrato e desleixo dos medios públicos galegos e pola recente sentenza en firme que demostra a censura interna contra aqueles traballadores que tratan de sinalar o preocupante rumbo da CRTVG, entendemos dende o Grupo Provincial Marea Atlántica que urxe denunciar esta situación e tomar medidas que muden o rumbo da nosa radio e televisión pública galega.

Polo anteriormente exposto, o pleno da Deputación Provincial da Coruña, adopta os seguintes acordos:

1. Expresar o apoio da Deputación da Coruña ás reclamacións das traballadoras e traballadores da CRTVG na súa defensa da liberdade de expresión e do fin do control e manipulación nos medios públicos.
2. Manifestar a solidariedade da A Deputación da Coruña coas mobilizacións da Plataforma “Defende a Galega” que leva 219 convocatorias semanais dos “Venres Negros” denunciando o incumprimento da Lei de Medios e o desmantelamento da radio e da televisión públicas.
3. Instar á Xunta de Galicia a recoñecer e reparar os danos causados ao xornalista Carlos Jiménez polo inxustificable e probado proceder contra a súa liberdade de expresión durante estes anos
4. Dar traslado deste acordo á Xunta de Galicia, ao Parlamento de Galicia, á CRTVG e á Plataforma Defende a Galega."

Sr. Presidente

Seguente moción, dos grupos provinciais do PSdG-PSOE e BNG, para manifestar o noso rexeitamento á recentemente aprobada Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

Perdón, moción do Grupo Provincial Popular sobre a modernización ferroviaria e dotación de trens Avril.

3.Moción do Grupo Provincial Popular sobre a modernización ferroviaria e dotación de trens Avril

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación xeográfica periférica de Galicia fai que resulte determinante dispoñer de infraestruturas de comunicación modernas e axeitadas para favorecer a vertebración do territorio e asegurar a viabilidade e competitividade das empresas e dos sectores produtivos. Cumprir con estes obxectivos pasa necesariamente por contar cuns servizos ferroviarios de calidade.

Por iso, é imprescindible que, sen desatender os servizos ferroviarios convencionais, fundamentais para garantir a mobilidade dos cidadáns e para revitalizar o interior de

Galicia, o Goberno de España aposte pola alta velocidade ferroviaria e traballe para aproveitar ao máximo as súas potencialidades en beneficio da cidadanía e do territorio.

A chegada do AVE á cidade de Ourense a finais do pasado ano, tras máis de dúas décadas de obras e un longo camiño de reivindicacións políticas e sociais, foi, sen dúbida, un fito histórico que abriu un importante abano de posibilidades no ámbito económico, turístico ou social.

Pero para que esas posibilidades potenciais se convertan en realidade en todo o territorio é preciso que se cumpra unha serie de condicións que desafortunadamente non se están a cumprir.

Entre elas, dotar a Galicia dos trens Avril de ancho variable, para que poidan circular polas novas vías de alta velocidade e polas vías convencionais do eixo atlántico e, deste xeito, acadar que a alta velocidade ferroviaria chegue a Santiago, A Coruña, Pontevedra ou Vigo, cumprindo así os tempos de viaxe comprometidos polo Goberno de España.

Este tipo de trens, segundo o compromiso asumido no seu día polo Goberno central, tiñan que estar funcionando xa na nosa Comunidade este verán, completando o camiño do AVE a Galicia. Pero, segundo vén de recoñecer o Ministerio de Transportes, non só non estarán operativos este verán, co conseguinte prexuízo que iso supón, máxime tendo en conta que o turismo está en temporada alta e en pleno Xacobeo extraordinario, senón que, o que é aínda peor, non se sabe cando o estarán.

Para o Partido Popular, ademais de que os trens Avril entren en funcionamento de xeito inmediato, é unha prioridade mellorar as infraestruturas e dispoñer dunha planificación completa de obras para a modernización das liñas ferroviarias que permitan conectar coa alta velocidade tamén a Lugo e Ferrol. Non podemos aceptar que estas dúas cidades queden á marxe da renovación ferroviaria de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

1. Demandar ao Goberno de España a dotación inmediata dos trens Avril de rodadura desprazadable que permita a chegada da alta velocidade ás cidades de Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo.
2. Demandar ao Goberno de España a presentación e execución dunha planificación concreta e completa para a modernización das infraestruturas ferroviarias para que Ferrol e Lugo se conecten tamén á Alta Velocidade.

Sr. Ben Otero

Gracias de nuevo. Antes de empezar con la moción, el 28 de abril del año 2019, el Partido Socialista gana las elecciones en Galicia después de muchos años sin ganarlas, generales, y en la repetición electoral de diciembre el Partido Popular gana las elecciones en Galicia. Quiero decir, simplemente con un pequeño matiz, porque es la realidad.

Bueno, el tema este del tren, yo voy a proceder a leer la moción tal cual está expuesta. Yo creo que es clara, es una petición que es justa y razonable y creo que todos la apoyaremos.

A situación xeográfica periférica de Galicia fai que resulte determinante dispoñer de infraestruturas de comunicación modernas e axeitadas para favorecer a vertebración do territorio e asegurar a viabilidade e competitividade das empresas dos sectores produtivos. Cumprir con estes obxectivos pasa necesariamente por contar cuns servizos ferroviarios de calidade, máis aínda co desgraciado incidente da derruba do viaduto de Pedrafita, que nos incrementa a nosa incomunicación máis.

Por iso é imprescindible que, sen desatender os servizos ferroviarios convencionais, fundamentalmente para garantir a mobilidade dos cidadáns e para revitalizar o interior de Galicia, o Goberno de España aposte pola alta velocidade ferroviaria e traballe para aproveitar ao máximo as súas potencialidades en beneficio da cidadanía e do territorio.

A chegada do AVE á cidade de Ourense a finais do ano pasado, tras máis de dúas décadas de obras e un longo camiño de reivindicacións políticas e sociais, foi sen dúbida un fito histórico que abriu un importante abano de posibilidades no ámbito económico, turístico ou social. Pero, para que esas posibilidades potenciais se convertan en realidade en todo o territorio, é preciso que se cumpran unha serie de condicións que desafortunadamente non se están a cumprir, entre elas, dotar a Galicia dos trens Avril de ancho variable para que poidan circular polas novas vías de alta velocidade e polas vías convencionais do eixo atlántico e deste xeito acadar que a alta velocidade ferroviaria chegue a Santiago, á Coruña, a Pontevedra ou Vigo, cumprindo así os tempos de viaxe comprometidos polo Goberno de España.

Este tipo de tren, segundo o compromiso asumido no seu día polo Goberno central, tiña que estar funcionando xa na nosa comunidade este verán, completando o camiño do AVE a Galicia; pero, segundo vén de recoñecer o Ministerio de Transportes, non só non estará operativo este verán, co conseguinte prexuízo que iso supón, máxime tendo en conta que o turismo está en temporada alta en pleno Xacobeo extraordinario, senón que o que aínda é peor non se sabe ou non hai unha data de entrega dos mesmos.

Para o Partido Popular, ademais de que os trens Avril entren en funcionamento de xeito inmediato, é unha prioridade mellorar as infraestruturas e dispoñer dunha planificación completa de obras para a modernización das liñas ferroviarias que permitan conectar coa alta velocidade tamén a Lugo e Ferrol. Non podemos aceptar que estas dúas cidades queden á marxe da renovación ferroviaria en Galicia, e os acordos que sometemos ou traemos a aprobación son os seguintes:

O punto primeiro: Demandar ao Goberno de España a dotación inmediata dos trens Avril de rodadura desprazable que permita a chegada da alta velocidade ás cidades de Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo.

E o segundo: Demandar ao Goberno de España a presentación e execución dunha planificación concreta e completa para a modernización das infraestruturas

ferroviarias para que Ferrol e Lugo se conecten tamén á alta velocidade.

Grazas.

Sr. Lema Suárez

Nós adiantamos que imos apoiar a moción do Partido Popular. Comentar só tres cousas. Unha delas, comentario ao fío da defensa que fai o compañeiro Evaristo Ben da súa moción: non foi un desgraciado incidente que colapsaran as pontes que conectan a A-6 coa península, foi unha obra mal executada, por certo unha obra executada no seu día por Fomento de Construcciones y Contratas, empresa propiedade das irmás Koplowitz. Creo que é importante que estas cousas se digan porque parece que se ocultan, que é difícil nos medios de comunicación ás veces saber quen é responsable das cousas. Un par de apuntes máis.

Unha, que nas recentes medidas anunciadas polo Goberno para paliar a crise económica, os efectos do encarecemento do combustible, estivo esa tan soada da gratuidade para os trens de proximidade. Nós aplaudimos esa medida e ao mesmo tempo lamentamos que en Galicia non hai un só quilómetro de tren de proximidade, nin un só quilómetro. Entón, eu creo que lexitimamente podemos sentirnos a verdade agraviados por esta carencia no noso país. Xa trouxemos aquí algunha moción falando deste tema relacionado coa conexión entre A Coruña e Ferrol, pero podemos repetilo unha vez máis: en Galicia non imos tirar ningún proveito desta medida porque non temos nin un quilómetro sequer de tren de proximidade.

Por último, tamén un comentario: está anunciando o Goberno portugués que a súa prioridade para a liña de alta velocidade é a conexión A Coruña-Lisboa, ben, Lisboa-A Coruña nos seus propios termos, non tanto Lisboa-Madrid. Hai toda unha lección aí, penso, de facer política a través das infraestruturas, e toda unha lección de cal é en realidade a relación que máis lle interesa a Portugal e tamén aos galegos. Non escoitamos aínda ningunha declaración do presidente da Xunta aplaudindo, ou reforzando ou complementando esta declaración do presidente do Goberno portugués, que penso que, desde logo, ten unha importancia que a ninguén se lle escapa e que creo que ademais aquí en Galicia non está atopando o eco que merecera.

Nada máis e repetimos que imos apoiar esta moción. Grazas.

Sra. Muíño Filgueira

Nós tamén anunciamos o noso favorable, resulta incuestionable a importancia das infraestruturas ferroviarias, tanto para a conexión con destinos da península, como tamén para favorecer o desprazamento interior de viaxeiros.

Evidentemente, o atraso na chegada das infraestruturas dos trens Avril que, efectivamente, se adaptan aos diferentes anchos de vía, que van supoñer unha redución importante nos tempos de desprazamento, é unha cuestión de interese. Do mesmo xeito que tamén, como xa comentaba o compañeiro Alberto Lema, tamén o sería que eses bonos, esa gratuidade, se puideran adaptar á realidade galega para

que as liñas operadas polos trens Avant se puideran beneficiar desas bonificacións, dado que non temos traxectos cualificados como proximidade pero si como de media distancia.

E, evidentemente e de xeito indubidable, non imos cuestionar senón a insistir na necesidade e na urxencia no investimento nos tramos ferroviarios que poidan traducirse nos desprazamentos eficientes para viaxeiros nas liñas Ferrol-A Coruña e, por suposto, dende Lugo.

Daquela, nada máis que dicir así brevemente.

(Sale do salón a Sra. Lamas Villar).

Sr. Fernández Piñeiro

Nós tamén imos apoiar esta moción. Compartimos a necesidade de que eses trens cheguen canto antes, pero si hai que facer algunha aclaración, é dicir, que eses trens están comprados, que non chegan antes tal como explicou xa Renfe porque hai un problema de subministración. Hoxe mesmo, non sei se o viron vostedes, sae na prensa unha nova en *La Voz de Galicia*: Renfe reclama 116 millóns a Talgo polo retraso dos trens Avril. “Renfe ha reclamado a la constructora Talgo una indemnización de 116 millones de euros por el retraso en la entrega de los trenes de muy alta velocidad conocidos como Avril. La constructora Talgo achacó el retraso a las caídas de producción y a las interferencias en la cadena de suministros debido a las restricciones por la crisis sanitaria del covid, así como a otros eventos geopolíticos como la guerra de Ucrania”. É dicir, esta situación, e aquí a maioría dos que estamos somos alcaldes ou vimos do mundo municipal, estamos a sufrila todas as administracións, tanto na entrega de materiais como en distintas obras. A propia Xunta de Galicia na súa páxina web reconece, e isto está sacado directamente da súa páxina: “La crisis generalizada en el abastecimiento de materiales provocará una demora en la obra de la Ciudad de la Justicia de Vigo”. “O centro de discapacitados de Ourense paralizado dende agosto de 2021”. O Hospital Montecelo, un atraso pola falta de formigón; a estación intermodal de Pontevedra, o centro de saúde de Lalín, a humanización de Sanxenxo e Marín tamén paralizadas no seu momento por falta de subministracións. Polo tanto, é unha situación dende logo que é allea neste caso ao Goberno do Estado e que é un problema de subministracións dunha empresa que ten contratados uns trens, como digo, que é importante e queda claro que están comprados, e que se está a atrasar, por iso compartimos nese aspecto a moción en canto a que se dote deses trens no menor tempo posible, tendo en conta que somos todos e todas coñecedores e conscientes da capacidade que ten o Goberno do Estado para facelo, non poderá ir o presidente e os ministros a montar esas locomotoras nin eses trens nin traelos para aquí. Polo tanto terán que exixir que veñan no menor tempo posible, como digo, que outras administracións están a ter tamén problemas similares ao respecto.

Sobre o punto dous da moción, demandarlle ao Goberno de España a presentación e execución dunha planificación concreta e completa para a

modernización de estruturas ferroviarias Ferrol, Lugo, etcétera, parécenos ben, benvido o Partido Popular a esa petición, que parece que só a fai cando en Madrid non goberna o Partido Popular e, cando goberna o Partido Popular, esquecémonos desa liña ferroviaria que algúns demandamos independentemente de quen estea á fronte do Goberno do Estado.

Polo tanto, tamén compartimos esta demanda, compartímola agora que está gobernando o Partido Socialista, compartiámola tamén cando gobernaba o Partido Popular e, se algún día goberna outra formación política e esa problemática non está solucionada, pois seguiremos a compartila. Polo tanto, dende ese punto de vista, reitero o noso voto favorable a esta moción.

Sr. Ben Otero

Muy brevemente. Yo espero que todos hagamos frente común de este asunto y que entre todos consigamos que, más pronto que tarde, estén los trenes Avril circulando por Galicia, lo cual será bueno para todos en conjunto.

Respecto a lo que comentaban el Sr. Lema y la Sra. María Muíño, yo creo que muy acertadamente, el otro día en Santiago debatimos esta moción y el BNG nos hizo una enmienda en la línea de lo aprobado en el Parlamento de Galicia, es decir, en Galicia al no tener red de Cercanías quedamos fuera de las bonificaciones anunciadas por el Gobierno en España. Lo lógico, lo suyo sería que el tramo del Eje Atlántico y la conexión con Ourense sean tratadas en Galicia como una red de cercanías que realmente están cumpliendo esa función en el interior del territorio. Y yo creo que ahí desde el Parlamento entre el BNG y el PP ha habido acuerdo, no sé el PSOE lo que ha votado en este tema, y creo que deberíamos luchar todos en este sentido para que no quedáramos excluidos en una iniciativa que es positiva, que es la bonificación de la red de cercanías.

Agradeceros a todos el voto favorable y, como yo no voy a intervenir más, os quiero desear a todos un feliz verano, así como a todo el personal de la institución. Gracias.

VOTACIÓN

Votan a favor: 29 deputados/as (13 do PP, 10 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: ningún/ha deputado/a

Abstéñense: 1 deputada (PSOE- en virtude do art. 74.1 do Regulamento Orgánico).

O Pleno, aproba a seguinte moción:

"Moción do Grupo Provincial Popular sobre a modernización ferroviaria e dotación de trens Avril

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación xeográfica periférica de Galicia fai que resulte determinante dispoñer de

infraestruturas de comunicación modernas e axeitadas para favorecer a vertebración do territorio e asegurar a viabilidade e competitividade das empresas e dos sectores produtivos. Cumprir con estes obxectivos pasa necesariamente por contar cuns servizos ferroviarios de calidade.

Por iso, é imprescindible que, sen desatender os servizos ferroviarios convencionais, fundamentais para garantir a mobilidade dos cidadáns e para revitalizar o interior de Galicia, o Goberno de España aposte pola alta velocidade ferroviaria e traballe para aproveitar ao máximo as súas potencialidades en beneficio da cidadanía e do territorio.

A chegada do AVE á cidade de Ourense a finais do pasado ano, tras máis de dúas décadas de obras e un longo camiño de reivindicacións políticas e sociais, foi, sen dúbida, un fito histórico que abriu un importante abano de posibilidades no ámbito económico, turístico ou social.

Pero para que esas posibilidades potenciais se convertan en realidade en todo o territorio é preciso que se cumpra unha serie de condicións que desafortunadamente non se están a cumprir.

Entre elas, dotar a Galicia dos trens Avril de ancho variable, para que poidan circular polas novas vías de alta velocidade e polas vías convencionais do eixo atlántico e, deste xeito, acadar que a alta velocidade ferroviaria chegue a Santiago, A Coruña, Pontevedra ou Vigo, cumprindo así os tempos de viaxe comprometidos polo Goberno de España.

Este tipo de trens, segundo o compromiso asumido no seu día polo Goberno central, tiñan que estar funcionando xa na nosa Comunidade este verán, completando o camiño do AVE a Galicia. Pero, segundo vén de recoñecer o Ministerio de Transportes, non só non estarán operativos este verán, co conseguinte prexuízo que iso supón, máxime tendo en conta que o turismo está en temporada alta e en pleno Xacobeo extraordinario, senón que, o que é aínda peor, non se sabe cando o estarán.

Para o Partido Popular, ademais de que os trens Avril entren en funcionamento de xeito inmediato, é unha prioridade mellorar as infraestruturas e dispoñer dunha planificación completa de obras para a modernización das liñas ferroviarias que permitan conectar coa alta velocidade tamén a Lugo e Ferrol. Non podemos aceptar que estas dúas cidades queden á marxe da renovación ferroviaria de Galicia.

Por todo o anteriormente exposto, o Grupo Municipal do Partido Popular propón neste pleno que se adopte o seguinte acordo:

1. Demandar ao Goberno de España a dotación inmediata dos trens Avril de rodadura desprazadable que permita a chegada da alta velocidade ás cidades de Santiago, A Coruña, Pontevedra e Vigo.
2. Demandar ao Goberno de España a presentación e execución dunha planificación concreta e completa para a modernización das infraestruturas ferroviarias para que Ferrol e Lugo se conecten tamén á Alta Velocidade."

Sr. Presidente

Seguinte moción, presentada polo Grupo Socialista e BNG, para manifestar o noso rexeitamento á recentemente aprobada Lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga.

4.Moción dos Grupos provinciais do PsdeG-PSOE e BNG para manifestar o noso rechazo á recién aprobada Lei de mellora da xestión do Ciclo Integral da Auga

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de novembro de 2013 os daquela conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron un "Protocolo de colaboración e desenvolvemento do Pacto Local para a xestión do ciclo urbano da auga", no que se desenvolvían as medidas, a organización e o seguimento acordado entre as partes para a correcta xestión do ciclo da auga; sendo en data 13 de febreiro de 2014 cando se constitúe a comisión técnica para o seu desenvolvemento.

No ano 2019, a conselleira de Infraestruturas e Territorio, Ethel Vázquez, presentou un informe sobre a "Problemática e situación da prestación dos servizos de saneamento en Galicia" no que a consellería cargaba sobre os concellos todas as culpas das deficiencias nas infraestruturas precisas para desenvolver unha xestión eficiente do ciclo da auga e propoñía unha "Sogama da auga", sen consenso co resto das administracións públicas, e coa intención de crear novos entes supramunicipais. Este anuncio foi rexeitado con contundencia por parte da maioría dos concellos, levando á conselleira a retirar tanto a denominación como o contido.

O 22 de xullo de 2021 no Consello da Xunta adoptouse o acordo polo que se autorizaba o inicio da tramitación do anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga que, segundo anunciou o daquela presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, sería "un marco normativo que permitirá regular o apoio aos concellos nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración de augas", cuestión que só quedou nesas declaracións, posto que na posterior tramitación do anteproxecto, as alegacións presentadas por varios concellos, polas deputacións e pola propia Fegamp, nas que se reclamaba que se tratara a auga como un dereito humano (tal como a define a ONU dende 2010), como un ben escaso que hai que protexer, lealdade institucional, interese básico, financiamento e transparencia na xestión, foron rexeitadas pola Xunta de Galicia, tratando de impoñer un modelo no que o goberno galego pon as condicións e aos concellos só lles queda adherirse e pagar ou quedar fóra e asumir toda a xestión do ciclo da auga no seu territorio. É dicir, un modelo sen diálogo nin consenso coas administracións implicadas. Unha limitación e recorte da autonomía local, entendida nos termos da Carta Europea de Autonomía Local como o dereito e a capacidade das Entidades locais para ordenar e xestionar unha parte dos asuntos públicos baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.

Así, o pasado 28 de xuño aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei de Mellora da

Xestión do Ciclo Integral da Auga, unha lei que, a pesar de que establece na súa exposición de motivos que a auga é un ben esencial para a cidadanía e para a actividade económica, un ben patrimonial que hai que protexer, defender e tratar como tal (sen que en ningún momento se estableza que é un dereito humano), parte dun entendemento discutible da Directiva Marco da Auga, pois o contido da lei non responde a estas afirmacións e no lugar de entender o ciclo integral da auga como un servizo de interese xeral que compete a todas as administracións, é dicir, entender o ciclo da auga coma un "Proxecto de País" elaborado cun acordo de país, a Xunta de Galicia presenta unha Lei coa peculiaridade de que serán os concellos os que deleguen, se lles interesa, a xestión na entidade Augas de Galicia para que actúe como entidade prestadora dos servizos de abastecemento, depuración e/ou saneamento, mentres que a capacidade sancionadora segue a estar radicada na entidade Augas de Galicia. Así, os concellos de menos de vinte mil habitantes que se adhiran "voluntariamente" terán que achegar dous terzos do custe da totalidade do custe das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do ciclo da auga, é dicir, as infraestruturas para almacenar, potabilizar, distribuir e depurar, segundo se recolle literalmente no artigo 26 da dita Lei:

"Artigo 26. Investimentos sobre as infraestruturas que forman parte da actuación de Augas de Galicia como entidade prestadora de servizos:

1. No caso das infraestruturas de titularidade das entidades locais, cando no informe previo referido no artigo 24 se conclúa a necesidade de realizar investimentos nas infraestruturas existentes que permitan unha prestación adecuada dos servizos vinculados máis aló dos correspondentes ao mantemento e á conservación delas, Augas de Galicia formulará unha proposta de convenio de colaboración coas administracións públicas solicitantes da asunción, fundamentada en criterios económicos e técnicos, na que se establecerán as condicións para a súa instrumentación e o seu financiamento. Naqueles casos nos cales Augas de Galicia aínda non estivese a actuar como entidade prestadora de servizos, o asinamento destes convenios terá carácter previo ou simultáneo ao referido no artigo 21.

2. Para a determinación da participación no financiamento dos investimentos nas infraestruturas existentes previstas na primeira alínea, en cada caso terase en conta as disponibilidades orzamentarias de Augas de Galicia, dos concellos e das deputacións provinciais correspondentes e, en xeral, de calquera outra administración ou entidade integrante do sector público que poida achegar financiamento.

Con carácter xeral, no caso dos concellos de menos de vinte mil habitantes, agás que concorran causas debidamente xustificadas, as entidades competentes participarán no financiamento destas actuacións do seguinte xeito:

Un terzo do custo das actuacións de dotación ou mellora das infraestruturas previstas será financiado pola Administración hidráulica de Galicia.

Un terzo do custo das actuacións de dotación ou mellora das infraestruturas previstas será financiado polos concellos titulares das infraestruturas.

O terzo restante será financiado polos propios concellos, pola deputación provincial correspondente, por outra administración ou entidade integrante do sector público ou mediante calquera outra fonte de financiamento.

3. En todo caso, será imprescindible que a administración titular da infraestrutura acredite a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, así como a obtención das servidumes e das ocupacións temporais que sexan pertinentes, e acorde a súa efectiva posta á disposición de Augas de Galicia.

De ser necesario acudir ao procedemento expropiatorio para a obtención dos terreos, a administración local poderá solicitar a colaboración técnica de Augas de Galicia.

4. Os investimentos sobre as infraestruturas de titularidade de Augas de Galicia serán asumidos por esta, sen prexuízo dos acordos de colaboración e financiamento que poidan subscribirse con outras administracións.

5. Tras rematarse a execución dos investimentos acordados, a xestión das novas infraestruturas incorporarase ao ámbito da actuación de Augas de Galicia como entidade prestadora de servizos.

Si estes investimentos supoñeren unha modificación das condicións de xestión e de prestación dos servizos vinculados, procederase conforme o disposto nesta lei para as modificacións das condicións da asunción da xestión das infraestruturas e a prestación de servizos por parte da entidade pública prestadora".

É un exemplo de libro de lexislar de forma coercitiva, é dicir, influíndo directamente na forma en que cada concello debe prestar os servizos públicos da súa competencia. Auténticas axudas selectivas a un ou outro concello por razóns meramente administrativas (se delegan ou non en Augas de Galicia), o que supón unha discriminación previa dos concellos que están excluídos e, polo tanto, da súa cidadanía.

A falla de consenso na aprobación desta Lei é unha mostra máis de que o goberno galego no canto de colaborar cos concellos para dar cumprimento a unha necesidade básica da cidadanía, obriga aos concellos a afrontar unha serie de investimentos que en moitos casos non poden asumir, obviando que o 93% dos concellos galegos teñen menos de 20.000 habitantes, é dicir: "A Xunta invita e os concellos pagan!"

Do mesmo xeito, aínda que a conselleira afirma unha e outra vez que esta Lei non crea novas cargas para as persoas beneficiarias dos servizos, a realidade é que se crean tres novas taxas e que na propia Memoria Económica presentada pola administración autonómica contemplan subidas de case 50 millóns de euros dende o primeiro ano de entrada en funcionamento.

"Artigo 30. Canon de xestión das depuradoras

1. Mediante esta lei establécese a regulación do canon de xestión das depuradoras como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de taxa.

Artigo 48. Canon de xestión das redes de colectores

1. Mediante esta lei establécese a regulación do canon de xestión das redes de colectores como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de taxa.

Artigo 71. Normas xerais

1. Mediante esta lei establécese a regulación do canon de xestión dos

abastecementos como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de taxa".

Xa que logo, temos unha conselleira responsable con competencias en Augas de Galicia, que xestiona os recursos que son de todos e todas as galegas e presenta a dita lei coma se fose un favor ás entidades locais, manifestando como cuestión fundamental a voluntariedade ou non dos concellos, sen plantexarse que cando falamos de auga falamos de vida e dun dereito da cidadanía; o goberno autonómico non pode facer deixación dos temas máis importantes para a vida das persoas e para o funcionamento dos sectores produtivos, cando a propia conselleira fala de que dende a constitución da entidade Augas de Galicia se investiron 1100 millóns de euros en infraestruturas relacionadas co ciclo integral da auga na nosa comunidade, sen revelar que o financiamento desas infraestruturas veu fundamentalmente de fondos europeos, fondos aos que a maioría dos concellos galegos non poden optar individualmente (reiteramos, o 93% dos concellos galegos teñen menos de 20000 habitantes), e sen que eses investimentos responderan a un Plan Estratéxico que contemplase as infraestruturas, os territorios, as contías, o financiamento nin as datas de execución, respondendo só ao criterio da propia consellería, cercenando a autonomía local.

Polo exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE propñen a adopción dos seguintes acordos:

1. Manifestar a súa rotunda oposición e rexeitamento ao contido da Lei Galega do Ciclo da Auga que foi aprobada de maneira unilateral polo Partido Popular en detrimento dos intereses das entidades locais.
2. Instar á Xunta de Galicia para que elabore neste exercicio 2022 e estando en tramitación o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, un plan estratéxico consensuado coa Fegamp no que se contemplen as infraestruturas, o territorio, as contías, o financiamento e as datas de execución.
3. Que se arbitren as fórmulas precisas para que a Xunta de Galicia, de acordo co Plan Estratéxico indicado no punto anterior, opte aos Fondos Next Generation-EU habilitados para o tipo de infraestruturas recollidas no ámbito desta lei.

Sr. Fernández Piñeiro

Por todos e todas é coñecida a situación que se viviría, á que chegaríamos, de acabar aplicando esta nova Lei da xestión do ciclo integral da auga. Unha lei que en principio non nace do consenso, senón da imposición neste caso da Consellería da Xunta de Galicia, unha lei que non respecta ou que non atende ao mínimo respecto institucional, posto que fai, como é habitual xa por parte da Xunta de Galicia, un reparto das cargas económicas derivadas desta con outras administracións sen telas consultado, decide que un terzo as asumiría a Consellería, outro terzo os concellos e outro terzo os concellos e as deputacións; polo tanto, dous terzos dos custos derivados dela, neste caso en infraestructura, serían sumidos polas administracións locais.

Unha lei que ademais non deixa de ser unha discriminación mafiosa, xa que

só os concellos adheridos poderían recibir subvencións de Augas de Galicia, mentres aqueles que voluntariamente, porque iso si que o di moi ben poden adherirse ou non, voluntariamente, a pesar de que seguirían recadando o canon da auga, non terían acceso a esas achegas. Unha lei que, ademais é importante, recibiu alegacións da Federación Galega de Municipios e Provincias porque suporía un incremento dun 30% do canon de abastecemento, nun momento no que ademais é curioso que o Partido Popular solicite a rebaixa de impostos, pois sería importante que se aplicase o conto neste caso, iso de “consejos vendo que para mí no tengo”, cando non depende deles, neste caso co Goberno do Estado, solicitamos rebaixas de impostos pero cando estamos, neste caso, á fronte do Goberno da Xunta de Galicia, aplicámonos como xa vimos na crise financeira cando se aprobou ese canon de Sogama ou se implantou o canon hidráulico polo consumo de auga, dúas cuestións que tamén eran en plena crise e que non tivo ningún tipo de reparo en aprobar naquel momento a Xunta de Galicia.

Polo tanto, nós somos conscientes da situación que se deriva como representantes municipais desta nova lei, que é totalmente inxusta, como digo, que ademais carga nos concellos única e exclusivamente practicamente a responsabilidade dese tipo de infraestruturas. É importante lembrar, porque se fala dos investimentos que fai a Xunta de Galicia en saneamento e abastecemento, pero nunca se lembra que son fondos europeos, que non son fondos propios. Iso por non falar do sistema de reparto deses fondos e como se deciden e se priorizan unhas obras fronte a outras, e xa sabemos todos e todas aí cal é a pata na que se apoia o Partido Popular, desgraciadamente non é un criterio obxectivo e equitativo na repartición dos fondos públicos, neste caso á hora de priorizar as obras hidráulicas, asepsia neste caso de abastecementos, EDAR, plantas potabilizadoras, saneamentos de auga, etcétera. E polo tanto todos somos conscientes desa situación e de que esta lei viría aínda a empeorar aínda máis esa situación, porque non se concreta como se faría o reparto deses fondos e que tipo de investimentos se ían realizar, e con que criterio se ían repartir eses investimentos. Podemos falar de que hai un incontable número de concellos que teñen feitas solicitudes ao ente Augas de Galicia para actuacións destas características que non recibiron fondos nos últimos anos, como pode ser no concello de Oroso, para ampliación e mellora da súa depuradora; o concello de Ames para ampliación e mellora da depuradora de Sisal en Bertamiráns; o saneamento e abastecemento en Tapia Piñeiro en Ames, Troitesende na Baña, dotación de abastecemento en Bergondo, a segunda fase da EDAR da Barcala en Negreira, etcétera. Son moitas as actuacións que por parte dos concellos se demandaron sen que foran priorizadas.

E é importante tamén ter en conta e lembrar os fondos que a Deputación da Coruña, a través do Plan único transfere aos concellos, e dalgúns convenios asinados, transfere aos concellos para sufragar actuacións relacionadas co saneamento e abastecemento de auga, que en total suman só os anos 2017, 2018, 2019 e 2020, máis de 37 millóns de euros, en obras de abastecemento de auga, rede de sumidoiros e tratamento de residuos líquidos. Habería que sumar a isto os anos 2016, 2021 e 2022, que tamén os concellos a través dese Plan único temos aprobadas actuacións nesa liña. Polo tanto, podo augurar que estaríamos en torno aos 40 e pico millóns de euros que esta Deputación vén achegando dende o ano 2016 aos concellos para poder asumir os custos derivados da mellora e da ampliación desas dotacións.

Polo tanto, esta moción que hoxe traemos aquí e que representa en gran medida o sentir maioritario do municipalismo en Galicia, incluído o de moitos alcaldes do Partido Popular, que coa boca pequena e en privado recoñecen o inxusto desta lei, pois contempla a adopción dos seguintes acordos aos que vou dar lectura a continuación:

Número un: Manifestar a súa rotunda oposición e rexeitamento ao contido da Lei galega do ciclo da auga, que foi aprobada de maneira unilateral polo Partido Popular en detrimento dos intereses das entidades locais.

Punto dous, instar a Xunta de Galicia para que elabore neste exercicio 2022, estando en tramitación o Plan estratéxico de Galicia 2022-2030, un plan estratéxico consensuado coa Fegamp no que se contemplen as infraestruturas, o territorio, as contías, o financiamento e as datas de execución.

Punto tres: Que se arbitren as fórmulas precisas para que a Xunta de Galicia, de acordo co plan estratéxico indicado no punto anterior, opte aos fondos Next Generation EU habilitados para o tipo de infraestrutura recollidas no ámbito desta lei.

É verdade que neste punto 2 e punto 3 estamos a facer o mesmo que facía o Partido Popular na moción anterior, que é exixir neste caso un plan estratéxico ao Goberno do Estado en materia ferroviaria para os investimentos necesarios de cara á súa modernización, e nós facémolo neste caso exixindo tamén á Xunta de Galicia naqueles investimentos que teñen que ver coa rede do ciclo da auga. Polo tanto, esperemos que o criterio do Partido Popular non mude en escasos 5 minutos e teñan a ben tamén apoiar estes dous puntos.

Nada máis e moitas grazas.

(Entra no salón a Sra. Lamas Villar).

Sra. Muíño Filgueira

Como grupo proponente, e un pouco compartindo a exposición do Sr. Fernández e co ánimo de completar, en relación á Lei de mellora de xestión do ciclo da auga hai varias cuestións que nomear.

A primeira delas é esa cuestión de formas de gobernar, sen diálogo e sen o consenso necesario ante un proxecto que pretende implicar outras administracións e mesmo que impacta directamente sobre organizacións como son as comunidades de augas. O resultado está aí, é un proxecto aprobado en solitario, co rexeitamento de pleno do resto de forzas políticas, e cun elevado índice de crítica por parte doutras entidades, como ben dicía e poñía o exemplo o portavoz do Grupo Socialista, mesmo de todo o municipalismo galego representado na Fegamp.

Despois hai outra cuestión, e recollo esa frase de Evaristo de entender Galicia. Entendemos Galicia cando queremos regular unha cuestión estratéxica e fundamental

para a vida das persoas, que ademais é un dereito, que é a calidade da auga, tanto no abastecemento como na súa depuración para devolvela ao medio como debemos; que todas as administracións coincidimos que é importante pero tamén todos sabemos o custo que teñen estas infraestruturas e as dificultades para a súa renovación e facer un correcto mantemento.

Neste sentido, sen un adecuado diagnóstico e definición das necesidades, sen a fixación necesaria duns criterios obxectivos, que era unha demanda xa do municipalismo no que se pedía que ese canon da auga revertese a través de criterios obxectivos nos diferentes concellos, parece que a través desta lei esa voluntariedade para participar do financiamento, ao final, especialmente aqueles concellos con menor capacidade económica, case os obriga.

Pero o que si que ten moi claro esta lei é a parte recadatoria, fixando o tipo de taxas que derivan na memoria económica nun incremento escandaloso dos ingresos.

Daquela, nós o que reclamamos é unha vía de diálogo entre administracións que permita chegar ao consenso; un adecuado diagnóstico; a presenza de criterios obxectivos; e consideramos que esa forma de entender o país e de facer goberno, sen acadar ou intentar acadar os consensos necesarios, non é a vía para chegar a bo porto.

Sr. Lema Suárez

Nós compartimos as críticas xa formuladas previamente a unha maneira de proceder característica da Xunta de Galicia, de legislar e impoñer obrigas financeiras sen consenso coas persoas, coas entidades, coas administracións que van ser obxecto desa lexislación. Entón creo que xa é un mal comezo, é difícil que as cousas acaben ben empezando así.

Eu creo que todos compartimos a importancia que vai ter a xestión da auga nas décadas que veñen, hai evidencias de que os efectos do cambio climático se van multiplicar nos anos que veñen, e Galicia ten unha importante riqueza deste recurso, que non é aventurado dicir que neste século vai ser un recurso que vai adquirir moitísimo protagonismo, que se vai revalorizar moito, como é o da auga, que require polo tanto un tratamento serio e consensuado e a longo prazo, que non parecen ser os principios que orientan este proxecto de lei que estamos aquí hoxe debatendo.

Nós pensamos que os tres principios que deberan rexer a xestión deste ben tería que ser o da súa xestión pública, garantindo a súa sustentabilidade; tamén pensamos que habería que garantir un aporte mínimo vital garantido para aquelas familias que non dispoñen de recursos para poder pagar un ben que se está encarecendo cada vez máis; e que tamén habería que implementar medidas de racionalización do gasto, xa que non é un ben infinito e ademais é un ben que vai tender a escasear nas décadas que veñen. Por todo o descrito, nós expresamos o noso apoio á moción.

Sr. Rodríguez Martínez

Bo día de novo.

A ver, vou intentar empezar polo máis sinxelo e polo que entendo que é a clave do que hoxe imos debater. É dicir, penso que aquí todos estamos de acordo en que isto do que estamos a falar, o saneamento, a depuración, o abastecemento, é unha competencia municipal, non si? Porque, claro, se non estamos de acordo niso entón temos aquí para un rato longo. Pero, claro, é que, partindo desa base de que estamos a falar dunha competencia municipal na que a Administración autonómica e outras administracións levan colaborando no desenvolvemento desa competencia de sempre, pois, claro, sorprende escoitar aquí determinadas cousas ou ler determinadas cousas na propia moción, como: "La Xunta invita y los ayuntamientos pagan". Ben, é que vamos a ver, claro, aquí agora que temos debatido tamén moito ao longo destes anos sobre as competencias propias e impropias, non imos tampouco entrar agora nesa materia de cando son propias ou cando son impropias, porque xa sabemos que moitas veces depende de quen goberna ou de cantos cartos hai. Pero a cuestión aquí é que, se isto é unha competencia municipal, o que está a facer a Xunta e o que está a intentar a través desta lei é axudar ao correcto desenvolvemento desa competencia municipal para prestar un servizo mellor e, sobre todo, homoxéneo en todo o territorio da Comunidade.

Aquí non hai que explicar a ninguén, porque hai alcaldes, hai voceiros, todos saben das dificultades que absolutamente todos os concellos, excluindo quizais as grandes cidades, e non a todas, teñen para desenvolver esas competencias de ámbito de capacitación de recursos persoais, é dicir, de técnicos cualificados; de ámbito económico; e todo isto está a provocar unha disparidade brutal na prestación dun servizo esencial como é o da auga.

Por certo, señor Lema, non se preocupe vostede porque xa existe unha exención do canon da auga para aquelas persoas que están en risco de exclusión ou en situación de vulnerabilidade. Iso ten que acreditarlo o Concello correspondente e automaticamente esas persoas están exentas do pago do canon.

Pero, ben, en fin, penso que aquí todos sabemos o que está a pasar, e como a Xunta está a desenvolver, xestiona por exemplo a Xunta 27 depuradoras ao longo de todo o territorio. É culpa da Xunta de Galicia que a esas depuradoras, por exemplo, estea chegando unha carga de auga doce que acaba co biolóxico porque hai infiltración nas redes municipais de saneamento? É culpa da Xunta de Galicia que non poida cumprir cun coeficiente de vertedura porque están a chegar vertidos cunha alta carga de contaminación industrial nas redes municipais? Non. Aquí o que estamos é para intentar resolver un problema, para que iso non se produza. É culpa da Xunta de Galicia que se faga un investimento e se poña unha depuradora capaz de depurar unha poboación equivalente de 4.500 habitantes, e que 5 anos despois da súa posta en funcionamento a través do Concello apenas estean conectados un 10%? É culpa da Xunta tamén? Pois iso está a pasar, está a pasar en concellos desta provincia.

Polo tanto, se queremos falar en serio do ciclo da auga, falemos en serio. Entón, o que non entendemos é que, a maiores destes investimentos que se veñen

realizando deste xeito o que se queira facer era poñer orde en todo isto da man da Xunta. A min paréceme moi ben que vostedes no punto 2 fagan ou soliciten ese plan estratéxico sobre as infraestruturas que hai que facer e clasificadas por criterios obxectivos. Mire, chegan vostedes tarde, pero chegan tarde practicamente 6 anos, porque isto ademais o podo dicir, a min non mo contaron, isto xa se lle trasladou á Fegamp no ano 2016. Non vou repetir aquí o que naquel momento o presidente da Fegamp, o socialista Alfredo García, me trasladou dos motivos polos cales non podían aceptalo, pero mandóuselle un documento para consensuar no que estaban establecidos todos os criterios técnicos e obxectivos para cualificar os investimentos, para que cando houbera que afrontar un investimento nun concello e ese evidentemente fose un investimento prioritario, e para que cando houbera que financeiro estivese negro sobre branco quen tiña que financeiro e de que maneira. Bueno, quen tiña que financeiro está claro, pero é evidente que os concellos non son capaces de poder abordar e por iso estamos falando hoxe aquí disto. Pero iso non vai haber ningún problema, iso xa está feito, e revisen os arquivos da Fegamp que seguramente alí estará o documento remitido nesa data por Augas de Galicia.

Falamos de máis de 1.000 millóns de euros investidos desde a Xunta en apoio ao desenvolvemento desta competencia municipal. Pero é que ademais isto non é unha teima da Xunta de Galicia; é que eu recomendo que lle boten vostedes un ollo á Directiva marco da auga, porque esa directiva o que establece é como todas aquelas infraestruturas teñen que ter garantido, e este é un requisito para o financiamento por parte de Europa, teñen que ter garantido o seu correcto mantemento, a súa correcta explotación e sobre todo que vai haber un retorno económico que permita afrontar a súa amortización e renovación cando chegue o momento de finalizar a súa vida útil. Diso estamos a falar. Poden facelo os concellos? Pois probablemente todos sabemos aquí que non, e por iso o que se intenta é implicar todas as administracións.

Vostedes mesmos mencionan na súa moción que falan do gran número de concellos de menos de 20.000 habitantes na nosa comunidade e estamos falando disto na Deputación precisamente. Pois claro, e ninguén dubida esas cifras e esa achega que tamén fan as deputacións, o que se trata é de facelo ordenadamente, ou é que aquí os criterios obxectivos para establecer cales son as actuacións que hai que acometer por orde de prioridade só son para a Xunta? Pero logo o Concello pode destinar os recursos que poida ter ou os que poida ter doutras administracións, incluídos os fondos Next Generation ao seu libre albedrío? Home, non, aquí ou xogamos todos ao mesmo ou non ten sentido.

Insisto, este diálogo coa Fegamp vén de moito máis atrás, vén do Pacto Local da Auga, que xa ten 10 anos. Vén dese informe que vostedes tamén mencionan nesa moción e que é absolutamente clarificador, que está desprovisto de calquera tinta política. É un informe estritamente técnico sobre as deficiencias que existen nos 313 concellos de Galicia á hora de afrontar as súas competencias municipais en materia de explotación do ciclo da auga, e iso é o que nos debe preocupar e o que nos debe animar a buscar un consenso.

Claro, logo tamén hai que escoitar aquí que esta lei é unha práctica mafiosa. Home, vamos a ver, esta lei baséase nun principio de voluntariedade; entre outras cousas porque –insisto– estamos a falar dunha competencia municipal, e aquí o que

se está a dicir é: “Oia, se vostede quere, a Xunta vai axudar e vai comprometerse”. Evidentemente o Concello tamén ten que facelo e o resto das administracións, porque unha soa Administración, nin sequera a Xunta por si mesma vai poder afrontar o reto que é xestionar axeitadamente o ciclo integral da auga. É imposible, pero, claro, aquí é que non, non, “a Xunta invita e os concellos pagan”. Non, non, é que a festa é dos concellos, que ninguén esqueza; estamos a intentar sacar adiante unha obriga competencial dos concellos, mentres, vamos non sei, salvo que recentemente mentres empezou o Pleno houbera unha modificación urxente da Lei de bases reguladora do réxime local.

Polo tanto, é unha voluntariedade, non podemos aceptar que se diga que é unha práctica mafiosa; e que aqueles que non queiran asumir non van recibir axuda por parte da Xunta de Galicia. Home, a ver, eu xa sei que ao señor voceiro do Partido Socialista lle molesta que volvamos ao bipartito. Home, se quere falamos de como naceu no seu día o que era o Consorcio Galego de Servizos Sociais, entón si que podemos falar do que era unha mafia, verdade? Sobre todo tendo en conta que naquel momento esas competencias non estaba tan claro se eran dos concellos, senón que eran da propia Xunta en moitos casos. Entón, vamos falar diso, se vostedes queren, noutro momento.

Non se crean novas taxas. Miren, o canon da auga, que como xa dixen para a tranquilidade do compañeiro Alberto Lema, bueno, pois evidentemente non afecta a aquelas persoas que están en risco de exclusión, o que grava é o consumo da auga polo impacto ambiental do seu uso. Os concellos seguen tendo exactamente con esta lei, igual que antes, a mesma liberdade para establecer as taxas que consideren oportunas. Iso si, hai exemplos recentes de incrementos en gobernos municipais, non do Partido Popular. E do que estamos a falar é de que no que hai que camiñar é a pagar de xeito distinto, a establecer unhas taxas que promovan o uso responsable da auga e non a dilapidación. E aquí en Galicia temos o Concello, non dito pola Xunta, dito polas asociacións de consumidores e usuarios e polas empresas especializadas no ciclo da auga, temos o Concello de Galicia coas taxas que menos promoven o uso responsable. Claro, precisamente é o Concello de Vigo, cun alcalde que é o presidente da FEMP, nin máis nin menos. Non se trata de pagar máis, trátase de pagar distinto. Para que? Para garantir o uso responsable e sustentable da auga.

Eu lamento que se vexa desta forma esta lei, que o que pretende é axudar e colaborar para que se poida desenvolver un reto que temos por diante e que é realmente complexo, porque non todas as comunidades teñen as características que ten Galicia, non só xa na súa xeografía, senón na súa dispersión poboacional. E polo tanto é un reto importante en moitos e moitos ámbitos.

Eu creo que o que hai que facer é un chamamento para intentar facelo en positivo e non dicir que se están a conculcar dereitos ao mesmo tempo que se pide que sexa a Xunta quen elabore un plan estratéxico. Aí parece que entón non entra en contradición isto coa autonomía local.

Polo tanto, nós non podemos apoiar unha moción que vai estar en contra dese traballo. Que todo se pode mellorar? Que se ten que seguir dialogando? Por suposto. E xa –insisto– este é un diálogo que se ten feito dende hai moitos anos, dende que se

subscribiu xa –insisto– hai unha década o Pacto Local da Auga, que o que pretendía non era outra cousa que blindar os investimentos públicos con criterios obxectivos; garantir a solvencia técnica na xestión e explotación das infraestruturas da auga; tarifas igualitarias, que non quere dicir homoxéneas, pero si igualitarias, a través, ademais, dunha prestación homoxénea na calidade do servizo en todos os concellos de Galicia e aproveitamento das economías de escala. Iso era o que pretendía o Pacto Local da Auga, penso que está vixente e a eses criterios, a eses principios é ao que responde esta lei.

Polo de agora máis nada e moitas grazas.

Sr. Lema Suárez

Eu desde logo estou lonxe de ter os coñecementos técnicos sobre esta cuestión que ten o compañeiro Roberto Rodríguez, pero si, a raíz do seu expositorio hai algunhas cuestións que me chaman a atención. Di vostede que algunhas das depuradoras de augas de Galicia están saturadas por vertidos industriais; a competencia de fiscalización deses vertidos é da Xunta. Dígolle máis, por exemplo, nun caso que se ten debatido aquí mesmo, o caso da mina de Touro, temos falado, temos debatido do estado deses pluviais que van dar á illa de Arousa finalmente. Quen finalmente está faltando á obriga de fiscalización que lle toca neste punto? porque hai algo que se pode detectar a simple vista. Entón de que somos competentes ao final? Talvez estamos asumindo competencias que non son as nosas e deixando de exercer outras que si son nosas.

Nada máis e grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Brevemente porque esta é unha cuestión que se responde de xeito moi sinxelo. Non, non é competencia, estamos falando de vertidos industriais que van á rede municipal. Diso é realmente do que eu estaba a falar.

A ver, este podería ser un debate interminable, sobre todo estando eu, formando parte del, podería ser un debate interminable e moi longo e estamos xa a 29 de xullo; a min gustaríame poder dicirlles aquilo de: isto co rapaz de augas de antes non pasaba, e botabamos unhas risas e seguimos adiante, pero é que o tema é moi serio, é moi serio. É un problema que temos hoxe, que imos ter mañá e que imos ter durante moitos anos. Polo tanto, eu o que pido aquí é altura de miras. Non se trata, como dicía o voceiro do Partido Socialista que, home, un pouco trileiro foi cando dixo: “ben, hai un momento aquí todos votamos para que o Estado fixese un plan estratéxico nunha determinada materia”; claro, que é da súa competencia. A Xunta non ten ningún problema, é que –insisto– xa o fixo, xa puxo á disposición da Fegamp uns criterios obxectivos. Volvamos a iso, claro que si, pero iso non é incompatible con que esta lei intente mellorar e intente sacar adiante a correcta xestión do ciclo integral da auga.

Falabas tamén antes, non recordo agora se eras ti ou era a compañeira do Bloque Nacionalista Galego, sobre os efectos que vai ter nesta cuestión o cambio

climático. Efectivamente, en Galicia todo parece indicar que non vai chover menos pero vai chover doutra forma, e a capacidade de almacenamento que nós temos é a que é. Polo tanto, hai que asegurar que as infraestruturas son óptimas, que non hai un nivel de fugas inasumible, que non hai regatos que están conectados á rede de saneamento municipal. A ir alí onde se poida a unha drenaxe urbana sostible, a unha separación de pluviais. Que a tarefa que temos por diante de verdade que é inxente, é inxente.

Polo tanto, eu aquí pido que se recapacite, que teñamos altura de miras, que o que haxa que mellorar, o que haxa que falar pódese falar, porque a lei excluíu ademais unha petición que era a da participación obrigatoria das deputacións no financiamento, ábrese ese arco para evitar que existan eses problemas. Pódese falar de todo. Ter todo por facer, evidentemente, pódese ver como un problema, e éo, pero tamén é como unha oportunidade. Eu, insisto, solicito unha altura de miras para que todos poidamos mellorar no que sexa mellorable está lei, pero sempre tendo claro que o que hai que facer aquí é afrontar un reto que en Galicia é especialmente complicado, que é o do ciclo integral da auga.

Máis nada e moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, facemos un exercicio xogando coas palabras. Esta lei obedece a un principio de voluntariedade. Ben, como o instrumentaliza a Xunta pois ou te adhires ou non levas axudas. É verdade, é voluntario. Eu agora mesmo podo sacar unha navalla e dicirlle ao meu compañeiro Pequeno: ou me dás a carteira ou te apuñalo, aplicando ese principio de voluntariedade, pode darme a carteira ou non, e seguramente non ma dea ou si, e quedará vivo ou, se non ma dá, estará morto. Ben, pois é verdade é un principio de voluntariedade, pero iso non quere dicir que non lle estea roubando a carteira. Pois isto é unha cousa parecida. É dicir, a Xunta aplica un principio de voluntariedade, é verdade. Ou te adhires a isto e pagas dous terzos, e iso aínda encima por moito que vostede diga que non supón ademais un incremento dun 30% na factura que vai pagar o cidadán, ou ben non levas nada. Ben, pois é verdade, é voluntario cada un pode decidir xa de facelo ou non, pero penso que o tema, como di vostede, é suficientemente serio como para que lle chamemos ás cousas polo seu nome, e dende logo chamarlle a isto principio de voluntariedade non é.

Non fixo vostede ningunha referencia, e entendo por que, á falta de respecto institucional unha vez máis da Xunta de Galicia, que saca unha lei aprobada só por un grupo político na que se contemplan unha serie de obrigas por parte doutras administracións sen falar con elas novamente. Non se fala coa Fegamp e, como dicía antes, contéplase que dous terzos sexan asumidos pola Xunta e o resto polas entidades locais.

E a parte que máis me gustou da súa intervención foi cando di vostede que o saneamento e o abastecemento é unha competencia municipal; é verdade, é verdade, tamén é unha competencia autonómica a Lei de dependencia, tamén o é a educación e o mantemento e conservación dos centros educativos, a súa desinfección, de centros de saúde incluso, tamén son competencias autonómicas, competencias

autonómicas que a Xunta non asume e que nos carga aos concellos.

Mire, eu fágolle unha proposta: a min, se a Xunta de Galicia asume no meu concello todo o que é a súa competencia e os gastos derivados dela, e a maiores deses 1.100 millóns de euros, que como di vostede que leva investido pero que son fondos europeos, que non son da Xunta de Galicia, son fondos FEDER, se os reparte cos mesmos criterios obxectivos con que repartimos este Plan único e se me devolve a min o que recado no meu Concello polo canon da auga, eu non lle pido nada á Xunta, e adhirome mañá a este tema. Cal é o problema? O problema é que ao final temos que pagar, temos que poñer, e despois reparten vostedes os fondos como lles dá a gana, porque eses 1.100 millóns de euros gustárame saber con que criterio obxectivo se reparten, máis alá que o da señora conselleira no seu momento, que decidirá a quen repartilos e a quen non; e dígollo eu que son dun concello que ten algunhas obra destas características aprobadas, pero, se quere explícolle algo máis, non teño inconveniente, se falamos de trileiros, de falar como conseguín esas obras e o que se me dicía inicialmente de cal era a posibilidade de telas ou non.

Eu recordo unha reunión que mantiven naquel momento en Augas de Galicia co seu director e co subdirector, e estaba tamén comigo, polo tanto pode dar fe disto, o xefe da Demarcación de Costas do Estado en Galicia, e fun pedir, eu levaba na alcaldía, non sei, levaría 3 meses aproximadamente, e fun pedir colaboración nese caso á Consellería, Augas de Galicia, económica para poder levar a cabo o saneamento na principal praia do meu municipio, que é a praia de Ber, xa que temos un problema de depuración de augas dende hai moitísimos anos, que ao final acabaron pechando a praia ao baño por continuos episodios de contaminación. Nesa reunión trasladóuseme que non había fondos para saneamento e que non podía ser. A verdade é que eu pecaba de ser un alcalde demasiado novo naquel momento e case confiaba na palabra de todo o mundo, e dixeran, ben, pois oe, se non hai, que lle imos facer, a pesar de que naquel momento a Demarcación de Costas incluso se comprometía a colaborar para poñer os terreos á disposición do ente e eu tamén a colaborar economicamente, incluso a ver a posibilidade de aportar fondos doutras administracións que intentara conseguir. Ben, pois marchei con ese non.

Aos poucos meses a conselleira daquel momento –non vou dar nomes, nin do director nin da conselleira– visita a miña vila para aprobar o Plan urbanístico, e como os males non son sempre un, que sempre veñen acompañados, nós tiñamos, ademais do problema de saneamento, un problema de abastecemento de auga da rede xeral que rompe e rompía cada dous por tres, e polo tanto dixeran conselleira: “ben, mira, se puideses colaborar con nós para renovar a rede xeral de abastecemento, que son máis de 2 millóns de euros e non temos a capacidade económica como Concello pequeno que somos para poder asumilo”. E dime a conselleira: “é que para abastecemento non me quedan cartos, pero si os teño para saneamento; é máis, se non os gastos, vou ter que devolvelos a Europa”. Ben, e conseguín unha subvención de 4,2 millóns de euros, unha subvención que un mes e medio, dous meses antes o director de Augas no mesmo ano, non era outro exercicio, me negara dicindo que non había fondos e que me recoñecía a conselleira ao pouco tempo que xa non é que os tiveran é que ademais os ían ter que devolver. Creo que esa non é unha práctica responsable no reparto de fondos públicos, e hai unha testemuña, hai dúas testemuñas mellor dito, ou tres, porque eramos catro persoas

dese encontro: unha delas era o xefe de Demarcación de Costas de Galicia, había un director de Augas, un subdirector e eu mesmo. Polo tanto, como non quero dar nomes por motivos que penso que todos e todas sabemos que son obvios, penso que queda claro perfectamente como é o reparto de fondos que fai a Xunta de Galicia, de fondos europeos, que saen dos petos de todos os cidadáns para este tipo de actuacións.

Polo tanto, volvo demandar unha vez máis, se hai un reparto xusto deses fondos cun criterio obxectivo ao que todos os concellos nos poidamos acoller, independentemente da nosa cor política, e a Xunta nos devolve os cartos que, supostamente, se é unha competencia municipal, recada irregularmente a través do canon da auga; porque, home, se é unha competencia municipal, o normal será que os recademos nosoutros ou que, polo menos, se lles transfiran aos concellos, cousa que non pasa. Polo tanto repito: se nos transfiren os fondos europeos con criterio obxectivo, se nos devolven o que recadamos entre os nosos veciños e veciñas, é dicir, o que pagan os nosos veciños e veciñas polo canon da auga; e, a maiores diso, asume a Xunta os gastos das que son as súas competencias directas e que estamos a asumir os concellos de forma indirecta, eu non pedirei absolutamente nin un céntimo máis á Xunta de Galicia para abastecemento e saneamento de auga.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Rodríguez Martínez

Moi brevemente, para pola miña parte rematar o debate. Claro, é que é difícil manter un debate, se vostede está pensando que o canon da auga debería cobralo vostede porque é competencia municipal, claro é que temos que retrotraernos aínda moito máis alá. Non, mire, a ver, a competencia municipal é o abastecemento e saneamento; entón aí evidentemente o que vostede cobra polo servizo de auga cóbrao vostede, pero polo uso do recurso non. É como se vostede agora se planta diante do Ministerio de Facenda a dicirlle que todo o IRPF que pagan os habitantes de Sada que ten que darllo a vostede. Entón, a ver, vamos intentar falar con certa propiedade. Xa que estamos de confesións, home, pois tampouco hai que dar nomes, pero, é dicir, se hai que falar da resposta que se lle deu a este director, a este director por parte da Fegamp de por que non saían adiante eses criterios obxectivos, home, pois basicamente: “é que non me deixan”, foi a resposta literal. Por que? Ben, porque había eleccións ao ano seguinte. Confesións, home, vostede ten unha experiencia propia do seu concello, eu teño vamos, moitas máis. Non se trata diso, non se trata diso. Evidentemente, ata podería haber unha explicación para a situación que vostede acaba de dar. No caso concreto ademais, Sr. Fernández, do teu concello, faime caso, a conta que queres facer non che sae, de verdade que non che compensa, non o fagas porque a ti en concreto non che compensa.

A voluntariedade, a voluntariedade é para asumir a xestión, para asumir a xestión desas infraestruturas. Obviamente a Xunta non pode facelo se non é porque voluntariamente llas cede o concello, porque é a súa competencia. Pero, claro, se queremos falar, evidentemente, do que si é unha práctica mafiosa, que se asemella ao exemplo que ti puxeches de alguén que vai coa navalla a pedirche a carteira para que a entregues voluntariamente, home, falemos, falemos. Tampouco mo contaron, non vén en ningún argumentario, é que isto o vivín eu. Que facía o bipartito no ámbito

dos servizos sociais? Que facía? Non, ou entras no consorcio ou esquece recibir calquera outra subvención á que tes todo o dereito do mundo, todo o dereito do mundo, esteas no consorcio ou non. Ou me dás a escola infantil, ou non vas recibir unha subvención para manter a escola infantil; ou me dás a xestión do centro de día ou non vas recibir ningún tipo de axuda ou subvención. Iso si, iso si. A ver, home, digamos que está, por ser así cauteloso, rozando a extorsión. Iso si é unha expropiación mediante extorsión dunha competencia que, insisto, naquel momento incluso, a ver, os concellos defendían que era súa; claro, logo veu a crise do 2009 e xa cambiou o conto.

Pero iso si é un exemplo como o que ti puxeches, Sr. Fernández. Entón, eu volvo a insistir: se estamos de acordo en que se trata dunha competencia municipal, que os concellos son incapaces de asumila, que os cartos son finitos, os da Xunta tamén, os de Europa tamén, e que temos que cambiar totalmente de modelo de mentalidade no que se trata na explotación do canon da auga, eu penso que esta lei é unha moi boa oportunidade de empezar a poñer orde; e non obsta a que logo se poidan aprobar, home, pois non sei, dependerá da Fegamp, xa insisto porque por parte da Xunta xa estaban feitos, xa estaban aí os criterios obxectivos para que se poidan ordenar por prioridade en cada concello. Iso é moi sinxelo, cales son esas cuestións, e garantindo obviamente que a obra se fai, financiaa quen a ten que financiar, e a Xunta aí está ofrecendo unha parte porque sabe que ten que seguir colaborando nunha competencia que non é súa porque, se non, non se vai conseguir sacar adiante este tema, pero garantindo sempre que esa infraestrutura se vai explotar e manter adecuadamente, e que ademais existe unha recuperación económica, vía taxas, que vai permitir que sexa explotada e que cando chegue o momento do fin da súa vida útil se poida renovar sen ter que volver chamar á porta da Xunta, da Deputación, de Europa, para volver facelo, porque iso Europa xa dixo coa súa Directiva marco da auga, hai case 15 anos, que iso se acabou.

Polo tanto, penso que non hai moito máis, non sei se dentro deste salón vou ser quen de intentar convencelos; quizais fóra nun ambiente máis distendido o poidamos seguir debatendo. Pola miña parte de verdade que máis nada, e polo que a min respecta procedemos á votación. Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Todo o canon non, pero a proposta era o 50%, e propúxoselle ao presidente na Mesa Galega de Cooperación Local, polo menos devolvernos o 50%. Non, vai todo para a Consellería e despois distribúeno daquela maneira que todos e todas sabemos. Por que aquí a min naquel momento a conselleira díxome: “te voy a dar el dinero porque, si no, lo tenemos que devolver a Europa”? Pois eu penso que é un exemplo de cal é a planificación hidráulica da Xunta, que chegado o mes de outubro-novembro, se non se gastaban, había que devolver os cartos. Se houbera realmente unha planificación, ou se eses recursos se repartisen cun criterio máis obxectivo, seguramente iso non pasaría e non teríamos que devolver nada. Pero bueno, en todo caso, é importante que teñamos en conta que neste caso o artigo número 5 da Lei 7/85 reguladora das bases de réxime local establece que se dotarán as facendas locais de recursos suficientes para o cumprimento dos seus fins, e iso non está a pasar. Podemos falar do Fondo Galego de Cooperación, como levamos 11 anos, ou

13 anos mellor dito, sen incrementalalo, cos mesmos 113 millóns independentemente de que o orzamento da Xunta sexa moito máis alto que hai 13 anos, seguimos recibindo o mesmo os concellos. Penso que isto sería, como di vostede, xa para un debate un pouquiño máis amplo, porque non se trata só de falar do tema que ten que ver co ciclo da auga, senón coa xestión e o reparto dos recursos públicos que saen do peto de todos os cidadáns, e loxicamente aí dáme a impresión de que vostedes e nós non imos coincidir á vista de cal é a realidade de cada unha das administracións que gobernamos uns e outros.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. García Seoane

Eu sempre me reservo porque non vou intervir e ao final teño que intervir. Eu creo que os que estamos aquí, algúns desde logo, sabemos da situación que hai nos concellos, do caos que se xera cos vertidos nos concellos, vaise polos camiños, vaise polos regatos, non hai máis que vertidos directos de núcleos rurais, de granxas de todo tipo, estanse indo aos ríos contaminando os ríos, eses ríos que tanto falamos agora que hai que coidar. E resulta que falamos de que os concellos, aquí estase comentando que os concellos non poden abordar, ningún concello, nin incluso os de 20.000 a 50.000 habitantes, poden abordar o saneamento en si, no sentido de facer unha depuradora, que custa un montón de millóns, unha depuradora de verdade custa un montón de millóns, e non se pode estar falando diso porque os concellos non son capaces de facelo. Por tanto, tería que ser, neste caso desde o meu punto de vista, a Administración autonómica tería que abordar, de feito, estase intentando, e as discrepancias que estamos observando aquí de que ten que haber alguén que dirixa e que imponha que se corten os vertidos aos ríos, que se poña o saneamento nos municipios, que en vez de facer algo que non ten sentido que fagan unha rede de sumidoiros e a traída de augas, e se deixen de facer unha pista de tenis ou calquera outra cousa parecida, ou un local social, porque é antes a rede de sumidoiros e a auga é antes que todo iso.

Pero a rede de sumidoiros e a auga custa moitísimo, eu diso sei moitísimo porque teño máis de 300 km de rede de auga e máis de 300 e pico quilómetros de rede de sumidoiros no municipio de Oleiros. E sei o que me custou ao longo dos anos e sei tamén a participación que houbo de distintas administracións en cada momento (nacional, autonómica, provincial) para levar iso adiante. Aínda así, hoxe temos un tema grave, a pesar de que o coidamos, teño técnicos moi bos, teño unha área de Urbanismo moi boa, pero a xente cando dá de alta as casas, fai o chalé e dá a alta e logo, pasado un ano, un mes, conectan as augas da finca, de case todas as fincas, á rede de sumidoiros por dentro da finca. E hoxe a rede de Oleiros, que temos unha rede impresionante e depuradoras, está chea de augas da chuvia. É alarmante a situación. De feito, eu vou montar unha inspección para acabar con iso porque depurar iso custa un diñeiral. E paso a depurar, hai unha depuradora na comarca da Coruña importantísima na que estamos cinco concellos levando adiante a xestión, pero despois hai concellos que cobran o canon e non o pagan, como o Concello de Cambre; cóbralles aos veciños o canon todos os meses e non llo paga á estación de Bens, onde estamos representados Arteixo, Oleiros, Culleredo, Cambre e A Coruña; e non paga e leva sen pagar non sei cantos anos. Imaxínense un concello que ten máis

de 20.000 habitantes, que queda co diñeiro para pagar a depuración e por temas políticos tampouco ninguén se mete desde arriba con el. Neste caso é o Concello da Coruña quen tiña que tomar unha determinación tallante para que pagara de inmediato e, se non, levar ao cárcere ese alcalde que está cobrándolle un diñeiro a unha xente que despois non o aboa para pagar o servizo de mantemento.

Estamos falando de cousas serias, estamos falando de algo que está aí, concellos de máis de 20.000 habitantes, é unha falta de vergoña o que está acontecendo. E logo os pequenos, os pequenos ningún; eu percorrín toda Galicia, ningún pequeno pode manter unha depuradora, ningún pequeno, e ten que haber alguén por encima dos concellos, e digo, é a Xunta neste caso, a Deputación participa, como non, durante moitos anos leva participando financiando pequenas redes para que se conecten coas supostas depuradoras que hai nos lugares, pero é a Xunta, desde o meu punto de vista, quen ten que reorganizar iso e, indubidablemente, vai haber moitos desgustos, vai haber moitos desgustos, porque cando a un lle din: “Oiga, léase la letra y aplíquela”; e dicían os mestres “la letra con sangre entra”, pois ao mellor hai que dar, ao mellor hai que darlle un estacazo como nos daban a nós de pequenos para que aprendamos a facer o que temos que facer, non na escola, aquelas escolas do caldo, que non estaba de acordo con elas, pero algunha razóns ás veces tiñan, porque eramos bastante golfos algúns rapaces.

Por tanto, eu creo que este é un debate moi amplo. A Fegamp, a Fegamp non vale para nada, xa o dixen aquí cincuenta veces, non vale para nada. Porque goberna o PP cun candidato do PP, unha merda; goberna o PSOE, unha merda. É igual, é igual están para tapar, están de parapeto, de aquí non pasen. Estamos agora os concellos de máis de 20.000 habitantes, que estamos sendo denigrados a nivel nacional, que non entramos nos fondos eses europeos, xa non sei como lles chamades, e resulta que estamos aí chamando á porta e nin un puñeteiro duro cando temos unhas necesidades inmensas.

Ah!, pero os concellos galegos, como non teñen 39.000 unidades urbanas, non poden entrar. Claro, poden entrar os canarios, poden entrar os andaluces que están na costa, poden entrar todos eses que fixeron casas a montóns para encher no verán de turistas pero que no inverno teñen 10.000 habitantes, 15.000, e que non teñen nin os 20.000 que hai que ter para iso, pero teñen unidades urbanísticas.

Por tanto, é unha situación, xa digo, desgraciada, é un mal grave que hai que curar, que hai que curar, e xa dixen que no meu Concello teño un problema moi grave coas pluviais, non porque eu non o controlara, senón porque, unha vez que lle dás o servizo, despois desde dentro da finca fan o que lles dá a gana. Nós imos tomar medidas nese aspecto. Creo que este é un tema, xa digo, para falar. Logo, eu voume abster neste tema, voume abster neste tema. Non, voume abster porque hai moitas, ten cores, ten matices todo isto, ten matices.

Por exemplo, o Concello de Carral, onde goberna Alternativa dos Veciños, está para levar adiante unha depuradora e ten moitos problemas coa Xunta de Galicia; pois, non, non, por tanto hai matices e hai cousas, por iso me vou abster.

VOTACIÓN

Votan a favor: 16 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG e 1 de Marea Atlántica)

Votan en contra: 13 deputados/as (PP)

Abstéñense: 1 deputado (Alternativa dos Veciños)

O Pleno, aproba a seguinte moción:

"Moción dos Grupos provinciais do PsdeG-PSOE e BNG para manifestar o noso rechazo á recién aprobada Lei de mellora da xestión do Ciclo Integral da Auga

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 4 de novembro de 2013 os daquela conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias asinaron un "Protocolo de colaboración e desenvolvemento do Pacto Local para a xestión do ciclo urbano da auga", no que se desenvolvían as medidas, a organización e o seguimento acordado entre as partes para a correcta xestión do ciclo da auga; sendo en data 13 de febreiro de 2014 cando se constitúe a comisión técnica para o seu desenvolvemento.

No ano 2019, a conselleira de Infraestruturas e Territorio, Ethel Vázquez, presentou un informe sobre a "Problemática e situación da prestación dos servizos de saneamento en Galicia" no que a consellería cargaba sobre os concellos todas as culpas das deficiencias nas infraestruturas precisas para desenvolver unha xestión eficiente do ciclo da auga e propoñía unha "Sogama da auga", sen consenso co resto das administracións públicas, e coa intención de crear novos entes supramunicipais. Este anuncio foi rexeitado con contundencia por parte da maioría dos concellos, levando á conselleira a retirar tanto a denominación como o contido.

O 22 de xullo de 2021 no Consello da Xunta adoptouse o acordo polo que se autorizaba o inicio da tramitación do anteproxecto de lei de mellora da xestión do ciclo integral da auga que, segundo anunciou o daquela presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, sería "un marco normativo que permitirá regular o apoio aos concellos nas súas competencias de abastecemento, saneamento e depuración de augas", cuestión que só quedou nesas declaracións, posto que na posterior tramitación do anteproxecto, as alegacións presentadas por varios concellos, polas deputacións e pola propia Fegamp, nas que se reclamaba que se tratara a auga como un dereito humano (tal como a define a ONU dende 2010), como un ben escaso que hai que protexer, lealdade institucional, interese básico, financiamento e transparencia na xestión, foron rexeitadas pola Xunta de Galicia, tratando de impoñer un modelo no que o goberno galego pon as condicións e aos concellos só lles queda adherirse e pagar ou quedar fóra e asumir toda a xestión do ciclo da auga no seu territorio. É dicir, un modelo sen diálogo nin consenso coas administracións implicadas. Unha limitación e recorte da autonomía local, entendida nos termos da Carta Europea de Autonomía Local como o dereito e a capacidade das Entidades locais para ordenar e xestionar unha parte dos asuntos públicos baixo a súa propia responsabilidade e en beneficio dos seus habitantes.

Así, o pasado 28 de xuño aprobouse no Parlamento de Galicia a Lei de Mellora da Xestión do Ciclo Integral da Auga, unha lei que, a pesar de que establece na súa

exposición de motivos que a auga é un ben esencial para a cidadanía e para a actividade económica, un ben patrimonial que hai que protexer, defender e tratar como tal (sen que en ningún momento se estableza que é un dereito humano), parte dun entendemento discutible da Directiva Marco da Auga, pois o contido da lei non responde a estas afirmacións e no lugar de entender o ciclo integral da auga como un servizo de interese xeral que compete a todas as administracións, é dicir, entender o ciclo da auga coma un "Proxecto de País" elaborado cun acordo de país, a Xunta de Galicia presenta unha Lei coa peculiaridade de que serán os concellos os que deleguen, se lles interesa, a xestión na entidade Augas de Galicia para que actúe como entidade prestadora dos servizos de abastecemento, depuración e/ou saneamento, mentres que a capacidade sancionadora segue a estar radicada na entidade Augas de Galicia. Así, os concellos de menos de vinte mil habitantes que se adhiran "voluntariamente" terán que achegar dous terzos do custe da totalidade do custe das infraestruturas necesarias para o desenvolvemento do ciclo da auga, é dicir, as infraestruturas para almacenar, potabilizar, distribuir e depurar, segundo se recolle literalmente no artigo 26 da dita Lei:

"Artigo 26. Investimentos sobre as infraestruturas que forman parte da actuación de Augas de Galicia como entidade prestadora de servizos:

1. No caso das infraestruturas de titularidade das entidades locais, cando no informe previo referido no artigo 24 se conclúa a necesidade de realizar investimentos nas infraestruturas existentes que permitan unha prestación adecuada dos servizos vinculados máis aló dos correspondentes ao mantemento e á conservación delas, Augas de Galicia formulará unha proposta de convenio de colaboración coas administracións públicas solicitantes da asunción, fundamentada en criterios económicos e técnicos, na que se establecerán as condicións para a súa instrumentación e o seu financiamento. Naqueles casos nos cales Augas de Galicia aínda non estivese a actuar como entidade prestadora de servizos, o asinamento destes convenios terá carácter previo ou simultáneo ao referido no artigo 21.

2. Para a determinación da participación no financiamento dos investimentos nas infraestruturas existentes previstas na primeira alínea, en cada caso terase en conta as dispoñibilidades orzamentarias de Augas de Galicia, dos concellos e das deputacións provinciais correspondentes e, en xeral, de calquera outra administración ou entidade integrante do sector público que poida achegar financiamento.

Con carácter xeral, no caso dos concellos de menos de vinte mil habitantes, agás que concorran causas debidamente xustificadas, as entidades competentes participarán no financiamento destas actuacións do seguinte xeito:

Un terzo do custo das actuacións de dotación ou mellora das infraestruturas previstas será financiado pola Administración hidráulica de Galicia.

Un terzo do custo das actuacións de dotación ou mellora das infraestruturas previstas será financiado polos concellos titulares das infraestruturas.

O terzo restante será financiado polos propios concellos, pola deputación provincial correspondente, por outra administración ou entidade integrante do sector público ou mediante calquera outra fonte de financiamento.

3. En todo caso, será imprescindible que a administración titular da infraestrutura

acredite a dispoñibilidade dos terreos necesarios para a execución das obras, así como a obtención das servidumes e das ocupacións temporais que sexan pertinentes, e acorde a súa efectiva posta á disposición de Augas de Galicia.

De ser necesario acudir ao procedemento expropiatorio para a obtención dos terreos, a administración local poderá solicitar a colaboración técnica de Augas de Galicia.

4. Os investimentos sobre as infraestruturas de titularidade de Augas de Galicia serán asumidos por esta, sen prexuízo dos acordos de colaboración e financiamento que poidan subscribirse con outras administracións.

5. Tras rematarse a execución dos investimentos acordados, a xestión das novas infraestruturas incorporarase ao ámbito da actuación de Augas de Galicia como entidade prestadora de servizos.

Si estes investimentos supoñeren unha modificación das condicións de xestión e de prestación dos servizos vinculados, procederase conforme o disposto nesta lei para as modificacións das condicións da asunción da xestión das infraestruturas e a prestación de servizos por parte da entidade pública prestadora".

É un exemplo de libro de legislar de forma coercitiva, é dicir, influíndo directamente na forma en que cada concello debe prestar os servizos públicos da súa competencia. Auténticas axudas selectivas a un ou outro concello por razóns meramente administrativas (se delegan ou non en Augas de Galicia), o que supón unha discriminación previa dos concellos que están excluídos e, polo tanto, da súa cidadanía.

A falla de consenso na aprobación desta Lei é unha mostra máis de que o goberno galego no canto de colaborar cos concellos para dar cumprimento a unha necesidade básica da cidadanía, obriga aos concellos a afrontar unha serie de investimentos que en moitos casos non poden asumir, obviando que o 93% dos concellos galegos teñen menos de 20.000 habitantes, é dicir: "A Xunta invita e os concellos pagan!"

Do mesmo xeito, aínda que a conselleira afirma unha e outra vez que esta Lei non crea novas cargas para as persoas beneficiarias dos servizos, a realidade é que se crean tres novas taxas e que na propia Memoria Económica presentada pola administración autonómica contemplan subidas de case 50 millóns de euros dende o primeiro ano de entrada en funcionamento.

"Artigo 30. Canon de xestión das depuradoras

1. Mediante esta lei establécese a regulación do canon de xestión das depuradoras como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de taxa.

Artigo 48. Canon de xestión das redes de colectores

1. Mediante esta lei establécese a regulación do canon de xestión das redes de colectores como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con natureza de taxa.

Artigo 71. Normas xerais

1. Mediante esta lei establécese a regulación do canon de xestión dos abastecementos como tributo propio da Comunidade Autónoma de Galicia con

natureza de taxa".

Xa que logo, temos unha conselleira responsable con competencias en Augas de Galicia, que xestiona os recursos que son de todos e todas as galegas e presenta a dita lei coma se fose un favor ás entidades locais, manifestando como cuestión fundamental a voluntariedade ou non dos concellos, sen plantexarse que cando falamos de auga falamos de vida e dun dereito da cidadanía; o goberno autonómico non pode facer deixación dos temas máis importantes para a vida das persoas e para o funcionamento dos sectores produtivos, cando a propia conselleira fala de que dende a constitución da entidade Augas de Galicia se investiron 1100 millóns de euros en infraestruturas relacionadas co ciclo integral da auga na nosa comunidade, sen revelar que o financiamento desas infraestruturas veu fundamentalmente de fondos europeos, fondos aos que a maioría dos concellos galegos non poden optar individualmente (reiteramos, o 93% dos concellos galegos teñen menos de 20000 habitantes), e sen que eses investimentos responderan a un Plan Estratéxico que contemplase as infraestruturas, os territorios, as contías, o financiamento nin as datas de execución, respondendo só ao criterio da propia consellería, cercenando a autonomía local.

Polo exposto, os grupos provinciais do PSdeG-PSOE propñen a adopción dos seguintes acordos:

1. Manifestar a súa rotunda oposición e rexeitamento ao contido da Lei Galega do Ciclo da Auga que foi aprobada de maneira unilateral polo Partido Popular en detrimento dos intereses das entidades locais.
2. Instar á Xunta de Galicia para que elabore neste exercicio 2022 e estando en tramitación o Plan Estratéxico de Galicia 2022-2030, un plan estratéxico consensuado coa Fegamp no que se contemplen as infraestruturas, o territorio, as contías, o financiamento e as datas de execución.
3. Que se arbitren as fórmulas precisas para que a Xunta de Galicia, de acordo co Plan Estratéxico indicado no punto anterior, opte aos Fondos Next Generation-EU habilitados para o tipo de infraestruturas recollidas no ámbito desta lei."

Sr. Presidente

A seguinte moción, presentada polos grupos PSdG-PSOE e BNG, en defensa de melloras na prestación do servizo de transporte interurbano.

5.Moción que presentan os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en defensa de melloras na prestación do servizo de transporte interurbano

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o mes de xaneiro do 2021, co cambio da empresa prestataria do servizo de transporte interurbano de viaxeiros que cubre as liñas das comarcas coruñesas, os concellos da provincia están a recibir innumerables queixas por parte da veciñanza en canto ao incumprimento dos horarios ou/e a supresión de paradas sen previo aviso.

Son numerosas as queixas, ao longo de todo o territorio galego, de usuarios e usuarias, así como de colectivos e concellos no relativo ao funcionamento do servizo público de transporte por estrada: atrasos e reducións de frecuencias horarias, supresión de servizos sen previo aviso, falla de publicidade de horarios, falta de prazas nos autobuses, anuncios de melloras incumpridos.

Ante esta situación, a maioría dos concellos pónense en contacto coa Consellería de Mobilidade, co fin de reclamar o cumprimento das condicións marcadas polo prego de licitación deste servizo de transporte; asegurando a Consellería que se trataba de axustes no comezo da prestación do servizo, e que se irían solventando nos seguintes días, unha promesa incumplida en reiteradas ocasións.

O longo do último ano estamos a ler continuamente na prensa que esta situación non afecta só a un concello concreto, se non aos diversos municipios da provincia. Descoñecemos a causa da deficiente prestación deste servizo, non sabendo se o prego de contratación foi redactado de xeito incorrecto, non adaptándose á realidade, ou se ben é a empresa prestataria a que está a incumprir ese contrato. De todos xeitos e en última instancia é a Consellería, neste caso a Dirección Xeral de Mobilidade, quen ten a competencia por ser a prestataria deste servizo e a responsabilidade de garantir o correcto cumprimento do mesmo. De aí que sexa a esta administración a quen lle esixamos o restablecemento das liñas e frecuencias anteriores ao comezo deste novo contrato.

O pasado 30 de decembro, fíxose chegar a algúns concellos o resultado dun estudo/auditoría externa onde se nos presentaban os datos da demanda "real", e a súa adaptación para satisfacer as necesidades dos usuarios, co irrisorio prazo dun día hábil para que poideran presentar calquera alegación.

Xa non só polas liñas regulares dun transporte interurbano ao que os concellos fan unha achega económica e que deixan sen servizo a centos de usuarios, senón polas liñas integradas dos centros escolares e a gravísima situación que supón deixar aos menores só nas paradas e sen servizo de transporte escolar, como así nos consta que ten acontecido.

O transporte público é fundamental en todas as bisbarras para unir municipios e dar acceso a servizos básicos á cidadanía que non dispón de vehículo propio, tales como acudir ao médico, á compra, etc. É ademais un medio de transporte que debemos de poñer en valor co obxectivo de reducir considerablemente as emisións contaminantes que poñen en perigo a nosa saúde e o ecosistema, así como o camiño a seguir para evitar aglomeracións de vehículos nas vilas e cidades, cumprindo deste xeito cos obxectivos de desenvolvemento sostible da axenda 2030 que están a implantarse dende os concellos.

Polo exposto, debemos esixir o cumprimento dos horarios tal e como se estaba a facer hai un ano pola anterior concesionaria; a reposición das liñas e paradas que foron eliminadas e que son obxecto de reclamación por parte dos usuarios.

Debemos esixir tamén que esta mala xestión do servizo non sexa a excusa para recortar unha vez máis os servizos públicos.

Así mesmo, coa implantación das liñas integradas no servizo de transporte que empregan alumnado e pasaxeiros non estudantes, estase a esixir o pago ao

alumnado de bacharelato dos viaxes realizados para acudir ao seu centro escolar. Entendemos que o acceso a educación das/dos menores, e o alumnado de bacharelato debe ser gratuíto e non se lle deben por trabas económicas que condicionen a posibilidade de continuar cos seus estudos.

En consecuencia, ante esta caótica e lamentable situación, o pasado 14 de xaneiro gran parte dos concellos afectados mantiveron unha xuntanza co obxectivo de facer unha petición común de resolución inmediata deste conflito.

Polo exposto, os Grupo Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Deputación da Coruña insta á Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas necesarias e de xeito urxente para acadar o correcto cumprimento do servizo de transporte interurbano, tal e como establece o contrato licitado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade .
2. Repoñer as paradas e liñas suprimidas, e o aumento de frecuencias que favorezan e incentiven o uso deste transporte público.
3. Implantar a gratuidade do uso por parte de todo o alumnado dos Institutos de Ensinanza Secundaria e Bacharelato na ruta de traslado do seu domicilio ao centro escolar independentemente do seu lugar de residencia, por tratarse de menores de idade que ven mermados os seus dereitos de protección e non discriminación tal como establece a Convención dos Dereitos da infancia ratificada polo Goberno de España.
4. Corrixir os pregos de contratación, realizando os cambios precisos de maneira que se de aunha resposta axeitada e eficiente ás necesidades da cidadanía.

Sr. Fernández Piñeiro

Falabamos nunha das mocións precedentes dos problemas no transporte ferroviario e que afectan algunhas zonas, neste caso na liña Ferrol-Lugo ou Ferrol-A Coruña, etcétera, e traemos, como xa anunciamos no último Pleno, unha moción sobre a situación do transporte interurbano. Unha situación que empeorou considerable e sensiblemente dende que se adxudicou o novo contrato, hai agora dous anos. Inicialmente a todas esas deficiencias trasladábasenos aos concellos que eran por axustes do novo servizo e que en cuestión de semanas estarían solucionadas, pero desgraciadamente vemos dous anos despois que non é así. Primeiro porque hai un prego que non contemplaba a realidade do servizo; a propia empresa de transportes saínte recoñecía que había determinadas liñas que estaba a prestar e que non estaban contempladas no contrato. A sabendas diso, por parte da Consellería, a pesar de que son coñecedores e eran coñecedores desa realidade, neste novo contrato pouco máis se fai que un corta e pega do contrato anterior, e para desgraza, aínda encima, de todos os usuarios e usuarias, non se exige o seu cumprimento á empresa adxudicataria.

Son moitas as queixas, moitísimas, centenaes de queixas as que recibimos os distintos concellos de todos os usuarios e usuarias de servizos. Isto non é unha

cuestión política, nin sequera dos dous grupos propoñentes desta moción, como BNG e Partido Socialista, senón que na nosa bisbarra sen ir máis lonxe hai outros grupos políticos doutras cores que tamén apoian estas reivindicacións, que tamén se están a facer eco das queixas numerosas, como digo dos usuarios e usuarias, fronte ao que foi a supresión de liñas, fronte ao que é o incumprimento dos horarios, fronte a ese intento por optimizar ao máximo os recursos que leva a que eses autobuses de transporte escolar integrado fagan outros servizos con anterioridade e, polo tanto, cheguen tarde ás paradas, ou non cheguen, como ten sucedido nalgunhas ocasións, tanto para entrar nos centros educativos como para saír. Algún caso temos de rapaces e rapazas no instituto que botaron máis dunha hora esperando baixo a choiva e a resposta ademais por parte dalgún representante da Consellería foi que o Concello puxera alí unha marquesiña para que non se mollaran.

Polo tanto, son moitas, como digo, as queixas que estamos a recibir. Calquera persoa que entre na rede a través de Google e busque “queixas transporte interurbano” poderá atopar unha infinidade delas ao longo e ancho de toda Galicia, desta provincia e de moitas bisbarras dela. Polo tanto, facémonos eco de todas elas. Levamos dous anos distintos concellos reclamando que se adopten melloras, fixéronse anuncios que, desgraciadamente, inicialmente parecía que se ían concretar e que ían ocasionar unha mellora neses servizos, que finalmente non acabaron de concretarse, que quedaron en meros anuncios e que, por desgraza, levaron á situación na que nos atopamos na actualidade. Na que ademais hai horarios que non se corresponden cos horarios laborais de moitos usuarios e usuarias, de moitos dos horarios dos estudantes que acoden á Universidade da Coruña ou á Universidade de Ferrol e que teñen que chegar ou con moita antelación ou con moito atraso, o mesmo, como digo, con traballadores e traballadoras, ou incluso como pasaba recentemente tamén con aqueles que traballan no Chuac, que o autobús que os tiña que traer de volta para a comarca de Ferrol non pasou e quedaron tirados ás 10 da noite alí. Non é un caso, non son dous nin tres, son moitísimos casos. De aí as miles de firmas que os distintos concellos nesa bisbarra de Ferrolterra recolleemos nas últimas semanas e que entregaremos proximamente na Xunta de Galicia.

Polo tanto, é curiosa tamén a actitude nese caso da conselleira negando a maior no Parlamento ante unha iniciativa presentada polo noso grupo na que insistía en que o servizo funcionaba ben, que se fixera un gran esforzo e polo tanto é moi difícil dar solución a unha problemática se non se recoñece a existencia do problema, que é o que está a acontecer.

Espero neste caso que todos os grupos desta Corporación, e sobre todo o Partido Popular, que se amosou tan comprometido coa mellora do sistema de transporte ferroviario, sobre todo na nosa comarca no último Pleno, e en plenos anteriores e neste Pleno de hoxe tamén, que faga o mesmo co transporte metropolitano. Dende logo, sería unha boa opción para amosar altura de miras e non fortalecer os que estamos en fronte, que si que reclamamos, independentemente de quen governe, fronte a quen non o fan habitualmente cando a cor política que está á fronte desa Administración é a do seu partido. Polo tanto, chamo a todos e a todas que teñamos altura de miras e apoiemos non esta moción, non os dous grupos que a propoñen, senón todos usuarios e usuarias que están a padecer o mal funcionamento dese servizo de transporte.

Nada máis e moitas grazas.

Perdón, quedábanme por ler os acordos da moción, teñen que desculpar. Vou dar lectura, son catro acordos, logo remato:

“O Pleno da Deputación da Coruña insta a Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas necesarias de xeito urxente para acadar o correcto cumprimento do servizo de transporte interurbano, tal e como establece o contrato licitado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

2. Repoñer as paradas e liñas suprimidas e o aumento de frecuencias que favorezan e incentiven o uso deste transporte público.

3. Implantar a gratuidade do uso por parte de todo o alumnado nos institutos de ensinanza secundaria e bacharelato na ruta de traslado ao seu domicilio ao centro escolar independentemente do seu lugar de residencia por tratarse de menores de idade que ven minguados os seus dereitos de protección e non discriminación, tal como establece a Convención dos Dereitos da Infancia, ratificada polo Goberno de España.

4. Corrixir os pregos de contratación, realizando os cambios precisos de maneira que se dea unha resposta axeitada e eficiente ás necesidades da cidadanía.

Sra. Muíño Filgueira

Eu, máis que nada por completar. Vimos de falar dunha rede ferroviaria deficitaria, que necesita de importantes investimentos e reforzo. E a moción que se presenta recolle a descrición dunha situación obxectiva que no transcurso destes dous últimos anos dende a licitación non mellora. Entendemos que, en atención ao prexuízo cara a viaxeiros, aos numerosos incidentes, ás numerosas reivindicacións e protestas e á necesidade dun compromiso cun transporte público eficiente e de calidade, o normal é pedir efectivamente ese consenso e ese compromiso por parte de todos os grupos na defensa do que, atendendo ao que sucede, vén demostrar que é froito dunha mala decisión, dun mal estudo previo de cara á elaboración dos pregos de contratación, pero tamén, efectivamente, dunha falta de dilixencia á hora de exixirlle á empresa que rigorosamente cumpra co recollido nos pregos de contratación para dar o servizo que necesitan e merecen os usuarios do transporte.

(Abandona o salón o Sr. Taboada Vigo)

Sr. Galego Feal

Bo día. Vista esta moción conxunta presentada polo Partido Socialista e polo BNG, sinceramente ou sinxelamente que o Partido Socialista veña a Galicia a dar leccións de mobilidade, pois, de verdade, que resulta un pouco irrisorio. O que si chama un pouco a atención é que se lle sume nesta moción conxunta o Bloque Nacionalista Galego, sabendo todos os problemas de mobilidade que se están xerando hoxe en Galicia precisamente por culpa do Goberno central. Eu non sei se hai que devolver o voto de Pedro Sánchez nin apartar a foto esa de Ana e Adriana, pero é que, por favor, o que estamos aquí a tratar é algo que de verdade excede do

que sería normal.

Quero recordarlle ao BNG que temos aí a Lei de mobilidade estatal e que temos aí a desatención do ferrocarril, como estabamos falando antes, o atraso na entrada de servizo dos trens Avril, o novo mapa de autobuses intercomunitarios, e non imos falar xa do derrube do viaduto da A-6. Entón, con esta perspectiva que o Partido Socialista veña aquí de que vai favorecer a Galicia cando temos o novo mapa concesional de autobuses de competencia estatal que nos deixa á lúa de Valencia, pois permítanme dicirlles que é irrisorio, irrisorio.

E entrando xa no tema da moción, a ver, o que hai é que darse conta de que estamos falando do transporte público por estrada competencia da Xunta de Galicia que funciona razoablemente ben. Non quere dicir que puntualmente non existan cuestións que teñen que ser solucionadas, evidentemente, pero estamos falando dun macrocontrato que xestiona 3.400 liñas, 53.000 paradas e 2,3 millóns de servizos ao ano. Non estamos falando dunha parvada, estamos falando dun contrato moi importante. E ese contrato xestouse da forma en que se xestou, e é posible que eses pregos tiveran no seu momento pois quizais erros, erros que viñeron determinados precisamente polas anteriores empresas que tiñan as concesións irregulares, porque este macrocontrato evidentemente houbo que sacalo auspiciado loxicamente pola Comunidade Económica Europea, e porque esas empresas que prestaban servizos, xa sexa de parada, de parada de liña regular, ou liñas discrecionais, non facilitaron no seu momento para a confección dese prego a información necesaria. Como tampouco facilitaron a información necesaria todos os concellos; a maior parte deles non participaron para nada. Ah! Participaron despois cando se deron conta a touro pasado de que era o que estaba pasando. Pero eses casos puntuais dos que se está falando son casos puntuais, porque os traballadores do CHUAC e os traballadores dos polígonos da Agrela, eses pagaban o transporte escolar eles, perdón o transporte para ir ao seu posto de traballo pagábano eles, e custaba 200 € ao mes. Claro, agora coa nova adxudicación e cos prezos que ten o transporte da Xunta de Galicia van por 60 €, por iso os autobuses se puxeron así.

E o señor Fernández coñece moi ben, porque nosoutros coñecemos a problemática do transporte na comarca de Ferrol, pasaba no IES de Breamo, no IES de Breamo solucionouse ese problema con dúas liñas máis que se reforzaron, que se reforzaron precisamente para cubrir os traxectos de Ferrol, Pontedeume, Miño e Betanzos, e tamén á súa vez a conexión coa Coruña, e iso quedou solucionado.

O que si está claro é que había unha serie de paradas que foron asumidas polas anteriores liñas, chámese Arriva, que prestaban servizo aos institutos, pero que eran contratados polas ANPA dos institutos e pagadas polos pais dos alumnos dos institutos. Que pasa? Que despois empezou a funcionar a Tarxeta Xove, empezou a funcionar a Tarxeta Xove e o que antes pagaban as ANPA pasou a pagalo a Xunta de Galicia, pero esas paradas non eran paradas de liña regular; é o mesmo que se vostede me di: non, e agora páguelles o autobús a todos os empregados de Inditex que van da Coruña ao Río do Porto. Non, iso non é así. E que puntualmente se solucionaron eses problemas?, si se solucionaron. O IES de Fene púxose como parada ordinaria de ruta a parada do instituto, que non estaba por estas razóns.

Por iso, evidentemente, existen eses fallos pero eses fallos son puntuais e eses fallos puntuais precisamente a flexibilidade que permite o contrato que fixo a Xunta de Galicia permite ao mesmo tempo asumir eses erros, esa falta de coñecemento que había e que non foi facilitada nin polos concellos nin polas liñas anteriores.

E vostede sabe, porque, a raíz diso foron moitas as reclamacións, e atendéronse as reclamacións de Ferrol, Ares, Mugar dos, Pontedeume, e todas elas foron atendidas, e non hai necesidade de volver a licitar nin de volver a facer un novo prego, nin de volver a sacar a contratación; hai que cumprir o que hai coa flexibilidade que permiten eses pregos.

E, por outro lado, creo que falar un pouco do tema da gratuidade do transporte aos institutos, ese transporte aos institutos nunca foi gratuíto, nunca foi gratuíto, sempre foi sufragado; e a partir dun determinado momento empezouse a pagar tamén coa Tarxeta Xove. E así é como se segue mantendo. E por tanto o servizo estase prestando. Que haxa deficiencias que hai que corrixir? Ben, corrixíranse, pero non creo que todo estea tan mal porque fíxense que, cando estabamos falando de competencias propias, competencias impropias, hai unha competencia que si teñen que asumir os concellos de máis de 50.000 habitantes, que é o transporte urbano. Señores do BNG, o señor Lores en Pontevedra non asumiu o transporte urbano, verdade? Está prestando o transporte urbano a través do interurbano da Xunta de Galicia, e págao a Xunta de Galicia. Señores de Ferrol, o Concello de Ferrol tampouco asumiu o transporte urbano. Quen o está pagando? A Xunta de Galicia a través do transporte interurbano. E a que en Pontevedra e en Ferrol os rapaces de menos de 21 anos circulan polo centro da cidade coa tarxeta Xente Xove, a que si, verdade? Ben, pois entón a cada cal o seu.

Por tanto, non se trata de que a Xunta de Galicia non queira ou non asuma o que son as reivindicacións e as faltas de servizo ou a carencia de servizo que poida existir, e que poden ter cabida nas actuais concesións, precisamente pola flexibilidade do contrato, e que se poñan de acordo e que se poña a necesidade, porque aquí tampouco se lle vai poñer un autobús a cada un na súa porta, para iso xa está o autobús á demanda, chámase e vaite buscar o autobús. Digo eu que entón non estará tan mal.

Por tanto, todas esas irregularidades que comenta o voceiro do Partido Socialista, pois mira, son todas asumibles e son todas digamos que solucionables. Por tanto, creo que a concesión está ben, a Xunta de Galicia está atendendo razoablemente ben todo o que é o transporte público e emendando aquelas deficiencias que non só por culpa da Xunta de Galicia, senón tamén dos concellos e de colectivos dos traballadores, que antes tiñan servizo discrecional, non foron contempladas nos pregos.

Nada máis, nosoutros imos votar en contra da moción.

Sra. Muíño Filgueira

A ver, por onde empezar. En primeiro lugar, o posicionamento do BNG en

relación a calquera cuestión ten que ver coa defensa dos intereses dos galegos e das galegas. Acabamos de votar a favor dunha moción relacionada coa mobilidade e as necesidades de investimento do ferrocarril porque o consideramos estratéxico e que responde aos intereses xerais dos galegos.

Do mesmo xeito, presentamos esta moción que, ademais, é reflexo dunha situación obxectiva que se repite no día a día: o transporte non funciona razoablemente ben, funciona terriblemente mal. Todos os días, diariamente hai incidencias en relación co transporte: a xente que queda en terra, a atrasos que despois impactan na chegada a aulas, na chegada a postos de traballo, consultas médicas, etcétera. E si que é verdade que esa flexibilidade e esa solución de problemas acaba utilizando esa fórmula de que se viste un santo e se desviste outro; para recuperar unha liña cando hai protestas o que se fai é que se elimina doutro lado, entón aparece un novo foco e novas protestas. E todo isto nun marco en que a empresa concesionaria nin sequera está cumprindo co que se recolle no prego. Polo tanto, hai un deixamento á hora de exixir a súa responsabilidade por parte da Xunta de Galicia, que iso tampouco é funcionar razoablemente ben. Entón, ante a cantidade de protestas, de mobilizacións e o contacto con persoas usuarias prexudicadas, o argumento é que no seu momento fomos os concellos quen non actuamos con dilixencia? O argumento é que a Xunta de Galicia non definiu ben as condicións que eran necesarias para o prego de licitación, deixando fóra horarios que foran compatibles con acceso a horarios escolares, a institutos, deixando fóra unha gran parte do territorio de moitas comarcas por rurais. Que hai poucos días tiñamos aquí unha moción do Partido Popular defendendo as necesidades do transporte público nos concellos rurais, pero agora, se non se poñen liñas por parte da Xunta de Galicia, é responsabilidade dos veciños, das veciñas e dos concellos neste sentido.

Entón, creo que esta moción é necesaria e, ademais, responde á expectativa de moitas persoas que usan o transporte público e de moitas outras que necesitan do transporte público para poder desprazarse de forma sustentable economicamente, ao prezo ao que vai o gasóleo, pero tamén que lles permita desprazarse e elixir os seus itinerarios de formación e facer a súa vida.

Entón, creo que non se pode, coas evidencias e coas protestas, dicir que está funcionando razoablemente ben, nin que a Xunta de Galicia estea cumprindo coas súas obrigas. O que ten que facer é recoñecer que se equivocou na planificación e recoñecer que está facendo deixamento de funcións ao non exixir que se cumpran as condicións do prego, como a día de hoxe se está facendo.

Sr. Fernández Piñeiro

A verdade é que non sabería como empezar, sinceramente. Creo que está vostede tan afastado da realidade, vostede, como representante do seu grupo e o seu grupo, que entendo que o que está a dicir é en representación do seu grupo.

Empezando xa pola propia intervención. O seu comezo foi benvido o PSOE, benvido o Partido Socialista a Galicia, non que o Partido Socialista veña a Galicia a dar leccións de mobilidade. A ver, non sei se o confundiu o meu marcado acento madrileño, pero o Partido Socialista xa está en Galicia, chámase PSdG, chámase

PSdG, que nesta Corporación, non agora neste mandato, nin no anterior tamén, ou sexa, ao longo dos últimos 7 anos, aprobou e votou a favor de todas as iniciativas que reclamaban melloras para Galicia, de todas, e no transporte nomeadamente. Fixémolo no pasado Pleno cunha moción presentada polo seu grupo, acabámolo de facer co tren Alvia, etcétera, etcétera, etcétera, en todas. Convídoos a vostede a que me traia algunha onde non teñamos apoiado algunha proposta que fora de mellora para Galicia.

Desgraciadamente iso non é o que atopamos en fronte do seu grupo, porque non houbo nin unha soa reclamación que se realizase neste Pleno a través dunha moción ou iniciativa de calquera tipo que fora dirixida á Xunta de Galicia que vostedes votaran a favor, nin unha soa en 8 anos case. Non sei que a Xunta de Galicia fai todo ben, serán perfectos, porque, home, independentemente de que teñan un apoio importante da cidadanía e por tanto gobernan na Xunta de Galicia, digo eu, digo eu, que algunha vez se equivocarán, algunha vez farán algo mal, algunha vez non farán algo suficientemente ben, algunha vez non serán perfectos. Pero, non, xamais de xamais do grupo provincial nesta Corporación da Deputación Provincial da Coruña atopamos a máis mínima reclamación á Xunta de Galicia, chegando ao absurdo do que acabamos de escoitar nesta intervención.

E eu, mire, sinceramente, como non é cuestión que o diga eu, e parece mentira, vostede que é desa comarca, dun concello afectado, nunha comarca na que todos os concellos a excepción dun, que segue a mesma liña que vostede, que é Mugarzos, gobernado polo Partido Popular; todos os demais do Partido Socialista, do Bloque Nacionalista Galego, de Terra Galega, de distintos grupos políticos, todos os demais coincidimos nesta reclamación. Pero non coincidimos porque sexa unha cuestión política de ataque ao Partido Popular-Xunta de Galicia, senón porque é o que nos trasladan os usuarios e as usuarias. E voulle poñer un pequeno corte gravado nas estacións e nas paradas de autobús na liña Ferrol-A Coruña, audio: “Queda de venir a una hora, se retrasa media hora. No puedo decir, pues mira es que estoy a las 6, no te preocupes; no, no sé a qué hora voy a llegar. Sabes cuando sales pero no cuando vuelves. Se me va la vida esperando autobuses, esperando líneas y vete aquí, vete a allí. No dispones de tu día para nada”. “A mí me afecta mucho porque tuve a mi madre ingresada, con tumor; tuve a mi hermana que falleció el domingo, y ahora un día tuve que venir en un taxi porque a las 9 de la noche no vino, no vino, no vino, era de noche, estaba en la parada del bus en Coruña, tenía miedo, cogí y llamé un taxi”. “No sé a qué hora pasa de verdad. Pues tengo que estar tirando de mis amigos para que me lleven, me traigan, a veces voy a Ferrol, a veces voy A Coruña, que hago estudios...”.

Son algunhas declaracións tomadas a usuarios deste servizo en Pontedeume; en Fene, onde vostede foi alcalde; en Ferrol; na Coruña... E pódeme crer non lle pagamos para que digan iso. E son tomadas ao longo do tempo. Entón, postos xa a ser un pouco exixentes, eu propoñolle a vostede unha cousa, somos da mesma bisbarra: a semana que vén imos vostede e mais eu para a estación de autobuses e imos facer esa liña, e vai vostede a defender diante de todos os que vaian no autobús, falamos co condutor, se lle deixa levantarse un momento, e darlles a explicación que acaba de dar aquí e explicarlles o ben que funciona o servizo de transporte interurbano. E convídoos a vostede a facelo cos medios de comunicación

diante, convidamos os distintos xornalistas para que vexan cal é a súa explicación das bondades deste servizo que funciona tan ben e cal é a reacción de todas as persoas que van nese autobús.

Falaba vostede antes do IES Breamo, pero se no IES Breamo botaron unha hora tirados diante da porta; se houbo días, se houbo días que non pasou o autobús e que tirados nas paradas tiveron que vir os pais para organizarse. Pero é que é máis, voulle ler outra cousa, porque xa que estamos, mire, estes son informes, os que lle vou a ler a continuación, -teño que ter por aquí, déame un seguindiño-, estes son informes da Policía Local, da Policía Local, encargados, porque chamaban os veciños que estaban na parada cos seus fillos e non pasaba o autobús. Mire, este é do día 17 de marzo de 2021: “Siendo las 8.05 horas del día arriba reseñado, se personan los abajo firmantes en el lugar de Cuatro Caminos, parroquia de Boebre, en la carretera DP-4803 con la finalidad de comprobar la hora de paso del bus de la línea regular Miño-Pontedeume por esa parada, pudiéndose apreciar lo siguiente: según la información que le consta a esta policía, el bus debería realizar la parada en el lugar antes reseñado a las 8.16 horas. Se abandona el lugar a las 8.50 horas sin observar el paso por la parada de ningún autobús”. Voulle ler outra máis, porque teño moitas máis, non teño inconveniente en lerllas todas, do día 23 de marzo, poucos días despois: “Siendo las 8.05 horas del día arriba reseñado, se personan los agentes actuantes en el lugar de Cuatro Caminos, parroquia de Boebre –ben o mesmo conto que acabo de contar–. Según la información contrastada por esta policía, el bus debería haber realizado la parada a las 8.16 horas. Se abandona el lugar a las 8.55 horas sin observar el paso de la parada ningún autobús”. E isto non foi un día, nin dous, nin tres, foi decenas de días para chegar ao centro educativo e para volver do centro educativo. E non imos falar da liña Betanzos-Miño, porque iso xa é o colmo dos colmos desa liña integrada na que, como é integrada, non hai prazas suficientes, chega o autobús á parada, hai 10 alumnos e 5 quedan en terra porque non hai máis sitio no autobús. Esa é a gran xestión e ese é o gran servizo e ese gran prego que fixo a Xunta de Galicia.

E xa é o colmo dos colmos é que digan vostedes que claro, é que as empresas non lles trasladaron a información á Consellería. Claro, é que a Consellería está sentada así nun despachiño esperando a que lle veñan facer o prego. Como non ten capacidade de contratar unha empresa, que foi a que o redactou, para que poña xente nesas liñas e poida comprobar cales son as paradas reais, agora resulta que a culpa é da empresa saínte. Que casualidade! A culpa é de todo o mundo, dos concellos, das empresas de transporte, dos usuarios..., menos de quen ten a competencia, de quen adxudicou ese contrato e de quen fixo o prego, que, segundo vostede, funciona todo ás mil marabillas.

Iso por non falar de que este macrocontrato que vostede puntualizaba tan ben acabou con 80 empresas familiares galegas que se dedicaban ao transporte, varreunas do mapa todas, creando un monopolio en mans dunha empresa concreta.

Ben, pois iso tamén é importante dicilo. Vostedes, representantes e valedores e defensores moitas veces do emprego e da empresa galega, pois tamén deixalo en constancia, pero tamén está ben. Tamén entendo que vostede comparta que cargarse dun saque 80 empresas familiares que se dedicaban ao transporte e que traballaban

nestas liñas será tamén positivo para a economía galega e seguramente para a xeración de emprego, seguramente que si, porque, postos a escoitar unha defensa a morte sen ningún tipo de argumento que teña un pouco de validez e de sustento, pois un xa se pode permitir calquera cousa.

Repito e remato como empecei: convidoo a vostede e a calquera do seu grupo a vir comigo a semana que vén nese transporte e facemos varias liñas cos medios de comunicación, e o que si, nada máis entrar na estación de autobuses, prégolle a vostede ou a quen vaia en representación do seu grupo, que faga ese discurso que acaba de facer vostede e que explique o ben que funciona o servizo a todos os usuarios e usuarias. Eu farei o meu e veremos que opinan eles.

Nada máis e moitas grazas.

Sr. Galego Feal

Moi ben, pois faga vostede así pero, como xa vexo que vostede se converte en notario da mobilidade, o que pode facer é poñerlle a gravación deste Pleno e lévalla alí ao autobús, non teño inconveniente ningún, pero para nada, en absoluto.

Pero vostede sabe que..., por non dicir... Mire, non lle vou rebater quizais o que si que moitas empresas pequenas non puideron acceder a ese prego, iso non lle vou rebater porque é verdade. Agora, que todas esas queixas que vostede me pon aí do día 21 de marzo do ano 2021 ou algo así, vostede sabe que desde aquela e, sobre todo desde o 14 de xaneiro deste ano, despois de moitas reunións, tanto con ANPAS, ás que eu asistín, tanto con ANPAS, como con usuarios, como con colectivos, todos eses supostos foron solucionados e o que pode quedar agora poden ser cuestións moi puntuais, moi puntuais.

Vostede sabe que había queixas de Ferrol, había sobre 30 queixas sobre servizos da Coruña-Ferrol, ás 22.00 horas; 13 queixas Ferrol-Mugardos-Ares tamén polo servizo das 14.00 ás 14.30; 3 queixas do IES de Bremao por atrasos nos servizos; había queixas de Ares que foi quizais dos que máis contribuíron a solucionar eses temas puntuais; di que non había queixas de Mugardos, 3 queixas do Concello de Mugardos; e tamén as queixas do Concello de Pontedeume.

Eu, fíxese vostede que non ía usar isto, pero púxomo vostede en bandexa, porque precisamente sabe que cando se foi por parte do seu Concello a reclamar á Xunta de Galicia e atendeuse esa reclamación, e non foi vostede, pero sabe que o tenente de alcalde ou un concelleiro do seu Concello remitiu unha carta ao director xeral de Mobilidade e di: "desde o Concello de Pontedeume valoramos moi positivamente a proposta final de reordenación da necesidade de mobilidade con aumento do 11 % no número de expedicións, sendo un 35% directas. Así mesmo, agradecemos que se tivesen en conta as reclamacións efectuadas desde este Concello, ben de xeito individual, ben de xeito colectivo, cos concellos veciños tamén afectados polo deficiente funcionamento do sistema de transporte que afectaba fundamentalmente ao alumnado do IES de Bremao e outros pasaxeiros de liñas regulares". Xa que vostede pon o telefonillo, eu tamén lle leo a súa carta. Non era súa perdón, era do señor Simoes.

E dito o dito pois, mire, comprenderá que, despois de todo isto que me diga vostede que existen eses problemas, ben; e que me vai contar agora da Lei de mobilidade do Goberno central? Cómeme algo porque, en fin, suprimense no que é a Galicia rural, suprimense na provincia de Lugo as liñas da Pontenova, Meira, Guitiriz, O Corgo, Baralla, As Nogais, Pedrafita, Palas de Rei, Monterroso, Chantada, Quiroga; na provincia de Ourense: Ribadavia, Allariz, Trasmiras, Riós, A Mezquita; provincia de Pontevedra: Silleda, Lalín, Forcarei, O Porriño e Tui; e na provincia da Coruña: Arzúa e Melide. Que vai facer vostede para que non se supriman estas liñas? Porque o mesmo que está reclamando, supoño que xustamente, segundo vostede, todas esas reclamacións dos usuarios, que eu as respecto, por suposto, porque sei que existen, dígame vostede que lles vai contar vostede agora a estes usuarios de todas estas localidades digamos que terra dentro. A min gustaríame sabelo, gustaríame sabelo e que faga vostede unha defensa tan cerrada como a que estivo facendo ata agora precisamente desa supresión, e vaia vostede a explicarllo alí.

Por tanto, eu creo que leccións, as mínimas, e por tanto creo que o que debería tomar é un pouquiño de nota e, a través do PSdeG, xa que di que vostede é PSdeG, pois entón o PSdeG a min gustaríame que presionara un pouquiño máis o Goberno central, por ser PSdeG, para que non se supriman esas liñas e ao mesmo tempo que solucione problemas como a imposibilidade de acceder aos fondos Next Generation, como estaba dicindo o alcalde de Oleiros, precisamente a todos aqueles concellos de menos de 50.000 habitantes, e que podería facilitar moito a mobilidade dentro da Galicia interior; que mire ben este tema da mobilidade sostible, porque nesa Lei de mobilidade sostible o ferrocarril unicamente está baseado en criterios económicos e non en criterios sociais, se non é rendible, non hai tren, iso dino vostedes, eh. Por outro lado, o mapa concesional de autobuses estatal, míreo tamén; a falta de investimentos na modernización da rede viaria sabemos que votou a favor; a gratuidade dos trens de media distancia, porque a nosoutros comparativamente e cualitativamente véñennos bastante mal porque non somos as proximidades que teñen que ser, como xa lle explicaron; e tamén desde logo o incumprimento dos prazos da chegada do tren Avril.

Entón iso, así como ao que se lle une o bloqueo das autovías, o colapso do viaduto da A-6 e a desatención do corredor Atlántico, pois digamos que fan unha tormenta perfecta, que esperemos que para esa tormenta perfecta nos ampare o paraugas do PSdeG.

Moitas grazas.

Sr. Fernández Piñeiro

Ben, empezando polo final, que me conta da Lei de mobilidade? Pois o que conta a Lei de mobilidade xa o contei hai dous plenos cando votamos a favor dunha moción que exixía melloras e que exixía rectificación a ese respecto. Non sei se é que vostede non estaba atento ou estaba noutro sitio, pero, dende logo, foi o que se aprobou neste Pleno.

Sobre o da carta, é vostede moi previsible, home, e a min alégrame que a

sacara porque esa carta está manipulada, manipulouna a señora conselleira no Pleno do Parlamento e acábaa de manipular vostede tamén. Coidado cunha salvidade, vostede, que é deputado e concelleiro dun concello, ten nas súas mans unha carta oficial remitida por un alcalde a un conselleira, algo que vostede non podería ter, porque iso incumpre a lei. Hai unha lei que regula a protección de datos e de comunicacións oficiais de administracións e vostede, que é representante do Partido Popular, non pode ter unha carta que un alcalde remite a un conselleiro, que é unha carta privada entre administracións. Perdóeme, si, si, pero de todos os modos como o vou poñer en coñecemento a quen corresponda, non se preocupe.

Dito o cal, sería bo, sobre todo porque os cidadáns ao final teñen que sentirse protexidos cando o seu alcalde remita unha carta a calquera representante doutra Administración pública, de que o Partido Popular non se faga con elas, iso sería importante. Pero vou continuar. Non pero se iso é o de menos, o máis importante é a manipulación que fixeron eles da carta e da carta que lle pasan a vostede porque vostede omite, xustamente vostede leu os dous primeiros parágrafos que son os máis pequenos. Rógolle que me atenda porque é importante, pero o último parágrafo non o leu vostede, que foi o mesmo que fixo a señora conselleira no Parlamento. Entón, como eu xa sabía que a ía traer, porque home non me chupo o dedo, xa trouxen tamén eu a carta, pero a miña vén enteira, a miña vén enteira, non como a súa, e vou ler a parte que vostede non leu, e a parte que vostede non leu di: “Máis despois de revisar a súa proposta, botamos en falta, tal como falamos na reunión mantida na Xefatura Territorial de Mobilidade da Coruña entre os concellos de Pontedeume, Cabanas, A Capela, Miño e Monfero, unha aposta polo incremento de servizos que afectan ao rural, xa que non percibimos no texto ningún cambio ou incremento de frecuencias na liña Monfero-Pontedeume, Pontedeume-Monfero, tal como solicitamos deste Concello, tanto na moción presentada e aprobada no Pleno de outubro remitida á Consellería de Mobilidade, como no escrito remitido á Xefatura Territorial da Coruña. Así mesmo, na liña que transcorre polas parroquias eumesas de Boebre e Centroña, parroquias moi concorridas sobre todo nas épocas vacacionais polas súas praias, tampouco contan con melloras; contan actualmente tan só con dúas frecuencias diarias, ademais da xa implementada a petición dos usuarios do IES Breame e por este Concello o pasado curso escolar para dar servizo os martes pola tarde ao alumnado do dito centro”. Esta é a parte que vostede non leu da carta, e é unha parte na que se recoñece e na que se reclama á Xunta melloras noutras partes doutras liñas, porque non é unha liña soa, e desgraciadamente isto que se agradecía nesta carta á semana seguinte non o cumpriu a Xunta de Galicia, porque esta carta o que viña agradecer era un escrito da Xunta de Galicia onde dicía que se atendían unha serie de demandas que tiñamos trasladadas os concellos e que á semana seguinte xa non se cumpriron, e a día de hoxe seguen sen cumprirse. Polo tanto, esa carta partía dunha boa vontade de agradecer algo que chegaba por escrito ao que despois non se deu cumprimento, pero a maiores diso vén un parágrafo bastante importante solicitando melloras e dicindo que é insuficiente, o que vostede non leu. Por tanto pregaríalle xa que ten as miñas cartas que, polo menos, faga o favor de delas integramente, non só a parte que lle interesa, porque da señora Ethel Vázquez xa sei da súa capacidade para manipular, pero de vostede esperaba algo máis de responsabilidade e seriedade a ese respecto.

Sinceramente, a súa postura é contraria ao que din todos os usuarios e

usuarias deste servizo. Polo tanto, por min pódese manter vostede dicindo que isto é unha marabilla pero, repito, veña vostede comigo a visitar esa liña, facemos esa liña Ferrol-A Coruña e todas as que vostede considere oportuno e vamos preguntar a esa xente a ver que lles parece. Vostede redúceo todo, quedan en cuestións puntuais. Non, é que segue habendo moitos problemas, é que segue habendo autobuses que teñen unha idade que xa practicamente están inservibles para o transporte, xa van varias veces nas que se abren as portas en plena autopista e teñen que vir desde A Coruña ata Ferrol coas portas abertas, e non foi nin unha nin dúas nin tres, foron varias, e iso pasou en liñas regulares tamén e en conexións entre parroquias.

Por tanto, entérense vostedes un pouco de cal é a realidade, aínda que entendo que non lles interesa nin o máis mínimo, nin o máis mínimo, e despois veñen aquí vostedes a dar leccións sobre o transporte. E todo aquilo que citou vostede dende os Alvia, os trens, esa normativa estatal para os autobuses, todo iso este partido, este grupo, este Goberno, xa o apoiou, a diferenza do que vostedes non fan, porque vostedes non defenden os intereses xerais, vostedes defenden ante todo os intereses do Partido Popular. Nada máis, nada máis. A iso estamos moi acostumados aquí a velos reclamando a aquelas organizacións, a aquelas institucións onde non están vostedes, pero non facendo o mesmo nas que gobernan cando se equivocan, porque se equivocan como os demais; xa non digo que fagan as cousas mal a propósito, que espero que non, pero dende logo equivócanse, e moitas veces, como o resto, como me equivoco eu como alcalde e como se equivocaría vostede e todos os que estamos aquí sentados, que non somos perfectos. Por tanto, un pouquiño máis de humildade en canto á xestión que facemos as administracións e como mínimo os pés na terra para ter un pouquiño máis de realidade cando un argumenta e non facer o ridículo da forma en que o facemos ás veces intentando defender o que é indefendible.

Nada máis, moitas grazas.

Sr. Galego Feal

Só simplemente polo tema da carta, que non vou entrar xa no contido da moción e pasamos á votación, pero eu non teño a carta. A min esa carta vénme precisamente dun argumentario dunha moción do Concello de Pontedeume. Entón, grazas por recordarme a protección de dereitos. Comprenda que levo exercendo a avogacía máis de 30 anos *y esa ley me la sé*. Entón, non me vén, eu non teño esa carta.

E por outro lado, xa que se posicionou en contra de toda esa retahíla de ameazas que nos veñen encima e que se posiciona como PSdeG, pois espero que o paraugas lle resista bastante. Nada máis.

VOTACIÓN

Votan a favor: 17 deputados/as (11 do PSOE, 4 do BNG, 1 de Marea Atlántica e 1 de Alternativa dos Veciños)

Votan en contra: 10 deputados/as (PP)
Abstéñense: 2 deputados (PP)

O Pleno aproba a seguinte moción:

"Moción que presentan os grupos provinciais do PSdeG-PSOE e BNG en defensa de melloras na prestación do servizo de transporte interurbano"

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o mes de xaneiro do 2021, co cambio da empresa prestataria do servizo de transporte interurbano de viaxeiros que cubre as liñas das comarcas coruñesas, os concellos da provincia están a recibir innumerables queixas por parte da veciñanza en canto ao incumprimento dos horarios ou/e a supresión de paradas sen previo aviso.

Son numerosas as queixas, ao longo de todo o territorio galego, de usuarios e usuarias, así como de colectivos e concellos no relativo ao funcionamento do servizo público de transporte por estrada: atrasos e reducións de frecuencias horarias, supresión de servizos sen previo aviso, falla de publicidade de horarios, falta de prazas nos autobuses, anuncios de melloras incumpridos.

Ante esta situación, a maioría dos concellos póñense en contacto coa Consellería de Mobilidade, co fin de reclamar o cumprimento das condicións marcadas polo prego de licitación deste servizo de transporte; asegurando a Consellería que se trataba de axustes no comezo da prestación do servizo, e que se irían solventando nos seguintes días, unha promesa incumplida en reiteradas ocasións.

O longo do último ano estamos a ler continuamente na prensa que esta situación non afecta só a un concello concreto, se non aos diversos municipios da provincia. Descoñecemos a causa da deficiente prestación deste servizo, non sabendo se o prego de contratación foi redactado de xeito incorrecto, non adaptándose á realidade, ou se ben é a empresa prestataria a que está a incumplir ese contrato. De todos xeitos e en última instancia é a Consellería, neste caso a Dirección Xeral de Mobilidade, quen ten a competencia por ser a prestataria deste servizo e a responsabilidade de garantir o correcto cumprimento do mesmo. De aí que sexa a esta administración a quen lle esixamos o restablecemento das liñas e frecuencias anteriores ao comezo deste novo contrato.

O pasado 30 de decembro, fíxose chegar a algúns concellos o resultado dun estudo/auditoría externa onde se nos presentaban os datos da demanda "real", e a súa adaptación para satisfacer as necesidades dos usuarios, co irrisorio prazo dun día hábil para que poideran presentar calquera alegación.

Xa non só polas liñas regulares dun transporte interurbano ao que os concellos fan unha achega económica e que deixan sen servizo a centos de usuarios, senón polas liñas integradas dos centros escolares e a gravísima situación que supón deixar aos menores só nas paradas e sen servizo de transporte escolar, como así nos consta que ten acontecido.

O transporte público é fundamental en todas as bisbarras para unir municipios e dar acceso a servizos básicos á cidadanía que non dispón de vehículo propio, tales como acudir ao médico, á compra, etc. É ademais un medio de transporte que debemos de

poñer en valor co obxectivo de reducir considerablemente as emisións contaminantes que poñen en perigo a nosa saúde e o ecosistema, así como o camiño a seguir para evitar aglomeracións de vehículos nas vilas e cidades, cumprindo deste xeito cos obxectivos de desenvolvemento sostible da axenda 2030 que están a implantarse dende os concellos.

Polo exposto, debemos esixir o cumprimento dos horarios tal e como se estaba a facer hai un ano pola anterior concesionaria; a reposición das liñas e paradas que foron eliminadas e que son obxecto de reclamación por parte dos usuarios.

Debemos esixir tamén que esta mala xestión do servizo non sexa a excusa para recortar unha vez máis os servizos públicos.

Así mesmo, coa implantación das liñas integradas no servizo de transporte que empregan alumnado e pasaxeiros non estudantes, estase a esixir o pago ao alumnado de bacharelato dos viaxes realizados para acudir ao seu centro escolar. Entendemos que o acceso a educación das/dos menores, e o alumnado de bacharelato debe ser gratuíto e non se lle deben por trabas económicas que condicionen a posibilidade de continuar cos seus estudos.

En consecuencia, ante esta caótica e lamentable situación, o pasado 14 de xaneiro gran parte dos concellos afectados mantiveron unha xuntanza co obxectivo de facer unha petición común de resolución inmediata deste conflito.

Polo exposto, os Grupo Provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG propoñen a adopción do seguinte acordo:

O Pleno da Deputación da Coruña insta á Xunta de Galicia a:

1. Adoptar as medidas necesarias e de xeito urxente para acadar o correcto cumprimento do servizo de transporte interurbano, tal e como establece o contrato licitado pola Consellería de Infraestruturas e Mobilidade .
2. Repoñer as paradas e liñas suprimidas, e o aumento de frecuencias que favorezan e incentiven o uso deste transporte público.
3. Implantar a gratuidade do uso por parte de todo o alumnado dos Institutos de Ensinanza Secundaria e Bacharelato na ruta de traslado do seu domicilio ao centro escolar independentemente do seu lugar de residencia, por tratarse de menores de idade que ven mermados os seus dereitos de protección e non discriminación tal como establece a Convención dos Dereitos da infancia ratificada polo Goberno de España.
4. Corrixir os pregos de contratación, realizando os cambios precisos de maneira que se de aunha resposta axeitada e eficiente ás necesidades da cidadanía."

ROGOS E PREGUNTAS.

Sr. García Seoane

Teño dous rogos. Un deles, lamentablemente, comentaba xa vostede antes a situación; é a segunda vez que hai unha sentenza sobre un tema dunha actuación provincial que se perde. Eu comentei en máis dunha ocasión que estabamos facendo mal, que xa na primeira sentenza se cometeran erros de non solicitar os permisos que había que facer antes para tramitar e volvéronse a cometer nesta segunda vía. Cando os xuíces din que non procede porque non hai proxecto é que non hai proxecto; e como non hai proxecto despois de 10 anos ou 15 anos que se leva con este tema?, ten que haber un proxecto e eu dixen, e eu son experto niso, modestia á parte, eu entrei nun pazo, está en Arillo para velo, que deixei a muralla por fóra e entrei por dentro, e por tanto fixen a senda para que os cidadáns pasaran seguros sen ningún tipo de problema. Quedou a muralla por fóra, eu non lle toquei á muralla e expropieei por dentro porque iso mo permite a lei facelo, e iso é o que fixen eu nese caso e teño moitos outros.

Por tanto, eu entendo que non facía, e díxeno no seu momento, que non facía falta ningunha entrar na finca para facer o proxecto de expropiación, porque o muro de fóra, de ladrillo asqueroso e de bloques, que non é de pedra, está a esta altura e vese o que hai, e excepto que o técnico teña 1,50, se ten 1,80 xa ve todo o que hai por dentro da finca. E hai unha parede miserable que se valora desde fóra, márcase un ancho do que se vai a facer, falan de catro pedras tamén aguantando unha planta, que tampouco ten valor ningún porque non é de pedra, que tamén é de cemento, e todo iso vese desde fóra. Por tanto, ninguén lle quitou á Deputación de facer un proxecto nin llo quitan, e eu creo que vai sendo hora de que se faga ese proxecto e que se fagan as cousas ben para anchar ese punto negro; o punto negro, como vostede dixo, o máis importante que hai hoxe na provincia da Coruña, estou seguro, porque se pasa un camiión non pasa ninguén máis. E estamos falando do centro de Guísamo, non estamos falando dos Antípodas, estamos falando do centro de Guísamo. E por tanto é prioritario, e que se deixe, algún técnico que cometeu erros, que se deixe de cometer erros e que faga as cousas como é debido. Que se faga o proxecto, que se pida o informe de Patrimonio e que se vaia á expropiación sen máis, porque se pode facer. E logo que saia o sol por Antequera, xa sabemos que este é un franquista, o dono da finca, parente dos Franco e con influencias aquí, alá e onde lle cadra, pero demostramos que a democracia está por encima dos franquistas e que sabemos facer as cousas ben para que os veciños se sirvan desas infraestruturas tan necesarias para o desenvolvemento da vida nos pobos, e sacar un perigo tan grande como hai aí nesa zona. Ese é un rogo que, por favor, que fagan ben o proxecto e a toda présa, sen demoras.

E o outro rogo está relacionado, é solicitarlle á súa persoa que faga algunha xestión en Madrid co tema da Terraza de Sada. A Terraza de Sada é un símbolo tremendo para os sadenses, é un edificio emblemático fermosísimo que cae e o dono foi dono ata que hai 2 anos deixou de selo, porque eran 100 anos de concesión e as leis do Estado están claras na zona de costas, hai unha concesión, aos 100 anos deixou de ter concesión e todo o que está encima da concesión pasa ao patrimonio do Estado. Está declarado encima como BIC, incluso se podería, aínda sendo particular,

que non é, podía restaurar ese edificio e, se non se restaura, eu doulle como moito 2 anos. Hai que ir alí a velo puntualmente para ver que onde están os cravos se va *todo al carajo*. Por tanto, sería unha pena perder un patrimonio tan importante para todos, pero especialmente para os sadenses; e eu creo que desde o Goberno da nación se pode facer algo nese aspecto e pídlle a vostede que por favor faga algunha xestión nese tema.

Sr. Presidente

Respecto ao segundo punto, recollo o guante, que me parece unha boa achega, imprescindible, porque é un edificio querido non só polos sadenses, senón por todos os veciños e veciñas da provincia que percorremos habitualmente aquel paseo e recordamos ademais sempre a terraza de Sada.

E, respecto ao primeiro punto, primeiro rogo, simplemente dicir que esa indignación que tes, a comparto plenamente. É dicir, a verdade é que eu estou sentindo unha indefensión e unha impotencia absoluta cando eu recordo o drama de abrir un periódico ao día seguinte e ver que unha persoa que cruzaba por alí foi atropelada e perdeu a vida, e vai volver ocorrer, porque vai volver a ocorrer. Non sei o que tardará, se un día, será hoxe, dentro de 3 días ou 6 meses. E ningún dos que están aquí evidentemente somos responsables. É dicir, aquí a cuestión habitual de execución dunha obra soe ser a falta de recursos; non é o caso, foi aprobada aquí por unanimidade. Ti persistes na tramitación, eu persisto na tramitación. É certo que para facer o proxecto o normal nesta casa e en calquera casa sería, faise unha topografía, é certo, e por tanto segue sendo inconcibible a sentenza para min.

Nós ordenamos á Asesoría Xurídica ir en casación ao Supremo, pase o que pase, pase o que pase. Eu creo que estamos a defender un valor que está por riba dun muro, aínda que sexa de pedra, aínda que sexa de mármore de Carrara; é dicir, por riba dunha vida non hai nada, e por tanto ese punto negro que está recoñecido así polo propio Servizo de Vías e Obras e pola realidade dos feitos, evidentemente non imos desistir no empeño de facer o que temos que facer, e que cada un se ate os machos. Cando volva haber un sinistro aí, aquel técnico que considera tan esencial e elemental para o patrimonio histórico da humanidade un muro en Guísamo, terá que responder ante a historia de que perdamos vidas naquel punto. Así de cru o digo, e así de duro o digo. Todo aquel que firme en contra co seu informe de que se retire ese muro, se amplíe a vía e se aumente a seguridade viaria terá que responder ante a historia. E cando vaiamos ao tanatorio para darlle o pésame á familia diremos quen son os responsables dese feito, porque vai volver a ocorrer. Por tanto, aviso a navegantes, aviso a navegantes; non imos parar na tramitación, nin xudicialmente nin administrativamente. A orde está dada aos servizos de que redacten o proxecto sexa como sexa e, sobre todo, que inicien o procedemento expropiatorio e despois haberá que pedir os informes sectoriais, e aí é onde veremos reflectida a responsabilidade de todos aqueles que firmen eses informes, porque para nós, como digo, aínda que fora o carballo único no mundo, o último carballo do mundo, nunca está por riba da vida das persoas.

Algún rogo máis?

Sr. Ben Otero

Una pregunta, Presidente, más bien igual es dirigida a la Secretaría, que nos confirmen si es normal o si se puede utilizar, desde la ignorancia, eh, grabaciones que nada tienen que ver con el Pleno en el transcurso de los mismos. Entonces para el próximo Pleno nos gustaría saberlo porque vamos a hacer de esto una práctica habitual, pero vamos a hacerlo todos, no solo uno. Gracias.

Sr. Presidente

Na etapa dos medios audiovisuais e do metaverso todo se pode utilizar pero con sentidoño.

Bueno, non sei se o concelleiro de Dodro quere rematar...

Agradécese, que pasedes un feliz verán todos.

Non tendo máis asuntos que tratar, a presidencia dá por rematada a sesión ás 15:07 horas.